



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 20 de decembro de 2019

Información e actas

1. Aprobación das actas das sesións plenarias anteriores: extraordinaria número 13/2019 de 21 de novembro e ordinaria número 14/2019 de 2 de decembro.

2. Dación de conta das resolucións da presidencia dende o 23 de novembro de 2019 ao 13 de decembro de 2019.

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades e Gala do Libro Galego 2019.

4. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación cultural anual 2019.

5. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2019.

6. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2019.

7. Aprobación da concesión de subvención nominativa a A C Correlingua para financiar o Correlingua 2019 na provincia da Coruña, O galego é a fórmula

Comisión de Deporte e Mocidade

8. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club SILVA S.D. polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do desenvolvemento da actividade deportiva do clube en todas as súas categorías durante o ano 2017.

9. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Deportiva Compostela, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos de equipos de fútbol base e de 3ª división de honra, durante o ano 2017.

Comisión de Benestar Social e Educación

[10. Aprobación do Regulamento de funcionamento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación da Coruña](#)

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

[11. Aprobación da concesión de subvención nominativa entre a Deputación e o Concello de Mesia para o financiamento das actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga](#)

[12. Aprobación da subvención nominativa entre a Deputación e o Concello de Oleiros para financiar a Feira de Olería tradicional "Alfaroleiros"](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

[13. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Arteixo para levar a cabo os proxectos relativos ao proxecto construtivo da rede ciclista da área metropolitana da Coruña no concello de Arteixo Fase 1.](#)

[14. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o concello de Padrón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "proxecto de arranxo na Escola do Couto"](#)

[15. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto básico e de execución do "Mercado Cultural" \(reestructuración para centro cultural da planta alta do Mercado Municipal de Fisterra\)](#)

[16. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación Meniños para a cesión de uso dun local no edificio A Milagrosa.](#)

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

[17. Aprobación inicial do Plan de Travesías, terceira fase](#)

[18. Aprobación do Plan de Conservación en vías provinciais, quinta fase](#)

[19. Aprobación da ratificación da Resolucion de Presidencia número 43202 de 29/11/2019 pola que se rectifica erro material na adjudicación das obras contidas no proxecto modificado nº1 do de DP 2502 Actualización proxecto de ampliación e mellora do trazado na DP 2502 Valdoviño a Cerdido PQ 3+000 ao 5+600 \(Valdoviño\) 2016.1110.0010.1](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

[20. Aprobación da segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial](#)

21. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Reforma de camiños de Igrexa e Franzomil" do Concello de Boimorto, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/ 2019 co código 2019.2001.0429.0

22. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora viais parroquia de Santo Estevo de Paleo", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0137.0

23. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de rúas en núcleo de Corme Porto (entorno rúa Sol) e outro", do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0353.0 e aprobación definitiva da obra

24. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Nova sala de convivencia na miniresidencia de Boimorto" do Concello de Boimorto, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.2100.0003.0

25. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación da Casa Avelino, 1ª fase", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0318.0, e aprobación definitiva do investimento

26. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación da Casa Avelino para dependencias administrativas, fase 2", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0423.0, e aprobación definitiva do investimento

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

27. Aprobación da desestimación do recurso de reposición interposto por Dona Natividad Sánchez García.

28. Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Ortigueira (IVTM, recollida de lixo, entrada de vehículos e aproveitamentos especiais).

29. Aprobación dos estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios do exercicio 2018.

30. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de novembro de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraintencidos e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de novembro de 2019.

31. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a outubro de 2019 e proxección a 31/12/2019.

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o persoamento da Deputación da Coruña na causa pola recuperación para a cidadanía do Pazo de Meirás

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para instar o presidente do Goberno en funcións a que non alcance acordo algún que vulnere o establecido na nosa Carta Magna e o resto do ordenamento xurídico español e que poida provocar efectos negativos para Galicia e a provincia da Coruña.

Moción dos Grupos Provinciais de PSdG-PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños sobre a problemática da emigración baixo o título "non emigramos, expúlsannos".

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 20 de decembro de 2019.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 20 de decembro de 2019, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don Jose Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

A Sra. Castro Sánchez incorpórase unha vez iniciada a sesión, no punto 27.

Actúa como secretario: Don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación

Está presente o viceinterventor, don José María Pérez Alvarinho.

Aberto o acto ás 12:06 horas, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- Aprobación das actas das sesións plenarias anteriores: extraordinaria número 13/2019 de 21 de novembro e ordinaria número 14/2019 de 2 de decembro.

Apróbanse por unanimidade as actas das sesións plenarias anteriores: extraordinaria número 13/2019 de 21 de novembro e ordinaria número 14/2019 de 2 de decembro.

2.- Dación de conta das resolucións da presidencia dende o 23 de novembro de 2019 ao 13 de decembro de 2019.

Dase conta ao Pleno das resolucións da presidencia dende o 23 de novembro de 2019 ao 13 de decembro de 2019.

3.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades e Gala do Libro Galego 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“ 1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para financiar a *Programación de actividades e a Gala do Libro Galego 2019*, por importe de **38.000 €**, cun orzamento subvencionado de **58.235,22 €** de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 27 de novembro de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento”.

“Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para financiar o *Programa de actividades e Gala do Libro Galego 2019*

Na Coruña, a

REÚNENSE

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a -----en representación da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

Actuando no exercicio dos seus repectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

Así mesmo, a Deputación ven desenvolvendo un amplo programa de actuacións orientado á utilización das novas tecnoloxías como medio privilexiado de comunicación e á difusión de información relevante para a cidadanía.

2.- A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) foi fundada no ano 1980 e, na actualidade representa os intereses dun total de 465 escritoras e escritores.

A AELG traballa de cara á promoción dos autores, á súa visibilidade pública ao fomento da súa interconexión e intercambio de ideas, proporcionando foros para o debate.

3.- A AELG conta cun portal web que é todo un referente de consulta para as persoas asociadas e para o conxunto da sociedade; neste portal inclúese o *Centro de Documentación de Escritores en Lingua Galega*, que foi posto en marcha coa colaboración desta Deputación.

4.- A AELG, a través da Sección de Literatura de Tradición Oral, mantén o proxecto *Mestras/es da Memoria*; desenvolve actividades de formación na *Escola de Escritoras/es, Xornadas de Literatura Dramática* e xornadas de encontro abertas ao público en xeral; conta, cunha *Axenda cultural*, que permite acceder ás novas relativas ao sector; e mantén un servizo de información sobre a actualidade do sistema literario a través das redes sociais.

5.- A AELG celebra unha serie de citas anuais: o Día de Rosalía; a homenaxe "*O escritor na súa terra*", adicada a un autor veterano das nosas letras.

Neste ano organiza a Gala do Libro Galego, que foi creada en 2016, polas 3 principais entidades asociativas do mundo do libro en Galicia, a Federación Libreros de Galicia (FLG), a Asociación Galega de Editoriais (AGE) e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Rotando a coordinación do evento entre cada unha das entidades e correspondendo a xestión deste ano 2019 á AELG.

6.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación de Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**, con CIF: G15039936, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades e Gala do Libro Galego 2019**, que se indica deseguido:

1.- Posta en valor da literatura clásica e de tradición oral e literatura:

Día de Rosalía de Castro 2019.
Homenaxe "A Escritora na súa Terra-Letra E".
Proxecto Mestras/es da Memoria.
Gala do Libro Galego 2019.

2.- Difusión da actualidade do sistema literario e dos contidos da web da AELG:

Servizo de difusión dos contidos das web da AELG a través de twitter.
Servizo de difusión sobre a actualidade do sistema literario: Axenda Cultural e redes sociais.

3.- Actividades de formación:

Escola de Escritoras/es da AELG. Obradoiro de Creación Literaria na provincia.
IV Xornadas de Literatura Dramática.

4.- Servizos xerais:

Mantemento de infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo de software da web da AELG e da aplicación de socios-as.
Asesoría laboral contábel e fiscal.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

1.- Posta en valor da literatura clásica e actual:

Día de Rosalía de Castro

Desprazamento presidencia e secretaría	82,10 €
Traballos realizados por outras empresas	2.222,10 €
Soldos, salarios e S.S 1 persoa	470,00 €
Subtotal	2.774,20 €

Homenaxe "A Escritora na súa Terra –Letra E"

Xantar Letra E	1.649,84 €
Traballos realizados por outras empresas (Deseño e maquetación, impresión polípticos, árbore homenaxe, reportaxe vídeo e fotográfico, envío polípticos)	2.061,48 €
Servizos especialistas (elaboración e lectura da laudatio letra E)	200,00 €
Adaptación e subida á web contidos videográficos e fotográficos	538,00 €
Soldos, salarios e seguridade social 2 persoas	4.390,00 €
Subtotal	8.839,32 €

Proxecto Mestras/es da Memoria

Entrevista a Pablo Quintana	
Soldos, salarios e S.S. 1 persoa	470,00 €
Servizos Especialistas (Coordinación, guiión edición vídeo)	430,00 €
Desprazamento coordinador	40,00 €
Gravación vídeo, catalogación e transcripción contidos	2.900,00 €

Entrevista a Dorothe Schubarth	
Soldos, salarios e S.S. 1 persoa	470,00 €
Servizos Especialistas (Coordinación, guiión edición vídeo)	430,00 €
Desprazamento coordinador	40,00 €
Gravación vídeo, catalogación e transcripción contidos	2.900,00 €

Subtotal **7.680,00 €**

Gala do Libro Galego 2019

Honorarios xurado	2.400,00 €
Envíos libros e convites	435,00 €
Vídeo, fotografía e proxección da Gala	3.083,08 €
Presentación da Gala	600,00 €
Soldos, salarios e S.S. 1 persoa	1.481,92 €

Subtotal **8.000,00 €**

2.- Difusión da actualidade do sistema literario e dos contidos da web da AELG:

Servizo de difusión dos contidos da web da AELG a través de Twitter.

Traballos realizados por outras empresas (Dinamización dos contidos da web)	2.178,00 €
---	------------

Subtotal **2.178,00 €**

Servizo de información sobre a actualidade do sistema literario: Axenda Cultural da AELG e redes sociais

Traballos realizados por outras empresas (Axenda Cultural da AELG e redes sociais)	7.260,00 €
--	------------

Subtotal **7.260,00 €**

3.- Actividades de formación:

Escola de Escritoras e Escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria na provincia da Coruña

Soldos, salarios e S.S. 1 persoa	820,00 €
Escritor/a convidado/a	150,00 €
Impartición obradoiro creación literaria	1.000,00 €
Subtotal	1.970,00 €

IV Xornadas de Literatura Dramática

Aloxamentos, desprazamentos e manutención	594,68 €
Deseño e maquetación cartel, gravación e subida vídeo	1.493,72 €
Telefonía, internet	204,42 €
Soldos, salarios e S.S. 2 persoas	2.580,00 €
Honorarios clase maxistral	329,00 €
Coordinación xeral, conferencias, moderación mesas redondas)	1.540,00 €
Lecturas dramatizadas	1.200,00 €
Homologación certificados en Consellería Educación	242,00 €
Subtotal	8.183,82 €

4.- Servizos xerais:

Mantemento de Infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo do software da web

da AELG e da aplicación de Socios-as

HelpDesk Avanzado. Soporte anual de usuario, backup, almacenamento e verificación mensual de compresión/restauración, monitorización, hosting	6.800,20 €
Subtotal	6.800,20 €

Asesoría laboral, contábel e fiscal	Subtotal	4.549,68 €
--	-----------------	-------------------

TOTAL **58.235,22 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **38.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 65,253 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,253 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a AELG obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á AELG.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza á AELG para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a AELG deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da AELG.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á AELG unha vez que se presente de xeito **telemático** a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da AELG, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades obxecto deste convenio, realizadas durante o ano 2019 .

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2019, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a AELG deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á AELG para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á AELG da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AELG na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a AELG terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A AELG deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A AELG destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a AELG deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AELG poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AELG queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AELG serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á AELG será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da AELG, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poiran xurdir na aplicación do presente convenio

corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación cultural anual 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **91.245,6 €**, ao Concello da Coruña para financiar a *Programación cultural anual 2019*, cun orzamento subvencionado de **114.057,00 €**, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de novembro de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento”.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar a *Programación de actividades culturais no ano 2019*.

Na Coruña, a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación do Concello da Coruña

MANIFESTAN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

2.- Que o Concello da Coruña, a través da concellería de Educación, Cultura e Memoria Histórica, ten programadas as seguintes actividades culturais para o último trimestre do ano 2019:

V edición do Festival Coruña Gráfica, dirixido á posta en valor da creación no ámbito do cómic e a ilustración.

Exposición sobre a obra de Víctor Moscoso, na Fundación Luis Seoane.

Traballos preparatorios da exposición conmemorativa dos 200 anos do Trienio Liberal.

3.- Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais; ademáis, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social.

4.- Que, neste contexto, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar co Concello da Coruña na súa *Programación de actividades culturais no ano 2019*, mediante a concesión dunha subvención nominativa.

5.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña acordan suscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello da Coruña, con CIF: P1503000J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Programación de actividades culturais no ano 2019***.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello da Coruña.

O Concello da Coruña desenvolverá as actividades programadas consonte ao seguinte orzamento:

1.- Festival Coruña Gráfica

Charlas e obradoiros	7.300,00
Dirección e coordinación	3.000,00
Campaña gráfica (cartelería, dípticos...)	2.400,00
Comunicación en redes sociais	1.800,00
Comisariado e deseño da exposición	3.500,00
Publicación divulgativa	3.700,00
IVE 21%	4.557,00
	26.257,00

2.- Exposición de Víctor Moscoso na Fundación Luis Seoane

Gastos de produción

Comisariado David Carballal	5.000,00
Texto e documentación David Carballal	2.000,00
Deseño de catálogo	3.750,00
Deseño de exposición	3.750,00
Fotografías da obra	2.000,00

Gastos afectos á obra de Víctor Moscoso

Fee Moscoso	13.500,00
Compra e envío de carteis, cómics e revistas nas que publicou Moscoso	16.000,00
Texto de Steven Heller	2.500,00

48.500,00

3.- Trienio Liberal

Documentalistas	5.000,00
7 textos de expertos para catálogos	4.200,00

Deseñadores para creación de marca da mostra, estudo de distribución das pezas a expoñer e catálogo	3.100,00
Comisarios	6.000,00
Prismas triangulares expo na rúa	6.000,00
Catálogo da expo	15.000,00
	39.300,00
TOTAL	114.057,00

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento das actividades, tal como se definen na cláusula primeira, cunha achega máxima de **91.245,6 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a Programación de actividades culturais no ano 2019, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta

obriga do Concello da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello da Coruña do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministros, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, alomenos, os seguintes datos: empresas adjudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello da Coruña terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá

implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xullo de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello da Coruña, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de

competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2019.

O Pleno, por unanimidade, aproba:

“ 1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 140.000 €, á Universidade da Coruña para cofinanciar a *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico para o ano 2019*, cun orzamento subvencionado de 175.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de novembro de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento”.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2019*

Na Coruña, a

REÚNENSE

Don/a....., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a....., en representación da Universidade da Coruña (en adiante UDC).

EXPOÑEN

Que a UDC é unha entidade de dereito público que ten atribuída por lei a prestación do servizo público de educación superior no ámbito territorial da provincia da Coruña, e de acordo co artigo 1º dos seus Estatutos, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

* A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.

* A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.

* A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Que a UDC a través da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, ten entre as súas funcións a promoción e a difusión das actividades culturais e da difusión da cultura científica e dos coñecementos entre a sociedade galega, e máis concretamente no contorno da provincia da Coruña, polo que ven traballando dende hai tempo no desenvolvemento de actividades de divulgación científica e cultural.

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuir de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Que a Deputación da Coruña e a UDC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio marco que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade da Coruña co CIF Q6550005J, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2019**.

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplan outras que puidesen xurdir máis adiante.

Encontro Eurorrexións – Música e Movementsos Partillados. Encontros Eurorrexionais de música e artes escénicas. Proxecto de cooperación cultural posto en marcha no seo da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (CEER) en que participan as seis universidades públicas da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (universidades da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Minho, Porto e Trás-os-Montes e Alto Douro).

Compartir experiencia e coñecemento. Programa universitario para maiores de 50 anos da UDC na Costa da Morte. Establecese en colaboración co Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte

Obradoiros, xornadas e exposicións divulgativas. Actividades cun carácter singular, xa que perseguen darlle a coñecer á sociedade os achados da investigación desenvolvida na UDC, alén de motivar a xente nova para realizar carreiras das áreas científicas.

Obradoiros creativos. Abranguen distintas modalidades artísticas (músicas avanzadas, música coral, fotografía, banda deseñada, novas artes urbanas, produción audiovisual, creación literaria ou creación plástica, entre outras) e habilidades (uso de materiais ecolóxicos, serigrafía, linguaxe cinematográfica, creación de marca, por exemplo) nos campus de Ferrol e da Coruña.

Coro UDC. Fundado en 1990, o coro ensaia dous días por semana e participa en numerosos actos académicos e culturais, dentro e fóra da UDC. O número de integrantes, que se renova cada ano, é sempre superior ás vinte persoas. Na actualidade, e desde o ano 2012, o director é Rupert Twine.

FITEUC. Festival de Teatro Universitario da Coruña, con funcións en NORMAL, no Centro Cívico dos Mallos, no Teatro Jofre de Ferrol e no Teatro Rosalía Castro.

Actividades fixas

Universo Coruñeto, rutas pola cidade que son de balde e que acollen un máximo de 25 persoas cada unha.

Conversas coa dirección, encontro mensual cun/ha director/a de cinema e documentais, algunhas de cuxas pezas se exhibirán na sesión correspondente.

Contac dance, introdución ao Contact Improvisation: Como entrar en contacto nunha jam

Corpos presentes, mover a experiencia corporal, explorar espazos dispoñibles, encontro de corpos, sensación de peso, a continuidade, a consciencia corporal e o desenvolvemento da acción creativa

Roteiros para ferrolanear, propostas desde a UDC para coñecer e desfrutar da cidade e da súa contorna camiñando.

Actividades puntuais

Debuxando sons. Música para frauta soa dos séculos XX-XXI

Xpresa-obradoiro cinematográfico.

Esta noite moriremos: Monólogos de Espido Freire e Fernando Marías

RESIS

II residencia de creadores emerxentes: "Interaccións artísticas en Galicia"

Exposicións

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

Contratacións externas	95.893,00
Compensación de gastos polas prestacións de colaboración	10.978,00
Desprazamentos	6.000,00
Compras de bens destinados á actividade	16.810,00
Publicidade e propaganda	5.754,00
Reparacións e conservación	840,00
Primas de seguros	3.925,00
Gastos de persoal (Gastos indirectos)	20.000,00
Outros gastos (catálogos, inscricións, cotas organización, premios...)	14.800,00
Total	175.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **140.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á UDC.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á UDC, asumindo, xa que logo, as seguintes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á UDC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da UDC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á UDC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UDC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da UDC, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“ 1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, por importe de **150.000 €**, concedida para financiar a *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2019* cun orzamento subvencionado de **248.442,83 €**, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de novembro de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento”.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2019.

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Universidade de Santiago de Compostela,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a USC ten como obxecto esencial a impartición de docencia, a promoción da investigación científica e técnica, e a transferencia do coñecemento no seu marco territorial de actuación. Neste senso a USC, para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo, con recoñecido prestixio, a súa actividade docente, investigadora e de transferencia do coñecemento, estando chamada por razón de esencia, finalidade e obxectivos, a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, formando profesionais, investigadores, profesores universitarios e técnicos útiles á sociedade, en beneficio todo iso da cultura e o benestar social.

Segundo.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Terceiro.- Que a Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago no financiamento de parte das súas actividades culturais, artísticas e científicas, sendo un exemplo deste tipo de colaboración o apoio ao financiamento parcial do Proxecto ESTALMAT-Galicia, o cal ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos entre os 12 e os 15 anos; e, desde o ano 2016 contribúe ao financiamento da programación cultural, artística e científica da USC.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña e a USC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade de Santiago de Compostela CIF Q1518001A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2019.**

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplan outras que puidesen xurdir máis adiante.

1.- Apoio aos programas de detección e captación de talento.

Neste ámbito inclúense, entroutras, as accións dirixidas á captación e detección de talento de estudantes; estarán recolleitos, alomenos:

1.1.- Proxecto ESTALMAT- Galicia, que busca detectar aptitudes matemáticas avanzadas entre o alumnado de secundaria e proporcionarlles un programa de actividades adaptadas ao desenvolvemento do seu talento.

1.2.- *Programa A Ponte entre a USC e o Ensino Medio* dentro destas accións cabe destacar unha que a Universidade de Santiago de Compostela considera fundamental: a captación dos mellores expedientes procedentes do bacharelato e ciclos formativos.

2.- Apoio á Programación Cultural.

Neste ámbito inclúense, entroutras actividades, as seguintes:

2.1.- *Teatro*

- Xira da compañía da Aula de Teatro.
- Estrea do espectáculo 2019 da Aula de Teatro
- Festival Internacional de Teatro Universitario
- Mostra de Teatro Universitario de Galicia

2.2.- *Música*

- Encontros orquestais de primavera, verán e nadal da orquestra da USC.
- Programa de MÚSICA BARROCA do Coro Universitario
- Ciclo Le nuove musiche: música vocal e instrumental do século XVII.

2.3.- *Danza*

- Encontro Universitario de Danza Contemporánea

2.4.- *Exposicións*

- Exposición Andrés Gaos. "Fondo e trasfondo dunha vida.
- Exposición Ricard Terré

2.5.- Fase II do Plan de Diagnose do Estado de Conservación do Patrimonio Histórico e Artístico da USC.

Diagnose do estado de conservación de dito patrimonio para detectar posibles patoloxías que poderían implicar un ulterior plan de restauracións.

2.6 - Fase final de posta en marcha do Museo Virtual do patrimonio da USC.

Asistencia técnica de actualización e activación do Museo Virtual.
Documentación e catalogación dos bens patrimoniais presentados no museo virtual.

2.7 - Programa pedagóxico de difusión do patrimonio da USC.

Programa de educación patrimonial dirixido a escolares e á sociedade en xeral para a difusión do patrimonio da USC.

2.8 - Cursos da Universidade de Verán 2019.

Cursos e encontros da UNIVERSIDADE DE VERÁN 2019 celebrados na provincia da Coruña:

- Arredor do Pazo de Meirás: historia ou presente?
- Art-Math: as Matemáticas a través da educación artística
- As adiccións químicas e psicolóxicas no século XXI: avances en avaliación, tratamento e xestión
- Bioarqueoloxía: introducción teórico-práctica
- Bioimpresión 3D: Tecnoloxía emerxente na fronteira entre a biomedicina e a enxeñaría (2ª edición)
- Cambio climático: as cinco fases do duelo
- Conectando medioambiente, música e arte
- Corpus textuais: teoría e práctica
- Curso aplicado para a prevención e intervención en violencia de xénero
- Da árbore á pel. Emprego de material forestal no mundo da moda
- Economía e saúde: a avaliación económica de intervencións sanitarias
- Familia e infancia: os dereitos dos nenos e das nenas
- Galego Porta aberta para o mundo 2: Lingua, pensamento e cultura na Galiza e Portugal
- Introducción en Sistemas de Información Xeográfica e cartografía con entorno R (2ª edición)
- Látex: creación de documentos científicos e presentación
- Menores, unha materia pendente: xustiza, educación....
- Ocio e diversidade funcional: aproximación psicoeducativa
- Sustentabilidade do sector agroalimentario. O impacto do que comemos

- Turismo científico: novos enfoques turísticos en cidades e espazos naturais
- Vida digna, morte digna
- VIII curso de divulgación “química, a ciencia que envolve a nosa vida”
- Viruses and Disease
- XII Leccións xacobeas internacionais da USC: O Pórtico da Gloria e o Camiño de Santiago

3.- Apoio a congresos e seminarios.

Como parte das actividades enfocadas ao intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, a USC realiza diversas actividades, congresos, encontros e seminarios.

4.- Programa Universitario de Maiores (IV Ciclo): Camiños de Coñecemento e Experiencia

Programa universitario para as persoas de máis de 50 anos das comarcas da contorna de Santiago de Compostela e da súa zona de influencia administrativa e sociocomunitaria, que por diferentes motivos (xeográficos ou económicos entre outros moitos) non poden asistir ao devandito programa de formación para maiores nas instalacións universitarias.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

1. Apoio aos programas de detección e captación de talento

1.1 Proxecto ESTALMAT

- Viaxes e aloxamentos	2.400,00
- Material funxible	1.800,00
- Colaboracións externas, docencia de profesores, persoal de administración e técnicos de apoio, colaboración e dirección de tarefas de organización, empresa de vixilancia e servizo de fotografía	42.420,00
- Outros gastos (invitación actos de clausura, correo, seguros)	6.436,00
<i>Subtotal</i>	53.056,00

1.2 Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC

- Acto de recoñecemento aos mellores expedientes: material de imprenta, impresión, difusión	5.669,00
- Feiras de orientación por comarcas	2.000,00
- Charlas temáticas: desprazamento e dietas do profesorado	10.000,00
- Visitas centros de ensino medio: desprazamento, dietas profesorado	4.500,00
- Xornadas par orientadores/as de Ensino Medio	3.831,00
<i>Subtotal</i>	26.000,00

2.- Apoio á Programación Cultural

2.1.- Teatro

- Xira da compañía da Aula de Teatro. Transporte y asistencia Técnica	6.500,00
- Estrea do espectáculo 2019 da Aula de Teatro. Escenografía, vestuario, atrezzo, difusión e asistencia técnica	6.000,00
- Festival Internacional de Teatro Universitario. Aloxamento, manutención das compañías, difusión e asistencia técnica	4.000,00
- Mostra de Teatro Universitario de Galicia: Manutención das compañías, difusión e asistencia técnica	3.350,00
<i>Subtotal</i>	19.850,00

2.2.- Música	
- Encontros orquestrais de primavera, verán e nadal da orquestra da USC: Produción, transporte, partituras, difusión e pagos a solistas e director	7.500,00
- Programa de MÚSICA BARROCA do Coro Universitario: Pagos a solistas e artistas, difusión e transporte	2.500,00
- Ciclo Le nuove musiche: música vocal e instrumental do século XVII: Pagos a intérpretes e difusión	8.000,00
<i>Subtotal</i>	<i>18.000,00</i>
2.3.- Danza	
- Encontro Universitario de Danza Contemporánea: Aloxamento e manutención das compañías convidadas e difusión	2.000,00
<i>Subtotal</i>	<i>2.000,00</i>
2.4.- Exposicións	
- Exposición ANDRÉS GAOS, fondo e transfondo dunha vida, Gastos de produción, montaxe, desmontaxe, transporte, Deseño, impresión e difusión	15.335,00
- Exposición RICARD TERRE, gastos de produción, montaxe, Desmontaxe, impresión e difusión	10.000,00
<i>Subtotal</i>	<i>25.335,00</i>
2.5.- Fase II do Plan de Diagnose do Estado de Conservación do Patrimonio Histórico e Artístico da USC	6.000,00
2.6 - Fase final de posta en marcha do Museo Virtual do patrimonio da USC.	6.000,00
<i>Asistencia técnica de actualización e activación do Museo Virtual. Documentación e catalogación dos bens patrimoniais presentados no museo virtual.</i>	
2.7 - Programa pedagóxico de difusión do patrimonio da USC, gastos de persoal, material de imprenta e difusión, contratación de servizos externos	24.280,00
2.8 - Cursos da Universidade de Verán 2019. Aloxamento, transporte e pagos relatores; material de difusión e servizos de asistencia técnica	19.000,00
3.- Apoio a congresos e seminarios	
- Aluguer, material de difusión, material funxible contratación externa de servizos, viaxes, aloxamentos e gastos de persoal	30.000,00
<i>Subtotal</i>	<i>30.000,00</i>
4.- Programa Universitario de Maiores (IV Ciclo): Camiños de Coñecemento e Experiencia	
- Comarca do Barbanza: docentes, quilometraxe, prácticas, entradas, material	5.851,80
- Comarca de Ordes: docentes, quilometraxe, prácticas, entradas, material	1.379,16
- Comarca de Arzúa: docentes, quilometraxe, prácticas, entradas, material	2.760,45
- Comarca de Terras de Melide: docentes, quilometraxe, prácticas, entradas, material	1.462,95
- Comarca de Muros-Noia: docentes, quilometraxe, prácticas, entradas, material	4.281,92
- Comarca de Santiago: docentes, quilometraxe, prácticas, entradas, material	2.685,55
- Publicidade e imprenta	500,00
<i>Subtotal</i>	<i>18.921,83</i>
Total	248.442,83 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **150.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **60,376 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 60,095 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á USC, asumindo, xa que logo, as seguintes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á USC, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da USC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á USC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da USC, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a A C Correlingua para financiar o Correlingua 2019 na provincia da Coruña, O galego é a fórmula

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 20.000 €, a A C Correlingua para financiar o Correlingua 2019 na provincia da Coruña O galego é a fórmula, cun orzamento subvencionado de 25.000 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de agosto de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A

ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA PARA FINANCIAR O CORRELINGUA 2019 NA PROVINCIA DA CORUÑA, O GALEGO É A FÓRMULA

Na Coruña, o

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación de Asociación Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Cultural Correlingua con CIF G70325683 organiza desde 2001 diversas carreiras a prol do idioma por todo o país. Correlingua é a denominación que adoptaron, é unha proposta de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar á mocidade e aos centros de ensino a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua CIF G70325683 para organizar o Correlingua 2019 na provincia da Coruña, o galego é a fórmula, un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e polo tanto a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

Na provincia realizaranse as seguintes actividades:

Na provincia realizaranse as seguintes actividades:

- 1.- Concursos escolares
- 2.- Concurso musical
- 3.- Carreiras pola lingua en A Coruña, Santiago de Compostela e Narón

4.- Posadoiro

O prazo de execución remata o 31 de decembro de 2019.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Asociación Cultural Correlingua levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

1. Organización de Actividades	19.260 €
1.1 Premio secundaria Correlingua 2019	2.500 €
1.2 Aluguer equipos de son, xeradores e escenarios	4.740 €
Equipo de son, xerador e camiión escenario a Sonacustic para o Correlingua da Coruña (03/05/2019)	3.080 €
Equipo de son, grupo electróxico e produción técnica a Fábrica de Sons para o Correlingua de Santiago de Compostela (06/05/2019)	1.660 €
1.3 Contratación de profesionais	10.050 €
Para a presentación do Correlingua por parte de Isabel Risco	340 €
Para a presentación do Correlingua por parte de Cé Orquestra Pantasma	420 €
Para as actuacións musicais do Cantalingua	1.200 €
Para a actuación musical infantil no Correlingua de Ferrolterra: Paco Nogueira	660 €
Para a coordinación do Correlingua: catro nóminas da traballadora Lucía Barreiro	7.430 €
1.4 Desprazamentos	1.970 €
Autobús para o desprazamento do alumnado ao premio de secundaria	880 €
Autobús para o desprazamento do alumnado ao Correlingua de Narón	1.090 €
2. Edición material e publicitación	5.740€
2.1 Agasallos para o alumnado	5.490€
- 4.500 chapas para agasallar ao alumnado asistente ao Correlingua da Coruña, Santiago de Compostela e Narón	1.200 €
- 4.500 mochilas para agasallar ao alumnado asistente ao Correlingua da Coruña, Santiago de Compostela e Narón	4.250 €
- Reparto dos agasallos nas diferentes comarcas onde se celebra o Correlingua	40 €
2.2 Cartaces para publicitar o Correlingua na provincia da Coruña	250 €
TOTAL	25.000 €

Cantidade total orzada: 25.000 €

Axuda solicitada á Deputación da Coruña: 20.000 €

Coefficiente de financiamento: 80%

A Asociación Cultural Correlingua acredita que dispón de financiamento suficiente para asumir a parte do orzamento da actividade que non estea financiada pola Deputación.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto

na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0111/334.4/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Correlingua obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Cultural Correlingua. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación Cultural Correlingua, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Correlingua deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Asociación Cultural Correlingua tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Correlingua.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Cultural Correlingua unha vez que se presente a seguinte documentación:

Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con

carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.

Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2019, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Correlingua deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 30 de novembro de 2020.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación Cultural Correlingua para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Cultural Correlingua da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015 das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Correlingua na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Correlingua terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación Cultural Correlingua deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Cultural Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Correlingua deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Correlingua queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Correlingua serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que

sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Cultural Correlingua será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de novembro de 2020 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Con solicitude previa da Asociación Cultural Correlingua, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club SILVA S.D. polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o

cofinanciamento do desenvolvemento da actividade deportiva do clube en todas as súas categorías durante o ano 2017.

INTERVENCIÓNS

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bos días a todos e a todas, sobre este punto e o seguinte, o número nove, no que se refire ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Deportiva Compostela, desde o Goberno imos propoñer a retirada dos dous puntos, baseándonos en que este tipo de convenios sempre o criterio, digamos, que ten establecido o Goberno é de traelos por unanimidade ao Pleno, tendo en conta que esa unanimidade non foi conseguida, propoñemos a súa retirada da orde do día, serían os puntos 8 e 9.

O Pleno, por unanimidade, acorda a retirada deste asunto da orde do día.

9.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Deportiva Compostela, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos de equipos de fútbol base e de 3ª división de honra, durante o ano 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda a retirada deste asunto da orde do día.

10.- Aprobación do Regulamento de funcionamento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación da Coruña

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar inicialmente o regulamento de funcionamento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación da Coruña.

2º.- Someter o Regulamento a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios e sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, por prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentárense reclamacións o suxestións no mencionado prazo, o regulamento considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

3º.- Facultar ao presidente da Deputación Provincial da Coruña para a execución e debido cumprimento do acordado nos apartados anteriores.

REGULAMENTO DO PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

PREÁMBULO

A Deputación Provincial da Coruña presta o servizo de teleasistencia domiciliaria ás persoas non dependentes, residentes nos municipios de menos de 50.000 habitantes que, por razón de idade, enfermidade, diversidade funcional, illamento xeográfico ou desarraigamento social precisen da asignación deste servizo para mellorar a súa calidade de vida, posibilitando, con iso, a súa permanencia na contorna habitual. En consecuencia, este regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria (TAD) , e máis concretamente garantir a prestación do servizo de forma correcta, mediante a xestión coordinada pola Deputación cos concellos da provincia e manter a calidade do servizo que se lles vén prestando ás persoas usuarias.

Cumprindo os principios de necesidade e eficacia, este regulamento está xustificado por razóns de interese xeral, identifica claramente os fins perseguidos e resulta ser o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución. Constitúe unha normativa que responde ao principio de proporcionalidade, pois contén a regulación imprescindible para atender as necesidades detectadas, sen que existan outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios. Garante, por outra banda, a seguridade xurídica, posto que xerará un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza.

En aplicación do principio de transparencia, queda expedito o acceso sinxelo, universal e actualizado ao regulamento e aos documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Finalmente, en aplicación do principio de eficiencia, o regulamento evita no posible cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionaliza, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG) ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais na Comunidade Autónoma de Galicia, para a construción do sistema galego de benestar, e garantir o dereito recoñecible e esixible das persoas aos servizos sociais como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

O sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 4º da LSSG.- Principios xerais dos servizos sociais, réxese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

De conformidade co previsto no artigo 60. Competencias dos concellos, da LSSG correspóndenlles a estes, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a competencia, entre outras, da creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como, da xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59º i da citada Lei 13/2008, debendo garantir todos os concellos de Galicia, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal.

O artigo 61 marca como servizos mínimos que han prestar os concellos, os servizos comunitarios básicos, podendo colaborar as deputacións provinciais cos entes locais menores de 20.000 habitantes á hora de facilitar asistencia económica, técnica e xurídica. Neste sentido, o artigo 63 determina as competencias das deputacións, indicando que lles corresponderá a "asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes".

O artigo 11 da citada LSSG establece como funcións dos servizos sociais comunitarios básicos, a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos

establecidos na normativa que resulte aplicable.

Esta competencia das Deputacións provinciais recollida na Lei 13/2008 (LSSG) é desenvolvida polo Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios básicos e o seu financiamento que, en coherencia co artigo 109.1. b) da Lei 51/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, determina no seu artigo 31 o rol destas, as deputacións proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos sociais comunitarios municipais. Neste sentido incídese no artigo 31.3 na competencia das Deputacións no apoio prioritario ao financiamento do SAF básico aos concellos con menos de 20.000 habitantes.

Así e en consonancia co principio de autonomía persoal e vida independente, entre outros, a LSSG recolle no seu artigo 20 e), o servizo de teleasistencia social e outros servizos de carácter tecnolóxico, que procuren a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto regular a prestación do servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación da Provincial da Coruña, (TAD) dirixido ás persoas -non dependentes- domiciliadas nos municipios de menos de 50.000 habitantes desta provincia que, por razón de idade, enfermidade, diversidade funcional, illamento xeográfico ou desarraigamento social precisen deste servizo para mellorar a súa calidade de vida posibilitando, con iso, a súa permanencia na contorna habitual.

Artigo 2. DEFINICIÓN

Para os efectos do presente regulamento, defínese a Teleasistencia Domiciliaria como un servizo gratuíto que a través da liña telefónica, cun equipamento de telecomunicacións e informática específico e co apoio dos medios persoais necesarios, permite dar resposta inmediata ante situacións de emerxencia, inseguridade, soidade e illamento e potenciar a autonomía da persoa atendida e a da súa familia ou unidade de convivencia.

O equipamento permite que ante situacións de emerxencia e con só pulsar un botón, que levan encima constantemente, as persoas usuarias poidan entrar en contacto verbal "mans libres" as 24 horas do día os 365 días do ano cunha central atendida por persoal especificamente preparado para dar resposta adecuada ás crises presentadas.

O servizo de teleasistencia comprende polo tanto, non só unha instalación que permite detectar avisos e alarmas, senón tamén un modelo de acompañamento personalizado de chamadas periódicas á persoa usuaria.

Á prestación do servizo de teleasistencia básica, poderanse incorporar cando se estime necesario, todas aquelas tecnoloxías útiles e dispoñibles para a detección de situacións de risco e para a protección persoal e doméstica, tales como detectores de fume, lume, fuga de gas e sensores de movemento entre outros.

O servizo de teleasistencia contén as seguintes accións:

- Garantir a comunicación interpersoal, bidireccional, ante calquera necesidade as 24 horas do día, os 365 días do ano.
- Proporcionar atención inmediata e adecuada ante situacións de emerxencia a

través de persoal especializado.

- Proporcionar atención presencial a persoa usuaria cando esta sexa necesaria.
- Mobilizar recursos ante situacións de emerxencia sanitaria, domiciliaria ou social.
- Previr, detectando precozmente as situacións de risco que poidan darse.
- Proporcionar seguridade e tranquilidade ás persoas usuarias e aos seus familiares garantindo a atención en caso de emerxencia.
- Facer un seguimento permanente da persoa usuaria desde un Centro de Atención, mediante chamadas telefónicas periódicas (de familiarización, de cortesía e felicitación, de seguimento quincenal, de recordatorio, de fin de ausencia) coa finalidade de estar presentes na súa vida cotiá, potenciar hábitos de vida saudable e actualizar os datos do expediente socio sanitario da persoa usuaria.
- Xestionar axendas específicas subscritas entre a empresa/entidade prestadora do servizo e a persoa usuaria a pedimento desta, da súa familia ou persoas achegadas, que permitan lembrarles tomas de medicación, actividades ou citas.

Artigo 3. OBXECTIVOS

A Teleasistencia provincial que desenvolve esta deputación provincial, é un servizo gratuíto para as persoas usuarias dos concellos beneficiarios, que vai dirixido a maiores non dependentes, de acordo á Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, cos seguintes obxectivos:

- Evitar internamentos innecesarios.
- Posibilitar a integración na contorna natural de vida.
- Facilitar a intervención inmediata en crises persoais, sociais ou médicas.
- Atención inmediata ante situacións de crise proporcionando intervención persoal cando sexa necesario, adecuada ao tipo de chamada e situación.
- Ofrecerlle seguridade á persoa usuaria na súa contorna, facilitándolle tecnoloxías de apoio á permanencia segura desta no domicilio.
- Detectar situacións de risco.

Artigo 4. MEDIOS DO SERVIZO TAD PROVINCIAL

O servizo consta dos seguintes elementos:

Unidade domiciliaria da persoa usuaria, que funciona a través da liña telefónica, composta por unha **unidade de alarma portátil** (pulseira ou medallón) e unha **terminal telefónica** que envía a alarma ao Centro de Atención.

A unidade portátil, que a persoa leva sempre posta, pode ser accionada por esta, cando o necesita, con premela.

A terminal é o dispositivo que se instala no domicilio da persoa usuaria conectado á rede eléctrica e á liña telefónica. Permite a transmisión de comunicacións e avisos con marcación automática e función de voz incorporada, así como establecer contacto coa central de atención

con só pulsar un botón.

O custo da chamada para a persoa usuaria non debe superar o prezo dunha chamada telefónica local.

O servizo poderá incorporar a oferta doutros dispositivos e doutros elementos de protección persoal ou domésticos, que complementen os elementos principais do servizo, dirixidos a toda a poboación a persoas con necesidades específicas.

CAPÍTULO II. DAS PERSOAS USUARIAS.

Artigo 5. PERSOAS USUARIAS

A condición de persoa usuaria da teleasistencia adquirese e pérdese por resolución da Presidencia desta Deputación.

5.1. Perfil das persoas usuarias do servizo

- Persoas que vivan soas, maiores de 65 anos ou que padecen una enfermidade ou diversidade funcional que lles impida desenvolverse na casa con autonomía.
- Persoas que conviven con outra, e unha das dúas ten máis de 65 anos e/ou padece unha enfermidade ou diversidade funcional que lle limita a súa autonomía persoal e doméstica.
- Calquera persoa en situación de risco (persoas enfermas, anciáns ou con diversidade funcional) que viven soas ou permanezan nesta circunstancia a maior parte do día.

5.2. Tipos de persoas usuarias.

- **Persoa usuaria titular do servizo:** dispón da asignación ao seu favor da terminal de usuaria e da unidade de control remoto.
- **Persoa usuaria con unidade de control remoto adicional (UCU):** convive coa persoa titular do servizo, reunindo os requisitos para ser usuaria deste. Disporá dunha unidade de control remoto adicional para o seu uso exclusivo.
- **Persoa usuaria sen unidade de control remoto (USU):** é a que convivindo coa persoa titular do servizo e necesitando as prestacións e atencións que este proporciona, carece de capacidade física, psíquica ou sensorial para poder solicitar por si mesma esta atención.

5.3. Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias terán os seguintes **dereitos**:

- Á periódica revisión do equipo individual de teleasistencia.
- Á substitución periódica da pila alcalina instalada no pulsador-transmisor do seu equipo individual.
- Á reprogramación do equipo individual, cando concorra causa xustificada.
- A ser atendida con eficacia, a recibir a información que precise do programa, e a

presentar en caso de conflito derivado da prestación do servizo, as reclamacións oportunas.

- A ser informadas expresamente de que os datos persoais facilitados para ser usuaria do servizo e os obtidos durante o desenvolvemento deste serán tratados de acordo ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

5.4. Deberes das persoas usuarias.

- Contar con liña telefónica fixa ou móbil, que permita a instalación da terminal.
- Aceptar as condicións de uso e manexo do dispositivo portátil, que deberá asinar no momento en que lle sexa instalada a terminal.
- Utilizar correctamente o equipo individual de teleasistencia de acordo coas instrucións recibidas por parte do persoal responsable da súa instalación ou revisión periódica, procurando a correcta conservación de todos os elementos que o integran, non efectuando manipulacións indebidas deste.
- Manter ao seu alcance, en todo momento, o dispositivo de teleasistencia.
- Achegar e manter actualizados os datos requiridos polos servizos sociais municipais e previstos neste regulamento do Programa que regulan o acceso á condición de persoa usuaria.
- Asumir da súa conta e cargo os danos que puidesen orixinarse na súa vivenda no suposto que, con motivo dunha chamada de emerxencia, os efectivos da Policía local ou outro persoal especializado, tivesen que forzar a entrada á súa vivenda co obxecto de auxiliálo.
- Pór en coñecemento do concello calquera variación que experimente en relación coas circunstancias que motivaron a adxudicación, ao seu favor, do servizo.
- Por en coñecemento do concello as variacións no uso do servizo, baixa, suspensión do servizo, reanudación.
- Facilitar o acceso á vivenda do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios e da empresa, no desenvolvemento das súas competencias profesionais para que procedan a revisar e comprobar o correcto funcionamento dos equipos.
- Devolverlle ao concello en perfecto estado de conservación e uso, o equipo individual de TAD domiciliaria, cando se extinga a prestación do servizo.
- A firmar o documento de autorización e información sobre protección de datos persoais.

Artigo 6. REQUISITOS DE ACCESO AO SERVIZO

- Residir no termo municipal dun concello de menos de 50.000 habitantes adherido ao programa estando en situación de necesidade, vulnerabilidade ou risco por razóns sociais (idade, nivel de renda, localización da vivenda, etc.) ou sanitarias (enfermidades, sexan estas de carácter crónico ou transitorio, etc.).

- Dispor de liña telefónica no domicilio ou estar en condicións de dispor dela previamente á instalación do equipo de telealarma, xa que sen ela, este non podería funcionar.
- Non ter recoñecido grao de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. No caso de que a persoa solicitante teña en trámite a solicitude de recoñecemento de dependencia deberá reflectirse no informe social. Se despois de estar de alta a persoa usuaria, recoñéceselle grao de dependencia, deberá informar o concello e a deputación causando baixa no programa provincial, cando teña dereito efectivo á mesma prestación polo sistema de atención á dependencia.
- Ter designada unha persoa de contacto que teña acceso ás chaves da vivenda da persoa usuaria, para a súa utilización no caso de necesidade de acceso nunha emerxencia, nas condicións valoradas pola empresa adxudicataria do servizo en canto á distancia entre os domicilios.
- Ter capacidade para o manexo do aparato.
- Os ingresos anuais da persoa solicitante non deben superar o límite establecido e que se fixa na contía correspondente a 2,5 veces o valor do IPREM anual en 14 mensualidades. Para os efectos do cálculo dos ingresos anuais teranse en conta os ingresos netos de catorce pagas (pensións, prestacións económicas, retribucións...) así como os rendementos de capital da persoa solicitante.
- No caso de que exista unha persoa usuaria adicional os ingresos de ambos non deben superar o límite establecido e que se fixa na contía correspondente a 3,5 veces o IPREM anual (14 mensualidades). No caso de que exista unha segunda persoa usuaria adicional o límite establecido fixase na contía correspondente a 4 veces o IPREM anual (14 mensualidades). O baremo poderá ser revisado a criterio da Deputación.
- En calquera caso, a viabilidade da prestación do servizo queda a criterio técnico da Deputación, en coordinación coa empresa prestadora do servizo.

CAPÍTULO III. DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA.

Artigo 7. FINANCIAMENTO

O servizo de teleasistencia ten carácter gratuíto para a persoa usuaria e financiarase con fondos propios desta Deputación, dotando economicamente no seu orzamento anual os créditos correspondentes ao financiamento do programa, sempre tendo en conta as disponibilidades orzamentarias da institución provincial.

CAPÍTULO IV. DEREITOS E OBRIGAS.

Artigo 8. OBRIGAS DOS CONCELLOS ADHERIDOS AO PROGRAMA

Para ter acceso ao Servizo de Teleasistencia Provincial, os concellos de menos de 50.000 habitantes que o desexen, deberán adherirse ao programa, conforme ao presente regulamento e asinar un acordo de corresponsabilidade para o tratamento de datos de carácter persoal.

A adhesión dun concello ao programa provincial de teleasistencia, realízase segundo o modelo (Anexo I) aprobado neste regulamento.

Co acordo de adhesión os concellos obríganse a:

- Designar como representante técnico do servizo a un/unha traballador/a social do concello.
- Ao cumprimento do regulamento vixente regulador do servizo de teleasistencia.
- Asumir a responsabilidade de informar as persoas interesadas no programa e solicitarlles o seu consentimento á recollida e tratamento de datos.
- A cumprir co procedemento establecido neste regulamento para a tramitación electrónica de expedientes, en relación ao uso da plataforma electrónica SUBTEL.
- O control de acceso á plataforma electrónica de tramitación da TAD permitindo o acceso exclusivamente a aqueles profesionais autorizados pola deputación provincial. O identificador de usuario ou clave de acceso son individuais e non deben ser comunicados a outras persoas.
- Dar traslado ás persoas usuarias das sucesivas resolucións recaídas no procedemento.
- Comunicarlle á Deputación, no prazo máximo de 10 días, calquera variación que se experimente en relación coas circunstancias que motivaron a adxudicación do servizo a favor das persoas usuarias do municipio.
- Comunicarlle á Deputación, no prazo máximo de 10 días, as baixas producidas, en canto á prestación do servizo, motivadas por calquera das causas apuntadas no regulamento.
- Solicitar de oficio á Deputación a baixa por falecemento de persoas usuarias de TAD do concello, cando teña coñecemento aínda cando non o solicite un familiar.

Artigo 9. OBRIGAS DA EMPRESA PRESTADORA DO SERVIZO.

O Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación da Coruña prestarase mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos conforme á normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

A empresa adxudicataria deberá cumprir todas as obrigacións estipuladas no contrato da adxudicación do servizo, e fundamentalmente:

- Atender as persoas usuarias mediante o uso do dispositivo adecuado, co apoio dos medios persoais e materiais necesarios para dar resposta inmediata a situacións de emerxencia, inseguridade, soidade, e illamento e potenciar a autonomía da persoa atendida e a da súa familia e unidade de convivencia, para que a persoa poida permanecer no seu domicilio o maior tempo posible, mantendo o control da súa vida.
- Realizar a instalación das terminais ás persoas usuarias en quince días desde a resolución de alta, e a reposición por avaría nun prazo máximo de 48 horas desde a súa detección. Nos casos nos que a Deputación valore como urxente a instalación do servizo, esta deberá encontrarse realizada nun prazo máximo de 48 horas.
- Dotar e instalar no domicilio das persoas usuarias os elementos do sistema: terminal, radio-ligazón, micrófonos, altofalantes, alarmas complementarias. Será a responsable do primeiro contacto telefónico coa persoa usuaria a través do/a coordinador/a do servizo, concertando o día e hora para a instalación da terminal, momento no que realizará a visita inicial, e elaborarse o informe social de alta.
- Prestar un servizo de garantía, mantemento e reposición do equipamento técnico.

- Realizar o tratamento dos datos das persoas usuarias respectando o cumprimento da normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 10. OBRIGAS DA DEPUTACIÓN

A Deputación, despois de recibida a solicitude municipal de adhesión, aprobará mediante resolución da Presidencia, a inclusión do concello no programa provincial de Teleasistencia Domiciliaria.

A Deputación para o desenvolvemento deste programa esta obrigada a:

- Supervisar e facer o seguimento directo do programa, e do control da calidade do servizo que se presta que será competencia da Sección de Servizos Sociais da Deputación.
- Promover e participar na difusión do programa TAD e realizar, o seguimento e avaliación del, en coordinación coa persoa responsable da empresa adxudicataria do servizo, e os/as responsables dos Servizos Sociais Municipais.
- Prestar apoio aos concellos para a implantación, desenvolvemento e xestión técnica e administrativa do servizo, prestando o soporte técnico necesario aos/ás profesionais dos concellos.
- Prestar apoio á empresa que presta o servizo para a xestión de expedientes na plataforma electrónica da Deputación compartida cos concellos adheridos.
- Para conseguir unha correcta implantación e xestión do programa TAD, a Sección de Servizos Sociais da Deputación da Coruña asigna un/unha profesional con titulación de Grao ou Diplomatura en Traballo Social, como responsable técnico do programa TAD. Este/a profesional ademais das anteriores obrigas, asume a responsabilidade de:
 - Promover a implantación do programa TAD nos concellos da provincia, a través das actuacións que sexan necesarias.
 - Elaborar os informes técnicos, memorias e propostas de modificación do programa TAD, que se estime necesario ou que lle sexan requiridos pola Deputación.
 - A valoración e informe técnico das solicitudes coa proposta que corresponda en cada expediente individual.
 - Velar por que as actuacións da empresa sexan as acordadas, o trato ás persoas usuarias correcto, e a resposta ás demandas inmediata e adecuada.
 - Supervisar que a prestación do servizo pola empresa o desenvolva de acordo aos prazos establecidos para a instalación e a alta das persoas usuarias e a resolución de incidencias nos terminais.
 - Elaborar a memoria anual do programa TAD, para a que contará tanto coa información da empresa adxudicataria, que debe elaborar o informe anual de xestión, como coas entidades locais participantes.

A Deputación poderá convocar os concellos para consultas e seguimento do programa de Teleasistencia Domiciliaria.

CAPÍTULO V. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

Artigo 11. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: FORMA, LUGAR E DOCUMENTACIÓN.

As persoas interesadas deberán poñerse en contacto cos servizos sociais do concello onde se atopan empadroados, para que o/a traballador/a social inicie a tramitación do expediente de solicitude de alta no servizo, que se realizará exclusivamente dende a plataforma de presentación electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

As persoas autorizadas para tramitar as solicitudes referidas ao programa TAD serán os/as traballadores/as sociais e o persoal administrativo adscrito aos servizos sociais que presta apoio, e que deberán solicitar as autorizacións de acceso á plataforma electrónica á Sección de Servizos Sociais da Deputación a través de solicitude do alcalde/sa do seu concello.

Os cambios que se produzan nos concellos canto á baixa no servizo de profesionais autorizados ou incorporación doutros, requiren a notificación e solicitude de autorización expresa á Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial da Coruña, para o acceso á plataforma.

Antes de asinar a solicitude de alta no Servizo de Teleasistencia Domiciliaria deberá cumprirse co deber de informar á persoa solicitante do tratamento que fará dos seus datos o concello e a deputación, da cesión de datos a terceiros e dos contidos que se han recoller co seu consentimento.

O persoal do concello debe cubrir os documentos da solicitude, os cales pode descargar da plataforma electrónica e reunir toda a documentación anexa requirida.

Artigo 12. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

A tramitación electrónica na Deputación Provincial da Coruña realizarase desde a Sección de Servizos Sociais e comprenderá os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deba pronunciarse a resolución, que se trasladará ao concello, á empresa que presta o servizo e se comunicará á persoa usuaria a través do correo electrónico, no caso de que así o solicitase.

Se non existe terminal dispoñible, o expediente será aprobado en espera de vacante. Crearase un arquivo onde se establecerá quenda en espera de vacante. Cando exista terminal libre, os Servizos Sociais do Concello deberán informar que a persoa usuaria reúne as condicións recollidas no regulamento, actualizando os datos contidos na solicitude se fora necesario e darase a alta por orde de entrada da solicitude na plataforma de tramitación.

Cando a solicitude estea incompleta de documentación, presente documentos non válidos ou se valore que algunha das condicións requiridas polo regulamento para ser usuario/a é susceptible de emenda, realizarase o requirimento oportuno.

Se o expediente non cumpre algunha das condicións deste regulamento, proporáselle á Presidencia para Resolución desfavorable motivando a súa causa. Da resolución desfavorable darase traslado ao concello e comunicárselle á persoa usuaria a través do correo electrónico no caso de que así o solicitase.

12.1. Alta no servizo.

No momento en que a Resolución sexa favorable e exista terminal dispoñible, a empresa e o concello recibirán traslado da resolución e dos datos da persoa usuaria a través da plataforma electrónica, comunicarse á persoa usuaria mediante correo electrónico se así o solicitou.

Ao tomar coñecemento da resolución, a empresa contactará coa persoa usuaria e o concello solicitante para proceder a concertar a cita no domicilio, valorar o equipo de telefonía, realizar a instalación ou no seu caso orientar en como resolver as dificultades para proceder á instalación e posta en marcha do servizo.

A empresa realizará as probas prácticas de funcionamento necesarias para comprobar que as persoas usuarias coñecen o servizo e informarán á persoa usuaria de forma verbal e por escrito do funcionamento do sistema.

Cando a terminal estea instalada e o servizo funcionando, a empresa notificarallo ao concello de residencia da persoa usuaria e á deputación. Nesta comunicación constará a data do inicio na prestación efectiva do servizo, que será a que se tome como data de alta para efectos de facturación.

12.2 Suspensión Temporal.

A suspensión temporal tramitase na plataforma telemática da Deputación para a xestión do programa TAD.

A suspensión temporal do servizo deberá solicitarse sempre que a persoa usuaria vaia ausentarse máis de 15 días do domicilio.

A solicitude deberá ser asinada por a/s persoa/s usuaria/s e presentada nos servizos sociais comunitarios do concello no que recibe o servizo. Excepcionalmente se sobreviñese causa extraordinaria de hospitalización, a persoa usuaria poderá autorizar a un terceiro para realizar esta solicitude. O concello, unha vez realizada a tramitación que lle corresponde, remitirá a solicitude á Deputación a través da plataforma electrónica.

A petición de suspensión temporal do servizo debe ser motivada, e poderá producirse por: período de vacacións, estancia temporal en residencia, traslado a residir con familiares, hospitalización, motivos que determinan a interrupción do servizo e por tanto da comunicación entre a persoa usuaria e a central de atención.

Valorada a solicitude polos responsables do programa TAD na Deputación, a terminal pasa ao estado de suspensión temporal e poñerase en coñecemento da empresa e do concello solicitante, e comunicaráselle a persoa usuaria mediante correo electrónico se así o solicitou.

A suspensión temporal poderá ser solicitada tantas veces como sexa necesario.

Cada unha das suspensións temporais terá unha duración máxima de 6 meses continuados, contados desde a data en que foi estimada. Transcorrido este prazo máximo sen que a persoa usuaria e o concello presenten solicitude de reanudación, procederase de oficio a tramitar a baixa no servizo.

A suspensión temporal que corresponda á terminal instalada no domicilio tanto si afecta a un ou a máis persoas usuarias, non supón a desinstalación da terminal no domicilio, interrompendo unicamente a comunicación coa/s persoa/s usuaria/s ata a reanudación ou baixa do servizo.

A suspensión temporal finalizará por: solicitude de reanudación do servizo, por baixa por superar os 6 meses de suspensión temporal ou por baixa a petición da/s persoa/s usuaria/s.

12.3. Reanudación do servizo:

A reanudación tramitase na plataforma telemática da Deputación para a xestión do programa TAD, presentándose a solicitude antes dos 6 meses de suspensión temporal.

A solicitude deberá asinala a/s persoa/s usuaria/s e presentarse nos servizos sociais comunitarios do concello no que ten asignado o servizo. O concello unha vez realizada a tramitación que lle corresponde, remitirá a solicitude á Deputación a través da plataforma telemática.

Despois de que os responsables do programa TAD na Deputación valoren a solicitude, a terminal pasa a estado de activo e poñerase en coñecemento da empresa e do concello solicitante, e comunicarse á persoa usuaria mediante correo electrónico, se así o solicitou.

12.4. A extinción do servizo. Baixa.

A prestación do servizo provincial de teleasistencia domiciliaria á persoa usuaria, finalizará nos seguintes supostos:

- Por defunción da persoa usuaria.
- Por solicitude da persoa usuaria.
- Por internamento da persoa usuaria nun complexo residencial.
- Por superación do estado de necesidade que motivou a adxudicación do servizo.
- Por inadecuada e reiterada manipulación ou incorrecta conservación do equipo individual asignado.
- Deixar de reunir os requisitos establecidos para o dereito ao servizo.
- Por esgotarse o prazo máximo de suspensión temporal.
- Outros motivos (especificar).

Os tres primeiros supostos serán apreciados de forma automática polo concello procedéndose a comunicar estas circunstancias á Deputación Provincial e á empresa que asume a xestión técnica do servizo.

Nos restantes supostos, o concello, procederá á instrución do oportuno expediente municipal, despois do trámite de audiencia á persoa interesada.

Os usuarios adicionais causarán baixa cando o faga a persoa titular do servizo. No caso de que estes cumpran os requisitos para continuar co servizo deberán solicitalo expresamente.

Artigo 13. COORDINACIÓN COA XUNTA DE GALICIA

Dende a Deputación da Coruña estableceranse os canles necesarios para colaborar coa Xunta de Galicia co obxecto de evitar duplicidades na prestación do servizo de teleasistencia. Esta colaboración, regularase na forma que ambas administracións implicadas o consideren oportuno, facendo fincapé na axilidade no trámite de consulta e respectando a normativa en materia de protección de datos e servizos sociais.

Disposición transitoria primeira.

Aquelas persoas que na data de entrada en vigor do presente regulamento fosen usuarias do servizo de teleasistencia da Deputación Provincial da Coruña, entenderanse automaticamente adscritas ao novo servizo, sen necesidade de ningún trámite, séndolles de aplicación integramente o disposto neste regulamento. Solicitarase o seu consentimento informado sobre

o tratamento dos datos de carácter persoal.

Disposición adicional primeira.

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados polas persoas solicitantes do servizo de teleasistencia, serán tratados coa única finalidade da valoración das solicitudes e a prestación do servizo de teleasistencia. Os datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na lei e aos terceiros necesarios para a prestación do servizo. As persoas usuarias poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, perante a Deputación da Coruña en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

Polo que, no seu caso, o concello solicitante deberá obter das persoas usuarias o consentimento para o tratamento dos seus datos de carácter persoal.

Disposición derogatoria primeira.

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango xerárquico que contradigan, se opoñan ou resulten incompatibles co establecido no presente regulamento. En particular, quedan derogadas e sen efecto as bases reguladoras do programa de teleasistencia domiciliaria provincial con vixencia anterior á entrada en vigor do presente regulamento.

Disposición final.

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sempre que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. "

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN DO CONCELLO AO PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Don/a _____, con DNI _____ en calidade de Alcalde/esa

Presidente/a _____ do Concello de _____ co NIF _____

domicilio para efectos de notificación en _____ da provincia da Coruña, e

teléfono de contacto _____, **SOLICITA:**

A Adhesión do Concello de _____ ao Programa de Teleasistencia Domiciliaria da

Deputación Provincial da Coruña, comprometéndose a cumprir coas cláusulas do regulamento do programa (BOP N° _____)

E para que conste e para os efectos oportunos, achégase certificado do secretario/a do Concello da Resolución

da Alcaldía na que se acorda solicitar a adhesión a este Programa de Teleasistencia Domiciliaria da

Deputación da Coruña.

_____, o _____ de _____, de 20____

O/A alcalde/esa presidente/a

(nome e apelidos e selo da entidade local)

SR./A PRESIDENTE/A DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

ANEXO II

MODELO DE ACORDO DE CORRESPONSABILIDADE NO TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Reunidos

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña. D/Dna. _____, en nome e representación do Concello _____.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal para subscribir este acordo e quedan obrigadas na representación en que respectivamente actúan. Para tal fin,

Expoñen

I. Que o CONCELLO _____ está actualmente adherido ao Programa de Teleasistencia Provincial da Deputación da Coruña (TAD) e é a entidade subministradora dos datos de carácter persoal obxecto de tratamento no citado programa TAD.

II. Que, coa fin de lexitimar e regularizar o tratamento dos datos necesarios para a xestión do programa referido, e en cumprimento das obrigacións definidas pola lexislación en protección de datos de carácter persoal, especialmente o REGULAMENTO EU 2016/679, en diante RXPD, ambas as dúas partes acordan libremente regular o tratamento de datos persoais, con suxeición ás seguintes

Estipulacións:

1. Obxecto

Mediante as presentes cláusulas habilítanse as partes como CORRESPONSABLES no tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para a correcta prestación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria

O tratamento de datos persoais incluírá os seguintes aspectos:

• Recollida • Rexistro • Estruturación • Modificación • Conservación • Consulta •
Comunicación • Limitación • Supresión • Destrucción • Conservación •
Comunicación por transmisión

E calquera outro que sexa necesario e proporcionado.

2. Finalidade do tratamento

2.1 Finalidade xeral

A finalidade do tratamento dos datos persoais é a correcta prestación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria.

2.2 Fins concretos

No CONCELLO _____, tratarase a información da persoa interesada, para os seguintes fins concretos:

- Valoración das solicitudes presentadas, co fin de comprobar que cumpren as condicións do programa e informar respecto diso.
- Remisión da solicitude á Deputación.

- Comunicarlle á Deputación calquera cambio no expediente ou as incidencias que poidan xurdir, unha vez que a persoa usuaria estea na situación de alta:
 - a. Suspensión temporal
 - b. Continuación do servizo
 - c. Baixa

Na DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, tratarase a información da persoa usuaria, para os seguintes fins concretos:

- Recepción e revisión das solicitudes remitidas polo Concello respectivo a través da plataforma electrónica.
- Valoración das solicitudes presentadas, co fin de comprobar que cumpren as condicións do programa e informar respecto diso.
- Resolución das solicitudes.
- Baixas e altas das persoas usuarias.

3. Tipoloxía dos datos tratados

Para a execución das prestacións derivadas do cumprimento do obxecto deste acordo, as partes autorízanse mutuamente a tratar a información necesaria, que entre outros, ten os seguintes datos:

- Datos identificadores (nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, sinatura) da persoa usuaria e da persoa de apoio designada por esta.
- Datos de características persoais (sexo, data de nacemento, idade, estado civil).
- Datos profesionais (formación).
- Datos de saúde (grao de dependencia, diagnóstico clínico, alerxias e tratamentos).
- Datos de cobertura sanitaria pública (nº de afiliación, centro de saúde, médico de familia, hospital de referencia).
- Datos de cobertura sanitaria privada (compañía, nº de asegurado, data de caducidade, médico de referencia).
- Datos económicos (ingresos).
- Datos relativos á vivenda.
- Datos socio-familiares.
- Conversacións telefónicas gravadas na execución do servizo.

4. Duración

O presente acordo terá un prazo de duración determinado en función da adhesión do CONCELLO _____ ao Programa de Teleasistencia Domiciliaria, de tal maneira que unha vez finalice a adhesión entenderase finalizado este, aínda que os seus efectos estenderanse en canto os datos non sexan cancelados, conforme ás instrucións dos CORRESPONSABLES establecidas no presente acordo.

A vixencia do presente acordo iniciárase desde a data da súa subscrición.

5. Cancelación dos datos

Tras a baixa do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria de cada persoa usuaria, os CORRESPONSABLES, cancelarán os seus datos de carácter persoal. Sen prexuízo da súa conservación, debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.

6. Obrigacións conxuntas dos CORRESPONSABLES

6.1 Corresponsabilidade.

Os CORRESPONSABLES coñecen e aceptan a normativa e lexislación vinculada ao ámbito dos servizos sociais de Galicia, así como no referente á protección de datos de carácter persoal.

Os CORRESPONSABLES proporcionaranse mutuamente os datos necesarios para a prestación do servizo ao que se refire este acordo.

6.2 Rexistro de actividades de tratamento.

Levarán un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas no ámbito da súa relación e a súa prestación de servizos, que contera o establecido no artigo 30 do RXPD.

6.3 Non comunicación.

Non comunicarán os datos a terceiras persoas, exceptuándose os supostos legal e normativamente admisibles ou aqueles autorizados expresamente pola persoa usuaria do servizo.

6.4 Transferencia internacional.

Non se realizarán transferencias internacionais de datos de carácter persoal.

6.5 Deber de segredo.

Os CORRESPONSABLES e todo o seu persoal manterán o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivesen acceso en virtude do presente acordo, mesmo despois de que finalice este.

Os CORRESPONSABLES comprométense a que todo o seu persoal con acceso aos datos de carácter persoal coñeza a información mínima seguinte:

I. Sobre o deber de confidencialidade e segredo.

- Evitarase o acceso de persoas non autorizadas aos datos persoais e deixar os datos persoais expostos a terceiros. Cando calquera persoa se ausente do posto de traballo, bloquearase a pantalla ou pecharase a sesión.
- Os documentos en papel e soportes electrónicos almacenaranse en lugar seguro (armarios ou estancias de acceso restrinxido) durante as 24 horas do día.
- Non se refugarán documentos ou soportes electrónicos (CD, lapis de memoria, discos duros, etc.) con datos persoais sen garantir a súa destrución.

- Non se comunicarán datos persoais ou calquera información persoal a terceiros.
- O deber de segredo e confidencialidade persistirá mesmo cando finalice a relación laboral ou funcional dos traballadores coa entidade.

II. Sobre a identificación das persoas que tratan datos persoais.

- Garantirase a existencia de contrasinais para o acceso aos datos persoais almacenados en sistemas electrónicos.
- Cando aos datos persoais accedan distintas persoas, para cada persoa con acceso aos datos persoais, dispoñerase dun usuario e contrasinal específicos (identificación inequívoca).
- Garantirase a confidencialidade dos contrasinais, evitando que queden expostas a terceiras. En ningún caso se compartirán os contrasinais nin se deixarán anotadas en lugar común e o acceso de persoas distintas da persoa usuaria.

6.6 Asistencia no caso de exercicio dos dereitos.

Os CORRESPONSABLES asistiranse mutuamente, na resposta ao exercicio dos dereitos que a lexislación determina (acceso, rectificación, supresión e oposición; limitación do tratamento; portabilidade de datos etc.).

Cando as persoas afectadas exerzan os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, ante algunha das partes, esta solicitude comunicarse á outra parte de forma inmediata e en ningún caso máis aló do día laborable seguinte ao da recepción, xuntamente, no seu caso, con outras informacións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude.

6.7 Notificación de violacións da seguridade.

Os CORRESPONSABLES, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo de 24 horas, comunicarán as violacións de seguridade que puidesen afectar o tratamento dos datos persoais ao seu cargo, e vinculado a ambas as dúas partes, das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante segundo o establecido no artigo 33 RXPDP.

Comunicación ás persoas interesadas. Corresponderalle á administración afectada comunicar, no menor tempo posible, as violacións da seguridade no tratamento dos datos aos interesados, cando sexa probable que a violación supoña un alto risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas, dando traslado desta comunicación á outra parte. A comunicación conterá, como mínimo, a información contida no artigo 34 RXPDP.

7. Obrigações da Deputación da Coruña.

7.1 Avaliación de riscos

No caso de que sexa necesario, a DEPUTACIÓN realizará unha avaliación de riscos en materia de seguridade da información, da que poderá derivarse a implantación de mecanismos para:

- a) Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- b) Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

c) Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

d) Seudonimizar e cifrar os datos persoais, no seu caso.

A avaliación de riscos da seguridade da información será recollida nun informe que será accesible polas partes.

8. Obrigações do CONCELLO _____

8.1 Obtención lexítima dos datos persoais.

O CONCELLO garantirá que os datos foron obtidos lexítimamente e que os interesados foron informados e se lles solicitou o seu expreso consentimento para o tratamento dos datos facilitados na solicitude, dispoñendo de elementos probatorios de tal consentimento.

8.2 Dereito de información e solicitude de autorizacións.

O CONCELLO é responsable de facilitarlle ao solicitante, no momento en que se obteñan os datos persoais, a seguinte información:

Responsables	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE _____
Punto de contacto	Delegado de protección de datos da Deputación Provincial da Coruña Delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal Enderezo postal: AVENIDA PORTO DA CORUÑA, 2 – 15003 - A CORUÑA
Encargado/a	A empresa contratada para prestar o Servizo de Teleasistencia Domiciliaria
Finalidade	Prestación do Servizo de Teleasistencia No caso de que a información que nos traslada na solicitude sexa incompleta ou errónea, pódense producir danos na súa persoa dos que será só vostede responsable
Prazo de conservación	Os datos de carácter persoal serán cancelados no momento da baixa no servizo, sen prexuízo da súa conservación, debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación
Lexitimación	Consentimento da persoa interesada No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non se poderá ter acceso ao servizo solicitado por imposibilidade de tramitación da solicitude. O consentimento é revogable en todo momento sen efectos retroactivos, pero a revogación supoñerá a imposibilidade de continuar beneficiándose do servizo, tramitándose a baixa da persoa usuaria.
Destinatarios/as	Cederanse datos a terceiras, no caso de situación de emerxencia para a persoa usuaria.
Dereitos	A persoa interesada, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos ante calquera dos responsables.
Información adicional	Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais)

O CONCELLO é responsable de solicitarlle á persoa usuaria do servizo, no momento en que se obteñan os datos persoais, mediante a utilización de cadros non premarcados:

- Consentimento expreso e inequívoco para tratar os datos de saúde contidos na solicitude.

- Consentimento expreso e inequívoco para ceder os datos persoais a terceiras en situacións de emerxencia.
- Consentimento expreso e inequívoco para gravar/conservar/transferir as conversacións orixinadas durante a prestación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria.
- Consentimento expreso e inequívoco da persoa designada como persoa de apoio, para tratar os seus datos de contacto e domicilio, coa única finalidade de poder utilizalos en situacións de emerxencia.
- Consentimento expreso e inequívoco para tratar calquera outro dato persoal protexido pola actual normativa en protección de datos.

9. Punto de contacto

A Deputación Provincial da Coruña e a delegada de protección de datos da citada administración, serán os puntos de contacto para as persoas usuarias. Establecéndose como medios de contacto os seguintes:

- Escrito dirixido á Deputación da Coruña – Delegado de Protección de datos (Enderezo: Avenida Porto da Coruña, 2, 15003- A Coruña).
- Correo electrónico dirixido á delegada de Protección de Datos da Deputación da Coruña, delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

10. Incumprimento e responsabilidade

O incumprimento por parte de calquera das partes das obrigas referidas no presente acordo é extensible a ambas as dúas na súa xusta responsabilidade, respondendo perante as autoridades de Protección de Datos, ou perante calquera terceira persoa das infraccións derivadas da execución do presente acordo e do cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Os CORRESPONSABLES responderán da totalidade dos danos e perdas que se irroguen á outra parte en todos os supostos de conduta negligente ou culposa no cumprimento das obrigas que respectivamente lles incumben, a teor do pactado no presente acordo.

11.- Aprobación da concesión de subvención nominativa entre a Deputación e o Concello de Mesía para o financiamento das actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva:

- As actividades propostas polo Concello de Mesía enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Concello e xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante do lugar co obxecto de manter o pulso vital do municipio a través do funcionamento continuado deste espazo e realizar así unha grande variedade de actividades dirixidas, cada día, a toda a poboación e que satisfagan non só a súa alternativa de ocio senón que se convertan nunha forma de aprender.
- Segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste converter este lugar nun referente para os centros educativos galegos, nun lugar onde complementar coñecementos e adquirir outro novos
- Así mesmo pretende recuperar entornos danados e a posibilidade de convertelos en lugares de interese para a poboación que poderá achegarse ao mundo da cerámica e a súa importancia histórica e social en Galicia
- Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B para financiar o proxecto “Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga” que queda condicionado á aprobación do EMC 3/2019 cunha achega provincial de 56.460,12 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3336/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80 % con respecto a un orzamento de 70.575,15 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación

E doutra parte, o representante do Concello de Mesía

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MESÍA, CIF P1504800B**, para o financiamento das “*Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	56.460,12 €
Peón de xardinería	20.965,92 €
Peón de xardinería	18.767,76 €
Monitor de tempo libre	16.726,44 €
GASTOS CORRENTES	14.115,03 €
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.100,00 €
Material para obradoiros, talleres, etc.	1.472,63 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.100,00 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	900,00 €
Electricidade e teléfono	2.100,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.038,71 €
Abonos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	700,95 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1.100,00 €
Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanelería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.)	2.602,74 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade...	1.100,00 €
TOTAL	70.575,15 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 56.460,12 € (gastos de persoal) o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria

0510/3336/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MESÍA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DE MESÍA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, suscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESÍA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONCELLO DE MESÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura, ou no seu caso, desde o 01/01/2020 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2021, sempre e cando exista crédito para tal fin.**

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MESÍA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 28 de febreiro de 2021**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MESÍA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de

Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do
CONCELLO DE MESÍA"

12.- Aprobación da subvención nominativa entre a Deputación e o Concello de Oleiros para financiar a Feira de Olería tradicional "Alfaroleiros"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

- A actividade subvencionada ao Concello de Oleiros, relativa á "Feira de Olería Tradicional "Alfaroleiros" pretende mediante este evento a dinamización comercial, tendo en conta que se trata dun acto de exaltación desta artesanía tradicional, senón tamén na maior actividade de promoción do ámbito xeográfico no que esta inmersa. Contribuíndo decisivamente ao desenvolvemento socioeconómico . Xunto coa dinamización comercial, a mostra repercute igualmente nunha promoción económica da vila, xa que vai atraer unha grande afluencia de xente, fomentando a promoción cultural, turística, comercial e socioeconómica do entorno xeográfico da vila de Oleiros.
- Por todo o exposto, Alfaroleiros constitúe unha das mellores e máis poderosas ferramentas para a promoción cultural, turística e económica do Concello de Oleiros e serve este evento para apoiar un oficio tradicional como é a oleiría e potenciar ao mesmo tempo o uso da hostalería e do comercio existente na zona. A participación na feira estímase entre 10.000 e 15.000 persoas.
- Por outra banda segundo a memoria presentada polo concello, esta feira de olería tradicional ten carácter nacional xa que participan artesáns de distintos puntos da xeografía española, seleccionados pola calidade das súas obras, que durante unha semana amosan oa seus traballos ao público.

- Un dos obxectivos principais desta feira é promocionar o patrimonio da olería tradicional como medio de coñecemento da nosa identidade e como fonte de riqueza cultural e intelectual. Para acadar este fin, o Concello de Oleiros traballou activamente no deseño de ferramentas de difusión que facilitasen e atraesen o interese de usuarios e potenciais visitantes. Foi así como se puxo en marcha a Escola Municipal de Olería e a feira de olería popular “Alfaroleiros”.
- Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello Oleiros con CIF P1505900I para cofinanciar “Feira Olería Tradicional “Alfaroleiros” cunha achega provincial de 30.072,24 € con cargo á aplicación presupostaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80% con respecto a un orzamento de 37.590,30 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto “Feira Olería Tradicional “Alfaroleiros”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte , en representación da Excm. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte , en representación do CONCELLO DE OLEIROS

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE OLEIROS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE OLEIROS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a do **CONCELLO OLEIROS**, CIF P1505900I fixando as condicións que se impoñan por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto " Feira Olería Tradicional “Alfaroleiros”, que se celebrará entre os días do 1 ao 4 de agosto de 2019.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE OLEIROS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Contratación servizos eléctricos	665,50 €
Aluguer escenario	3.025,00 €
Póliza seguro pezas olería	140,00 €
Impresión bolsas de papel	1.200,00 €
Bolsas e bolígrafos co deseño dograffiti de Joseba Muguruza	783,48 €
Proxección películas Campeones e Bohemian Rhapsody	1.660,00 €
Concerto Familia Caamagno (caché+son+luces)	7.078,50 €
Imprenta	400,00 €
Transporte instrumentos concerto Banda de Música	370,00 €
Dirección concerto Banda Escola de Música	478,70 €
Gastos vixiancia nocturna e diurna Policía Municipal	3.867,52 €
Dereitos de autoría concerto Banda Música, concerto Familia Caamagno e proxeccións cine	987,00 €
Visita teatralizada	1.815,00 €
Concerto Sons do barro de Ernest Martínez e testos de barro	1.452,00 €
Concerto participativo "Testus" de Ernest Maftínez e testos de barro	813,79 €
Obradoiro+bautizo de barro	338,80 €
Xogos tradicionais	435,60 €
Convenio desprazamentos oleiros-as	5.061,41 €
Graffiti Joseba Muruzábal Pérez	7.018,00 €
TOTAL	37.590,30 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.072,24€ €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE OLEIROS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE OLEIROS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE OLEIROS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE OLEIROS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE OLEIROS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE OLEIROS, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.- O CONCELLO DE OLEIROS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE OLEIROS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago

prepagable.

5.- Asemade deberá acreditar de forma detallada que non prodúcese coincidencia ou solapamento algún entre os gastos do presente convenio e o de financiamento dos gastos do Forno Forte de Buño.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OLEIROS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE OLEIROS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE OLEIROS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o día 1 de xaneiro ata o 31 de outubro do ano 2019.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE OLEIROS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE OLEIROS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE OLEIROS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida coresponder..

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OLEIROS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE OLEIROS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONCELLO DE OLEIROS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE OLEIROS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE OLEIROS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE OLEIROS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE OLEIROS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de outubro do ano 2019**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril do ano 2020** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE OLEIROS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2020**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE OLEIROS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión

de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OLEIROS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día--- de de E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación
O representante do
CONCELLO DE OLEIROS"

13.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Arteixo para levar a cabo os proxectos relativos ao proxecto construtivo da rede ciclista da área metropolitana da Coruña no concello de Arteixo Fase 1.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar o texto e a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para levar a cabo os Proxectos da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña no Concello de Arteixo Fase 1:

TRAMO 1: BARRAÑÁN PROXECTO CONSTRUTIVO DE CARRIL BICI NA ESTRADA DP0514, PK 1+170 A PK 3+730 (Barrañán).448.674,15 €
TRAMO 2: VALCOBO PROYECTO CONSTRUTIVO DO CARRIL BICI ENTRE ESTRADA DP-0514 CON CARRIL BICI DO PASEO MARÍTIMO DE VALCOBO (Arteixo) 248.761,86 €
TRAMO 3: PRAIA DE ALBA VIA CICLISTA ENTRE A PRAIA DE ALBA E O CAMIÑO PERIMETRAL DO PORTO EXTERIOR. 157.436,56 €

Sendo o importe total da achega provincial de 854.872,57 € (IVA incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201, que representa un coeficiente de financiamento do 100,00%

2º Condicionar a entrada en vigor e por conseguinte, a eficacia do convenio, á acreditación da obtención de todas as licencias e autorizacións preceptivas así como á disponibilidad dos terreos para levar a cabo a obra.

3º.-Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario, ao extenderse a vixencia do convenio ao 31 de outubro de 2020

4º.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art.176 do texto refundido de la Ley de Haciendas Locales

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA LEVAR A CABO OS PROXECTOS RELATIVOS AO PROXECTO CONSTRUTIVO DA REDE CICLISTA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA NO CONCELLO DE ARTEIXO – FASE 1:

PROXECTO CONSTRUCTIVO DE CARRIL BICI NA ESTRADA DP0514, PK 1+170 A PK 3+730 (Barrañán).

**PROXECTO CONSTRUCTIVO DEL CARRIL BICI ENTRE ESTRADA DP-0514 CON CARRIL BICI DO PASEO MARÍTIMO DE VALCOBO (Arteixo).
VIA CICLISTA ENTRE A PRAIA DE ALBA E O CAMIÑO PERIMETRAL DO PORTO EXTERIOR**

Na Coruña, a _ de ____ do 2.0_

REUNIDOS

Dunha parte D. _____, o representante da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. _____, o representante do **Concello de Arteixo**,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas.

MANIFESTAN

- A Deputación Provincial da Coruña redactou o proxecto construtivo da “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, o cal recolle as obras necesarias para a conexión dos treitos de carrís de bicicletas existentes na cidade da Coruña cos concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, que constitúen a súa Área Metropolitana.
- As actuacións que se propoñen permiten a conexión de treitos ben diferenciados tanto polo seu tipo de percorrido, como polo ámbito urbano e natural que atravesan, permitindo que os usuarios deste medio de transporte como é a bicicleta, poidan compartir o seu uso lúdico como dun medio de transporte alternativo ao mesmo tempo.
- As políticas de promoción da mobilidade “branda”, de fomento da seguridade vial e da concienciación social teñen contribuído noutros países ao incremento deste modo de transporte que é económico, áxil, saudable e ecolóxico. Porén, calquera intento de potenciar o uso da bicicleta como medio habitual de transporte pasa, necesariamente, pola reordenación urbana e viaria, xunto coa execución dunha infraestrutura continua que permita garantir o uso continuado e alternativo ao transporte por estrada.
- Na Área Metropolitana existen 53 quilómetros de vías para bicicletas e, polo tanto, o que se pretende coas obras que vai recoller o proxecto é comunicar estes e construír outros novos para conseguir uns percorridos que permitan a mobilidade entre os concellos que configuran este entorno.
- O proxecto confirma a viabilidade técnica de crear un itinerario ciclista comarcal que posibilite percorrer o litoral dende as Praias de Barrañán (Arteixo) ata as de Mera (Oleiros), e dende outro ámbito natural como é a Presa de Cecebre preténdese incorporar o carril de bicicleta existente dende ela ata a desembocadura do río Mero na ría do Burgo, onde se fan as obras para conectalo co do paseo do Burgo ata a Ponte da Pasaxe.
- No proxecto recóllense as actuacións necesarias como son a sinalización, o acondicionamento, as novas estruturas de paso e aqueles treitos de nova construción, coa finalidade de acadar o obxectivo de xerar unha rede básica que poida ser ampliada no seu futuro por outras actuacións da mesma natureza. Nesta fase do proxecto lógrase establecer un itinerario para ciclistas de preto de 78 quilómetros.
- Por Acordo Plenario núm.9 do 30 de maio de 2014 aprobouse o proxecto denominado Rede Ciclista Da Área Metropolitana Da Coruña, cun orzamento de 3.625.000,00 €. (IVE incluído) exposto ao público mediante anuncio que se publicou no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm 113 de 16 de xuño de 2014
- O Concello de Arteixo, o 19 de outubro de 2018, solicita á Deputación unha subvención nominativa para cofinanciar a execución das obras correspondentes a separata do proxecto da Rede Ciclista Metropolitana. Concello de Arteixo- Fase 1, por importe de 875.767,78 €, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 78,84921 % dun orzamento que ascende a 1.110.686,62 €. Dita solicitude foi aprobada mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de outubro de 2018.
- Na mesma data, o concello de Arteixo presenta unha memoria na que xustifica e detalla a primeira fase de execución da Rede Ciclista desglosandoa en catro proxectos, para a

realización das seguintes obras de conexión entre carrís bicis xa existentes e novos trazados:

TRAMO 1: RAÑAL	PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO PASEO FLUVIAL DE ARTEIXO DENDE O POLÍGONO DE SABÓN ATA O RAÑAL.	255.814,05 €
TRAMO 2: BARRAÑÁN	PROXECTO CONSTRUCTIVO DO CARRIL BICI NA ESTRADA DP0514, PK 1+170 A PK 3+730 (Barrañán).	448.674,15 €
TRAMO 3: VALCOBO	PROXECTO CONSTRUCTIVO DO CARRIL BICI ENTRE ESTRADA DP-0514 CON CARRIL BICI DO PASEO MARÍTIMO DE VALCOBO (Arteixo).	248.761,86 €
TRAMO 4: PRAIA DE ALBA	VIA CICLISTA ENTRE A PRAIA DE ALBA E O CAMIÑO PERIMETRAL DO PORTO EXTERIOR.	157.436,56 €

Respecto ao proxecto de ampliación do paseo fluvial de Arteixo dende o Polígono de Sabón ata o Rañal: Conexión do carril bici existente no polígono e Sabón coa praia de Alba. Sínálase que se trata

“...dunha senda peonil e un carril bici que discorren xuntos durante 783 m pola marxe esquerda do río Bolaños (p.p.k.k. 0+000 a 0+715), para cruzar o río mediante unha pasarela de madeira e circular en paralelo á travesía do Rañal (p.p.k.k. 0+715 a 0+783). A nova senda conectase coa existente xunto ao aparcamento, na marxe oposta da travesía do Rañal, para o que se prevé a construción dun paso de peóns.”

Se considerou que a execución da Senda Peonil non é obxecto deste convenio e por tanto non executable dentro de este proxecto, polo que debería presentarse un novo orzamento no que conste exclusivamente as partidas, unidades...correspondentes ao proxecto da Rede Ciclista Metropolitana. Concello de Arteixo- Fase 1

En consecuencia, o concello de Arteixo, o 23 de novembro de 2018, presenta unha nova solicitude cunha nova memoria e orzamento, consistente, na execución de tres tramos en vez de catro, que serán financiados o 100% pola corporación provincial:

TRAMO 1: BARRAÑÁN	PROXECTO CONSTRUCTIVO DE CARRIL BICI NA ESTRADA DP0514, PK 1+170 A PK 3+730 (Barrañán).	448.674,15 €
TRAMO2: VALCOBO	PROXECTO CONSTRUCTIVO DEL CARRIL BICI ENTRE ESTRADA DP-0514 CON CARRIL BICI DOPASEO MARÍTIMO DE VALCOBO (Arteixo).	248.761,86 €
TRAMO 3: PRAIA DE ALBA	VIA CICLISTA ENTRE A PRAIA DE ALBA E O CAMIÑO PERIMETRAL DO PORTO EXTERIOR	157.436,56 €

7- O orzamento de execución total das obras que recollen os proxectos estímase en OITOCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E SETE EUROS (854.872,57) I.V.E. incluído.

8 - Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o 22 de novembro de 2018, acordouse aprobar os proxectos das obras referentes aos tramos:

TRAMO 1: BARRAÑÁN-PROXECTO CONSTRUCTIVO DE CARRIL BICI NA ESTRADA DP-0514, PK 1+170 A PK 3+730 (Barrañán).

TRAMO 2: VALCOBO-PROXECTO CONSTRUCTIVO DO CARRIL BICI ENTRE ESTRADA DP-0514 CON CARRIL BICI DO PASEO MARÍTIMO DE VALCOBO (Arteixo).

TRAMO 3: PRAIA DE ALBA-VIA CICLISTA ENTRE A PRAIA DE ALBA E O CAMIÑO PERIMETRAL DO PORTO EXTERIOR.

O proxecto de ampliación do paseo fluvial de Arteixo desde o polígono de Sabón ata o Rañal, executarase por parte do Concello de Arteixo

Visto o anterior considérase procedente a firma dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para a execución das obras do

Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña, que afectan a ese municipio.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións entre ambas as dúas administración

Por todo o exposto, a Deputación de A Coruña e o Concello de Arteixo acordan formalizar o presente convenio con suxeción ás seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Arteixo, CIF P1500500B, que permitan realizar as obras incluídas no proxecto construtivo da rede ciclista da área metropolitana da Coruña:

BARRAÑÁN-PROXECTO CONSTRUTIVO DE CARRIL BICI NA ESTRADA DP-0514, PK 1+170 A PK 3+730 (Barrañán) (TRAMO 1)

VALCOBO-PROXECTO CONSTUTIVO DO CARRIL BICI ENTRE ESTRADA DP-0514 CON CARRIL BICI DO PASEO MARÍTIMO DE VALCOBO (Arteixo). (TRAMO 2)

PRAIA DE ALBA-VIA CICLISTA ENTRE A PRAIA DE ALBA E O CAMIÑO PERIMETRAL DO PORTO EXTERIOR (TRAMO 3)

Estes documentos conteñen de feito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias establecidas no proxecto "Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña", aprobado con anterioridade.

O orzamento total da execución das obras estímase en 854.872,57 € I.V.E. incluído, e que corresponden ás actuacións a realizar no concello de Arteixo.

SEGUNDA. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO DAS OBRAS.

O orzamento total de execución de contrata da obra, segundo os proxectos técnicos ós que se fai referencia na cláusula anterior, é o seguinte:

PROXECTO CONSTRUTIVO DE CARRIL BICI NA ESTRADA DP0514, PK 1+170 A PK 3+730 (Barrañán). Tramo1
--

PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL	311.600,91
13,00 % Gastos generales.....	40.508,12
6,00 % Beneficio industrial
18.696,05	
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	370.805,08
21% IVA.....	77.869,07
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN MAS IVA	448.674,15 €

PROXECTO CONSTUTIVO DO CARRIL BICI ENTRE ESTRADA DP-0514 CON CARRIL BICI DO PASEO MARÍTIMO DE VALCOBO _Tramo 2

PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL	172.763,28
13,00 % Gastos generales	22.459,23
6,00 % Beneficio industrial	10.365,80
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	205.588,31
21% IVA	43.173,55
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN MÁS IVA	248.761,86 €

VIA CICLISTA ENTRE A PRAIA DE ALBA E O CAMIÑO PERIMETRAL DO PORTO EXTERIOR._ Tramo 3

PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL_____	109.338,54
13% de gastos generales	14.214,01
6% de beneficio industrial.....	6.560,31
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN_____	130.112,86
21%IVA.....	27.323,70
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN MÁS IVA _____	157.436,56 €

2- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal e como se define na cláusula anterior cunha **achega máxima de 854.872,57 €** o que representa unha porcentaxe do 100,00%.

3- No caso de que o importe máximo xustificado non alcanzara o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só aportará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada.

4- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, polo tanto, non se financiarán os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios pola dirección das obras, seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiará os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións de obra.

5- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201 do orzamento provincial do ano 2019.

6- Dado que a vixencia do convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ó cumprimento da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

TERCEIRA. DISPOSICIÓN DOS TERREOS NECESARIOS AUTORIZACIÓNS E LICENCIAS PRECEPTIVAS.

1. O concello non dispón a data da sinatura do convenio, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras incluídas nos proxectos dos distintos tramos do carril bici, que afectan ó termo municipal, así como á reposición de servizos e servidumes afectados.

2. Así mesmo, non dispón de tódalas licenzas e autorizacións preceptivas, se ben, realizáronse as xestións pertinentes ante os organismos correspondentes, para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo a cargo do concello os custos que se xeren.

3. A entrada en vigor e en consecuencia a eficacia do convenio, queda condicionada á acreditación da disposición dos terreos necesarios libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras incluídas nos proxectos dos distintos tramos do carril bici, así como á disposición de tódalas licenzas e autorizacións preceptivas

CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas nos proxectos ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao

disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da actuación.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

SEXTA. DIRECCIÓN DAS OBRAS. COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE.

1. A dirección das obras realizarase por persoal dos servizos técnicos do concello de Arteixo e/ou por medios externos. Así mesmo, actuará como codirector/a persoal técnico designado pola Deputación da Coruña.

2. O concello de Arteixo levará a cabo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A APORTACIÓN PROVINCIAL

Procederase ao **pago da achega provincial** a favor do concello, **correspondente a cada tramo**, unha vez que se achegue ó expediente a documentación que a continuación se relaciona correspondente a cada tramo (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

1. Ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do concello de Arteixo pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra de cada tramo, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Copia do contrato de obra .
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula quinta, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Acreditación do cumprimento das obriga de publicidade previstas na cláusula quinta .

2. O aboamento da contía materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

3. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe total no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

OITAVA. ACTA DE RECEPCIÓN.

O concello de Arteixo notificaralle á Deputación da Coruña a data de formalización da acta de recepción das obras coa debida antelación para que asista un representante designado pola Deputación da Coruña

NOVENA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da achega provincial, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

DÉCIMA. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte

aplicable.

3. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

UNDÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de cooperación **producirá efectos dende o momento en que o concello acredite a disposición dos terreos e as autorizacións e licenzas preceptivas para a realización das obras** e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO do 2020. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 30 de SETEMBRO de 2020, a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

DUODÉCIMA. NATUREZA E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

O presente convenio ten natureza administrativa sendo xurisdición contencioso-administrativa a competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

DÉCIMOTERCEIRA.- EFICACIA DO CONVENIO

A eficacia do convenio, queda condicionada á acreditación da disposición dos terreos necesarios **libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras incluídas nos proxectos dos distintos tramos do carril bici, así como á disposición de tódalas licenzas e autorizacións preceptivas**

Faise constar que o presente convenio foi aprobado e sesión plenaria de data __de ____do 2.0__

Así din e asinan, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento."

14.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o concello de Padrón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "proxecto de arranxo na Escola do Couto"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Padrón para cofinanciar as obras do "Arranxo na escola Do Couto" cunha achega provincial de 55.500.00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/323/762.01 o que representa un coeficiente de financiamento do 79.28571 % respecto dun orzamento de 70.000.00 euros e **validar as actuacións**, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

4º- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADRÓN POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO "PROXECTO DE ARRANXO NA ESCOLA DO COUTO"

Na Coruña, a ___ de _____ de 201_

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Padrón**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos

servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamiento, gestión, ejecución y disciplina urbanística. Protección y gestión del Patrimonio histórico. Promoción y gestión de la vivienda de protección pública con criterios de sostenibilidad financiera. **Conservación e rehabilitación de la edificación.**

“ O Concello de Padrón considera de primeira necesidade as actuación sobre as Escolas infantís, especialmente aquelas que inciden sobre a seguridade das mesmas.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as reparacións na Escola do Couto, incidindo principalmente nas fachadas e cuberta, así como a mellora da eficiencia enerxética, motivadas principalmente por razóns de interese público, social e económico”.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar o **“PROXECTO DE ARRANXO NA ESCOLA DO COUTO”** motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Padrón** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Padrón** con CIF **P1506600D**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras do **“PROXECTO DE ARRANXO NA ESCOLA DO COUTO”** tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Arquitecto D.Oscar Pidre Mosquera **Nº colexiado 3.964**

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	48.614,49 euros
Gastos xerais 13,00%	6.319,88 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	2.916,87 euros
IVE (21%)	12.148,76 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	70.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **55.500** euros o que representa unha porcentaxe de **79,28571%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,28571%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/323/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar

do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta

da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa súa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do**

2021, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

15.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto básico e de execución do "Mercado Cultural" (reestructuración para centro cultural da planta alta do Mercado Municipal de Fisterra)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Fisterra para cofinanciar as obras do proxecto básico e de execución de **"Mercado Cultural" (reestructuración para centro cultural da planta alta do mercado municipal de Fisterra)** cunha achega provincial de 200.000,00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/431.2/762.01, o que representa

un coeficiente de financiamento do 78,90324 % respecto dun orzamento de 253.475,00 euros **validar as actuacións**, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FISTERRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE “MERCADO CULTURAL” (REESTRUCTURACIÓN PARA CENTRO CULTURAL DA PLANTA ALTA DO MERCADO MUNICIPAL DE FISTERRA)

Na Coruña, a ___ de _____ de 2019
REUNIDOS

Dunha parte, o representante da **Excma. Deputación da Coruña**
doutra parte o representante do **Concello de Fisterra**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

- i) Ferias, abastos, mercados, lonjas y comercio ambulante
- m) Promoción de la cultura y equipamientos culturales

Nas circunstancias descritas é sorprendente a carencia na vila de Fisterra dun equipamento sociocultural axeitado para a celebración de determinadas actividades. A día de hoxe o único local axeitado para actos públicos é o salón de plenos do Concello, o cal ademais da súa reducida capacidade ten serios problemas de accesibilidade. O Concello conta cun edificio excelentemente situado no corazón da vila, fronte ao mar na praia da Ribeira, adicado a mercado municipal.

Dada a configuración do edificio seguindo a liña de máxima pendente do terreo cara ao mar, a planta alta é accesible a nivel terreo pola súa fachadas oeste e norte, co que se abre a posibilidade de utilizala mediante unhas obras relativamente sinxelas e abarcables sen demasiado custo, como a “Casa da Cultura” da que carece a vila de Fisterra, e que dados os

antecedentes do uso do edificio e a continuidade do mesmo na planta baixa do mesmo, propónse denominar como “MERCADO MARIÑEIRO E CULTURAL”. Pretende por tanto ser unha instalación multidisciplinar que albergue de forma permanente algunhas das instalacións, actividades e recursos culturais municipais ademais de acoller concertos, obras de teatro, conferencias e cursos.

Esta actuación redundaría nunha mellora considerable dos servizos ofrecidos á poboación local e aos turistas, peregrinos e visitantes, no eido da Cultura, mellorando significativamente a calidade de vida da poboación a través dunha maior calidade e un maior abano de actividades culturais para desfrute dun espazo que ata agora estaba infrautilizado.

O obxecto da presente actuación é a adaptación da planta alta do mercado actual, (actualmente un espazo sen acondicionar e sen uso definido xa que cesou a súa utilización antiga como mercado), para constituírse nun "Mercado cultural", no que habilitarse un espazo polivalente e versátil susceptible de celebrar actos culturais e xuntanzas cun aforo de 198 prazas, o local disporá dun estrado elevado e contará con iluminación e ventilación tanto natural como artificial dotando as fiestras de persianas que permitan o escurecemento total. Construírse un bloque de aseos e habilitaranse un espazo para local de ensaios musicais debidamente acondicionado e unha sala de xuntas e reunións.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Fisterra** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello da Fisterra** con CIF **P1503800C**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE “MERCADO CULTURAL” (REESTRUCTURACIÓN PARA CENTRO CULTURAL DA PLANTA ALTA DO MERCADO MUNICIPAL DE FISTERRA) tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Arquitecto Vicente Rivas Negreira Nº de Colexiado 1542.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	176.036,53 euros
Execución material, (gastos xerais, control, b.i.)	33.446,94 euros
IVE (21%)	43.991,53 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	253.475,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **200.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **78,90324** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **78,90324** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/431.2/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba,

dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de

Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Fundación Meniños para a cesión de uso dun local no edificio A Milagrosa.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Redactar unha convocatoria pública de bases e a determinación dos criterios obxectivos para a selección para que, en base aos principios de publicidade e concorrència, poidan ter

acceso ao uso de locais da Deputación máis entidades sen ánimo de lucro que o soliciten e o precisen.

2º.- Iniciar expediente de cesión de uso á Fundación Meniños dun local de 325,80 m2 no edificio da Milagrosa, 2ª planta, e polo prazo dun ano, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia con carácter gratuito, tendo en conta que esta entidade está a usar estes locais e sempre que non se perxudique o funcionamento da mesma ata o momento en que se publiquen as bases e fágase efectiva a selección das entidades.

- REFERENCIA CATASTRAL: 7899201NH4979N0001FD
- ADQUISICIÓN: é parte do solar comprado á familia Puga, por escritura pública do 28 de xullo de 1.888 outorgada por D. Manuel Devesa Gago, rectificada por outra do 10 de maio 1.889, sobre o solar, construiu a Deputación ás súas expensas.
- DESTINO: Cesión a Fundación Meniños

3º.- Aprobar o texto do Convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso á Fundación Meniños, condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión.

4º.- Someter o expediente a información pública por prazo de 15 días, mediante anuncio a publicar no BOP, para oír reclamacións, que serán resoltas polo Pleno da Corporación.

5º.- Dar conta da cesión de uso á Comunidade Autónoma de Galicia.

6º.- Unha vez cumprido o trámite a que refírese o apartado 4º será sometido novamente o expediente á súa aprobación definitiva polo Pleno.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A CESIÓN DE USO DUN LOCAL NO EDIFICIO A MILAGROSA

Na Coruña , a de de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación provincial da Coruña, e

Doutra parte, o representante da Fundación Meniños.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Fundación Meniños é unha Fundación de carácter privado, sen ánimo de lucro e de natureza permanente.

A Fundación Meniños foi constituída en escritura autorizada polo Notario de Betanzos, Don León-Miguel López Rodríguez, o día 8 de marzo de 1.996, co número 710 de protocolo, e declarada benéfico asistencial por Resolución da Consellería da Presidencia e Administración da Xunta de Galicia con data do 1 de abril de 1.996 (publicada no Diario Oficial de Galicia do 16 de abril de 1.996) e declarada de interese galego por resolución da Consellería de Familia, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia con data do 17 de abril de 1.996 (Diario Oficial de Galicia do 22 de abril), constando debidamente rexistrada no Rexistro de Fundacións de interese galego da Xunta de Galicia co número 1996/2.

Segundo.- A Fundación Meniños ten por obxecto (artigo 5.1 dos Estatutos) a protección da

infancia de acordo con o previsto na lexislación estatal e naquelas autonómicas que correspondan e os principios recolleitos na Convención dos Dereitos do Neno e demais normas aplicables, procurando e defendendo unha vida socio-familiar digna para a infancia, especialmente para os menores máis desfavorecidos por mor de inxustizas estruturais e persoais.

O que antes era MENIÑOS, Fundación para a Infancia, é agora a Fundación Meniños por modificación do cambio de denominación en virtude de acordo do Padroado elevado a público en escritura autorizada polo Notario da Coruña, D. Víctor Peón Rama o día 10 de marzo de 2008, co número 470 de protocolo, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia.

Terceiro.- Para cumprir con este fin, a Fundación Meniños promoverá as seguintes actividades (artigo 5.2 dos Estatutos):

- a) Facilitar a integración socio-familiar dos menores en situación de desamparo.
- b) Colaborar na eliminación ou diminución de situacións de risco que afecten á infancia e ás súas familias.
- c) Impulsar programas de estudo e formación permanente e reciclaxe de profesionais, procedendo mesmo á edición en calquera soporte e difusión por calquera canle de materiais e eventos de formación.
- d) Promover programas de información e sensibilización social en favor dos dereitos da Infancia.
- e) Intervir, como institución colaboradora de integración familiar, nos casos legalmente previstos.
- f) Cooperar con organizacións de defensa e atención aos dereitos e necesidades da infancia dentro e fóra de España.
- g) Calquera outras actividades ou prestacións relacionadas co obxecto fundacional.

Cuarto.- A fin de colaborar con Entidades de iniciativa social dedicadas a desenvolver programas e actividades do sector da familia e infancia, a Deputación provincial da Coruña en sesión plenaria celebrada o 25 de novembro de 2004 (BOP nº 283 do 10 de decembro de 2004) aprobou inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio de "A Milagrosa".

En sesión plenaria ordinaria celebrada o 24 de febreiro de 2005 aprobouse definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio de "A Milagrosa".

Quinto.- Local do Edificio "A Milagrosa" que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro cunha superficie de 325,80 m2.

A Diputación da Coruña conta cun local no edificio da Milagrosa que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro, cunha superficie de 325,8 m2 cun adecuado estado de conservación para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia, infancia con carácter gratuíto.

Mediante acordo plenario con data do 24-2-2005 aprobouse o expediente de desafección parcial do edificio a Milagrosa cunha superficie de 325,80 m2 quedando cualificada como ben patrimonial.

Municipio:	A Coruña.
Situación do inmovible:	Avda. de Cádiz, 5 - 15008 A Coruña Sendo a superficie do local de 325,80 m2, na planta segunda,
para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia con carácter gratuíto	
Referencia Catastral:	7899201NH4979N0001FD
Adquisición:	É parte da leira comprada á familia Puga, por escritura publica do 28 de xullo de 1.888 outorgada por D. Manuel Devesa Gago, rectificada por outra do 10 de maio 1.889. Sobre o solar, que construíu a Deputación ás súas expensas.
Rexistro:	Non consta

Sexto.- A Deputación reconece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuír á súa consecución mediante a cesión de uso do local.

Por todo o exposto, acordan formalizar o presente Convenio de acordo con as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO

A Deputación Provincial da Coruña autoriza á Fundación Meniños a usar con carácter gratuíto os espazos situados na planta 2ª do Colexio da Milagrosa e cunha superficie de 325,80 m² útiles, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia, con carácter gratuíto.

Os bens obxecto de cesión de uso valóranse, a efectos de aluguer, nun prezo de 5,87 €/m² mes, o que resulta en 22.949,4 euros para o ano da cesión (a razón de 1.912,45 euros ao mes), de acordo con a taxación realizada polo Servizo de Arquitectura da Deputación da Coruña no ano 2019, aínda que o cesionario non terá que abonar este importe.

Segunda.- OBRIGAS DO CESIONARIO

- Os espazos cuxos usos se autorizan utilizaranse pola Fundación Meniños exclusivamente para os fins indicados. Para estes efectos, A Fundación quedará obrigada a presentar ao finalizar o ano (durante o primeiro trimestre do exercicio seguinte) unha memoria explicativa dos Plans, Programas e actividades desenvolvidas pola Entidade no ámbito da Provincia.

- A publicidade da Deputación debe aparecer resaltada en todos os documentos e dípticos, explicitándose a cesión dos locais á Fundación. Nunha parte principal da páxina web debe indicarse, xunto ao logotipo da Deputación, a cesión dos locais. Así mesmo, en todos os actos que celebre a Fundación ou que se realicen no inmovible cuxo uso se autoriza, farase constar a colaboración entre ambas institucións.

- Do Programa de Integración Familiar que Meniños desenvolve na provincia, cederá 2 prazas á Deputación, a disposición do Fogar Infantil Emilio Romay (F.I.E.R.), para traballar a integración familiar. Ditas prazas serán xestionadas polo F.I.E.R. e para iso redactarase un programa de mutuo acordo entre Meniños e o F.I.E.R. para a xestión das mesmas.

- A Fundación comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, non podendo realizar obras sen a autorización da Deputación.

- En tanto estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica e aqueles loutros que deriven do uso dos locais correrán a cargo da Fundación Meniños, cos correspondentes contadores individuais.

- O Servizo de Patrimonio, por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación (Servizos Sociais, Arquitectura e Mantemento, etc) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

- O pago do IBI do inmovible será por conta da Fundación Meniños

Terceira.- PRAZO DE CESIÓN DE USO

O prazo de cesión de uso do local será dun ano, en tanto se redacta unha proposta de convocatoria pública de bases que faga efectiva a selección de entidades e a determinación dos criterios obxectivos para a selección, a contar desde o 26 de outubro de 2019. Non obstante a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de 3 meses, e sen que por este

motivo teña dereito a Fundación Meniños a indemnización algunha, debendo devolver os bens en perfecto estado de conservación.

Cuarta.- CAUSAS DE REVERSIÓN

Serán causas de reversión automaticamente da cesión de uso:

- 1) O cumprimento do prazo de cesión.
- 2) O incumprimento de calquera das condicións de cesión establecidas no presente convenio e, en especial, as seguintes:
 - Deixar de realizar as actividades que constitúen o obxecto da cesión. Prestar inadecuadamente tales actividades.
 - O incumprimento pola entidade cesionaria da normativa reguladora dos Servizos Sociais, Sanitarios, Laborais e Seguridade Social, prevención de riscos laborais e calquera outra normativa aplicable.
 - A realización de obras no inmovible sen a autorización da Deputación.
 - O incumprimento pola entidade cesionaria do deber de conservación do inmovible.

A finalización do presente convenio por calquera destas causas produciría a reversión do local coas súas eventuais melloras e accesorios, quedando extinguido automaticamente o dereito de ocupación dos anteriores bens outorgados á Fundación por medio do presente convenio. A Excm. Deputación Provincial non asumirá en ningún caso os contratos de traballo que puidese levar a cabo a Función para o cumprimento dos seus fins, sen que por tanto, pódase entender que a reversión implique a sucesión de empresa prevista na lexislación.

Quinta.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio suscítense entre as partes.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2019.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento."

17.- Aprobación inicial do Plan de Travesías, terceira fase

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1) Aprobar inicialmente ou PLAN DE TRAVESÍAS 2019 3ª FASE cun orzamento total de 770.183,68 €.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
DP 5811 /R Oleiros a Coruxo de Arriba. Travesía ramal rúa do Souto (Oleiros), CÓDIGO 2019.1130.0003.0	770.183,68
TOTAL	770.183,68 €

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera por tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e apróbase definitivamente o plan e a correspondente fase do mesmo.

2) Remitir o citado proxecto ao Concello de Oleiros para vos efectos da adopción dos

acordos e remisión da documentación a que refírese a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e vos Concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de Travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno en Sesión celebrada o 29-07-2016 (BOP 144/1-08-2016)."

18.- Aprobación do Plan de Conservación en vías provinciais, quinta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (PP)

ACORDO

O Pleno por maioría, acorda o seguinte:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2019, QUINTA FASE cun orzamento total de 310.777,69 €, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

DENOMINACION DA OBRA	CÓDIGO	IMPORTE
Mellora de firme con MBQ na DP 1904 Feira de Berdillo ao Moucho pq 0+000 ao 2+450 (Carballo)	2019.1100.0038.0	310.777,69 €

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

19.- Aprobación da ratificación da Resolucion de Presidencia número 43202 de 29/11/2019 pola que se rectifica erro material na adxudicación das obras contidas no proxecto modificado nº1 do de DP 2502 Actualización proxecto de ampliación e mellora do trazado na DP 2502 Valdoviño a Cerdido PQ 3+000 ao 5+600 (Valdoviño) 2016.1110.0010.1

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 do PP, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, acorda:

"Ratificar a Resolucion de Presidencia número 43202 de 29/11/2019 pola que se rectifica erro material na adxudicación das obras contidas no proxecto modificado nº1 do de DP 2502 Actualización proxecto de ampliación e mellora do trazado na DP 2502 Valdoviño a Cerdido

PQ 3+000 ao 5+600 (Valdoviño) 2016.1110.0010.1

“RESOLUCIÓN POLA QUE SE RECTIFICA ERROR MATERIAL NA ADXUDICACION DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DP 2502 ACTUALIZACION PROXECTO DE AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO NA DP 2502 VALDOVIÑO A CERDIDO PQ 3+000 AO 5+600 (VALDOVIÑO) (CÓDIGO DO PROXECTO: 2016.1110.0010.1)

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación provincial da Coruña

Visto o erro material detectado nos cálculos aritméticos no prezo de adxudicación das obras contidas no proxecto **MODIFICADO Nº 1 DP 2502 ACTUALIZACION PROXECTO DE AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO NA DP 2502 VALDOVIÑO A CERDIDO PQ 3+000 AO 5+600 (VALDOVIÑO) (CÓDIGO DO PROXECTO: 2016.1110.0010.1)** aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 13 de setembro de 2019

RESOLVO:

Rectificar o citado erro material no sentido que:

ONDE DI:

2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., CIF: B15.009.533, as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un presuposto de adxudicación de 693.613,27 €, o que representa unha diferenza de 88.717,33 € con respecto ao prezo de adxudicación.

3. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 3.666 €, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en 28.661,70 €.

DEBE DICIR:

2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., CIF: B15.009.533, as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un presuposto de adxudicación de 693.596,69 €, o que representa unha diferenza de 88.700,75 € con respecto ao prezo de adxudicación.

3. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 3.665,32 €, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en 28.661,02 €.

Quendado, en base ao principio de importancia relativa, redactado o citado acordo do seguinte modo e debendo ratificarse polo Pleno da Corporación co fin de non demorar o pago das certificacións:

1. Aprobar o Proxecto MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DP 2502 ACTUALIZACION PROXECTO DE AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO NA DP 2502 VALDOVIÑO A CERDIDO PQ 3+000 AO 5+600 (VALDOVIÑO) CÓDIGO DA OBRA: 16.1110.0010.1, polo seu presuposto de contrata de 1.133.725,51 € que supón un incremento de 144.986,71 € respecto ao primitivo.
2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., CIF: B15.009.533, as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un presuposto de adxudicación de 693.596,69 €, o que representa unha diferenza de 88.700,75 € con respecto ao prezo de adxudicación.
3. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 3.665,32 €, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a

formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en 28.661,02 €.

4. Ratificar a presente Resolución polo Pleno da Corporación.”

20.- Aprobación da segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación da segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial

Logo de ver o acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan Complementario, realizado polo Pleno desta deputación o 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, no marco das Bases reguladoras do POS+ 2019, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP nº 188, do 2 de outubro de 2018

Visto o crédito procedente dunha maior achega provincial ao POS+ 2019 por importe de 39.000.000,00 €, consignado nos Expedientes de modificación de créditos 1/2019 e 2/2019, aprobados polo Pleno desta deputación o 1 de marzo e o 26 de abril de 2019 respectivamente, e desagregado para esta 2ª fase nos programas orzamentarios correspondentes aos distintos tipos de obra mediante o Expediente de modificación de créditos 5/2019, aprobado mediante acordo plenario do 21 de novembro de 2019 que está actualmente en fase de exposición pública, polo que a aprobación desta 2ª fase debe condicionarse á entrada en vigor do dito Expediente de modificación de créditos 5/2019.

Vista a primeira fase do POS+ Adicional 1/2019, aprobada mediante a Resolución de Presidencia número 32577 do 27 de setembro de 2019 (modificada mediante Resolución de Presidencia número 37340 do 23 de outubro de 2019), en relación coa Resolución de Presidencia número 36014 do 17 de outubro de 2019 (modificada mediante Resolución de Presidencia número 37339 do 23 de outubro de 2019), e co acordo plenario do 26 de abril de 2019 (relativo á aprobación do POS+ 2019 e ou seu Plan Complementario), na que se incluían os investimentos financeiramente sostibles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2019. Vistas as solicitudes presentadas polos concellos que participan nesta segunda e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, solicitando investimentos financeiramente sostibles, algúns deles previstos no Plan Complementario aprobado xunto co Plan Base, e outros novos

1.- Aprobar a **segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial**, na que se inclúen "investimentos financeiramente sostibles", algúns deles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2019 e outros novos, cuxo resumo de datos de financiamento é o que deseguido se indica, e cuxo detalle figura nos anexos I e II :

POS+ ADICIONAL 1/ 2019 2ª FASE			
RESUMO XERAL			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Investimentos financeiramente sostibles	16.245.962,35	908.460,16	17.154.422,51
TOTAL	16.245.962,35	908.460,16	17.154.422,51

ANEXO I	Resumo xeral por concello
ANEXO II	Investimentos financeiramente sostibles

A aprobación definitiva dos investimentos que no Anexo II teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

2.- O financiamento da achega provincial a esta segunda e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial realízase con cargo aos créditos consignados nos expedientes de modificación de créditos 1/2019 e 2/2019, que se desagregan nas distintas partidas correspondentes aos seus distintos obxectos mediante o Expediente de modificación de créditos 5/2019, aprobado polo Pleno desta deputación na sesión do 21 de novembro de 2019, que está en exposición pública, polo que a aprobación definitiva desta fase queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 5/2019 no que se consigna crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento nos seguintes programas:

PROGRAMAS		POS+AD 1/2019 2ª Fase
Seguridade e orde pública	1322	47.428,31
Ordenación do tráfico	1336	135.170,99
Extinción de incendios	136	42.557,25
Vías públicas	1537	5.853.929,61
Rede sumidoiros	1606	1.687.602,94
Abastecemento de auga potable	1615	1.178.831,39
Iluminación pública	1656	160.095,07
Parques e xardíns	1716	1.444.921,05
Centros docentes	323	127.854,77
Equipamentos culturais	3337	81.917,61
Instalacións deportivas	342	1.553.967,48
Estradas	4530	2.378.607,71
Camiños veciñais	4547	1.003.997,34
Xestión patrimonio	93396	549.080,83
TOTAL		16.245.962,35

3.- A contratación e a execución dos investimentos incluídos nesta 2ª e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2019 realízase polos respectivos concellos de acordo coas instrucións que figuran nas Bases 7, 8 e 9 das Reguladoras do POS+ 2019, salvo no relativo aos prazos de contratación e execución, que se amplían ata o 30 de novembro de 2020 e 30 de novembro de 2021, respectivamente.

4.- O resumo xeral da 1ª e 2ª fase do POS+Adicional 1/2019 figura no Anexo III, no que se recollen os datos da aplicación polos 93 concellos da provincia dos 39.000.000,00€ de maior achega provincial, a través das dúas fases do Plan, cuxo detalle por programas é o que figura na seguinte táboa:

ANEXO IV	Resumo total 1ª e 2ª fase do POS+ Adicional 1/2019
----------	--

PROGRAMAS		POS+AD 1/2019 1ª Fase	POS+AD 1/2019 2ª Fase	POS+AD 1/2019 TOTAL
Seguridade e orde pública	1322	30.000,00	47.428,31	77.428,31
Ordenación do tráfico	1336	36.874,91	135.170,99	172.045,90

PROGRAMAS		POS+AD 1/2019 1ª Fase	POS+AD 1/2019 2ª Fase	POS+AD 1/2019 TOTAL
Extinción de incendios	136		42.557,25	42.557,25
Vías públicas	1537	7.617.475,88	5.853.929,61	13.471.405,49
Rede sumidoiros	1606	2.704.829,65	1.687.602,94	4.392.432,59
Abastecemento de auga potable	1615	1.219.958,69	1.178.831,39	2.398.790,08
Tratamento de residuos	16216	30.636,98	0,00	30.636,98
Iluminación. pública	1656	431.825,55	160.095,07	591.920,62
Parques e xardíns	1716	1.020.662,84	1.444.921,05	2.465.583,89
Centros docentes	323		127.854,77	127.854,77
Equipamentos culturais	3337	512.060,38	81.917,61	593.977,99
Instalacións deportivas	342	631.532,74	1.553.967,48	2.185.500,22
Estradas	4530	4.707.043,78	2.378.607,71	7.085.651,49
Camiños veciñais	4547	2.641.496,87	1.003.997,34	3.645.494,21
Xestión patrimonio	93396	1.151.457,91	549.080,83	1.700.538,74
	TOTAL	22.735.856,18	16.245.962,35	38.981.818,53
			Economías	18.181,47
			TOTAL	39.000.000,00

5.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

6.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no artigo 29.2) da Lei 6/1997, de 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado e a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

7.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

8.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións."

POS+ ADICIONAL 1/ 2019 2ª FASE
ANEXO I - RESUMO XERAL POR CONCELLO

CONCELLO	INVESTIMENTOS 2ª FASE		
	DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL
Abegondo	326.064,98	0,00	326.064,98
Ames	57.045,22	0,00	57.045,22
Aranga	336.565,88	0,02	336.565,90
Ares	109.792,64	6.511,75	116.304,39
Arteixo	473.570,49	199.443,42	673.013,91
Arzúa	250.920,96	0,00	250.920,96
Betanzos	47.428,31	0,00	47.428,31
Boimorto	102.410,52	0,00	102.410,52
Boiro	382.911,24	0,00	382.911,24
Boqueixón	186.165,18	0,00	186.165,18
Brión	240.449,44	66.286,03	306.735,47
Cabana de Bergantiños	294.632,41	11.930,74	306.563,15
Cabanas	98.137,32	0,00	98.137,32
Camariñas	91.797,12	0,00	91.797,12
Cambre	654.553,64	2.664,65	657.218,29
Capela (A)	58.560,03	13.439,97	72.000,00
Carnota	178.306,00	0,00	178.306,00
Carral	133.705,77	0,00	133.705,77
Cedeira	87.648,86	1.885,79	89.534,65
Cee	52.007,08	12.509,40	64.516,48
Cerceda	234.724,38	0,00	234.724,38
Cerdido	102.783,25	0,00	102.783,25
Coirós	117.886,87	184,99	118.071,86
Corcubión	56.969,56	0,00	56.969,56
Coristanco	235.477,06	0,00	235.477,06
Coruña (A)	25.456,49	16.893,30	42.349,79
Culleredo	482.725,39	18.558,33	501.283,72
Curtis	229.878,82	0,00	229.878,82
Dodro	111.928,92	0,00	111.928,92
Fene	82.466,36	9.191,15	91.657,51
Frades	183.105,10	0,00	183.105,10
Irixoa	130.131,95	0,00	130.131,95
Laxe	99.360,59	0,00	99.360,59
Laracha (A)	302.507,24	40.000,00	342.507,24
Lousame	20.715,00	0,00	20.715,00
Malpica de Bergantiños	195.895,62	0,00	195.895,62
Mañón	142.038,84	0,00	142.038,84
Mazaricos	291.495,41	0,00	291.495,41
Melide	249.782,49	0,00	249.782,49
Mesía	217.065,18	0,00	217.065,18
Miño	119.416,24	10.267,06	129.683,30
Moeche	97.308,98	18.536,26	115.845,24
Monfero	247.986,42	4.546,17	252.532,59
Mugardos	143.903,77	76.297,97	220.201,74

CONCELLO	INVESTIMENTOS 2ª FASE		
	DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL
Muxía	253.576,57	10.469,88	264.046,45
Muros	219.789,38	140,97	219.930,35
Narón	397.064,31	986,37	398.050,68
Negreira	303.194,01	0,00	303.194,01
Noia	416.879,50	0,00	416.879,50
Oleiros	413.561,13	16.858,58	430.419,71
Ordes	230.704,56	0,00	230.704,56
Oroso	214.431,57	0,00	214.431,57
Ortigueira	279.089,45	0,00	279.089,45
Outes	282.512,14	0,00	282.512,14
Paderne	94.220,95	0,00	94.220,95
Padrón	123.524,80	0,00	123.524,80
Pino (O)	241.712,02	16.570,02	258.282,04
Pobra do Caramiñal (A)	165.925,79	47.805,91	213.731,70
Ponteceso	144.438,02	0,00	144.438,02
Pontes de García Rodríguez (As)	53.298,98	13.838,64	67.137,62
Porto do Son	58.834,15	25.984,44	84.818,59
Rianxo	63.300,00	0,00	63.300,00
Ribeira	379.719,79	0,00	379.719,79
Roís	170.062,91	0,00	170.062,91
Sada	225.367,76	0,00	225.367,76
San Sadurniño	49.237,38	0,00	49.237,38
Santa Comba	5.605,55	30.226,12	35.831,67
Santiago de Compostela	167.827,07	0,00	167.827,07
Santiso	75.226,71	5.842,75	81.069,46
Sobrado	35.212,62	0,00	35.212,62
Somozas (As)	119.923,73	0,00	119.923,73
Toques	133.694,88	0,00	133.694,88
Tordoia	294.923,74	18.539,42	313.463,16
Touro	261.474,41	0,00	261.474,41
Trazo	289.252,10	0,00	289.252,10
Valdoviño	212.873,96	0,00	212.873,96
Vedra	95.441,89	32.813,51	128.255,20
Vilasantar	137.937,80	0,02	137.937,82
Vilarmaior	89.013,96	61,93	89.075,89
Vimianzo	383.366,82	0,00	383.366,82
Zas	283.139,03	101.097,11	384.236,14
Cariño	244.969,20	0,00	244.969,20
Oza-Cesuras	351.951,29	78.077,49	430.028,78
TOTAL	16.245.962,35	908.460,16	17.154.422,51

Número concellos 1 e 2ª fase	79 (Carballo non participa nesta 2ª fase)
Número concellos 2ª fase	4
TOTAL	83

POS+ ADICIONAL 1/2019 2ª FASE
ANEXO II: INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN	PROGRAMA
ABEGONDO	19.2001.0624.0	Urbanización de calles na Igrexa, Mabegondo	128.719,36	0,00	128.719,36		1537
	19.2001.0625.0	Urbanización tramo de calle na Ferreria,Mabegondo	66.372,44	0,00	66.372,44		1537
	19.2001.0626.0	Seguridade Vial camiñ. de Couto a Vilar Meangos e o.	36.671,66	0,00	36.671,66		1537
	19.2001.0627.0	Reparación camiños en Abegondo, Meangos, Viose ou.	94.301,52	0,00	94.301,52		1537
		TOTAL	326.064,98	0,00	326.064,98		
AMES	19.2001.0628.0	Acceso a Portanxil (Trasmonte)	57.045,22	0,00	57.045,22		4547
		TOTAL	57.045,22	0,00	57.045,22		
ARANGA	19.2001.0629.0	Mellora do camiño de Gallado a Espiñeira	77.669,05	0,02	77.669,07	Autorización Augas de Galicia	1537
	19.2001.0630.0	Pavimentación estrada de Carballal a Ponte Aranga	258.896,83	0,00	258.896,83		1537
		TOTAL	336.565,88	0,02	336.565,90		
ARES	19.2001.0631.0	Mellora abastecimento rúas María, Real e San José	72.987,44	4.328,85	77.316,29		1615
	19.2001.0632.0	Parque fluvial e area int. Natureza en Xunqueira	36.805,20	2.182,90	38.988,10	Autorización Augas de Galicia	1716
		TOTAL	109.792,64	6.511,75	116.304,39		
ARTEIXO	19.2001.0633.0	Reparación colector general do río de Arteixo	318.902,03	134.305,06	453.207,09	Autorización Augas de Galicia	1606
	19.2001.0634.0	Renov. impulsión auga depósito Pastoriza. Tramo II	154.668,46	65.138,36	219.806,82	Autorización D.X. Patrimonio Cultural Autorización do Ministerio de Fomento	1615
		TOTAL	473.570,49	199.443,42	673.013,91		
ARZÚA	19.2001.0635.0	Subst. céspede artificial campo de fútbol do Viso	199.124,29	0,00	199.124,29		342
	19.2001.0636.0	Camiño Carballido-Casal a Lavadoiro (Dodro)	51.796,67	0,00	51.796,67		1537
		TOTAL	250.920,96	0,00	250.920,96		
BETANZOS	19.2001.0637.0	Vehículo patrulla para a Policía Local de Betanzos	47.428,31	0,00	47.428,31		1322
		TOTAL	47.428,31	0,00	47.428,31		
BOIMORTO	19.2001.0638.0	Reforma viais Aquelavila, A Igrexa,Viladóniga e o.	102.410,52	0,00	102.410,52	Autorización D.X. Patrimonio Cultural	1537
		TOTAL	102.410,52	0,00	102.410,52		
BOIRO	19.2001.0639.0	Cubierta prq. Infan.Boiro con ilum.solar fotovolta.	247.740,25	0,00	247.740,25		1716
	19.2001.0640.0	Acondic.lg.Espiñeira para depósito munic.vehículos	135.170,99	0,00	135.170,99	Present. proxecto corrixido e aprobado e superv. fav.	1336
		TOTAL	382.911,24	0,00	382.911,24		
BOQUEIXÓN	19.2001.0641.0	Camiño de Lamas á Igrexa e outro	75.911,93	0,00	75.911,93		1537
	19.2001.0642.0	Senda de Lamas a Rodiño	110.253,25	0,00	110.253,25		1537
		TOTAL	186.165,18	0,00	186.165,18		
BRIÓN	19.2001.0643.0	Mellora seguridade vial travesía de Bastavaliños	240.449,44	66.286,03	306.735,47		1537
		TOTAL	240.449,44	66.286,03	306.735,47		
CABANA DE B.	19.2001.0644.0	Repar. estradas lugar Grande, Fonterremula e ou.	193.127,99	0,00	193.127,99	Autorización Axencia Galega Infraestruturas Autorización Augas de Galicia	4530
	19.2001.0645.0	Repar. estradas Áspera-Forca do Lobo e ou.	101.504,42	11.930,74	113.435,16		4530
		TOTAL	294.632,41	11.930,74	306.563,15		
CABANAS	19.2001.0646.0	Mellora camiño do Rolo e do Muíño	98.137,32	0,00	98.137,32	Autorización Augas de Galicia	4547
		TOTAL	98.137,32	0,00	98.137,32		

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN	PROGRAMA
CAMARIÑAS	19.2001.0647.0	Reurbanización R/ Insua, Ponte do Porto	41.720,57	0,00	41.720,57		1606
	19.2001.0648.0	Mellora tramo cmñ. munic. nos Mollados	50.076,55	0,00	50.076,55	Autorización Augas de Galicia	1606
		TOTAL	91.797,12	0,00	91.797,12		
CAMBRE	19.2001.0649.0	Gradas cubertas e vestiarios campo fútbol de Brexo	654.553,64	2.664,65	657.218,29	Present. proxecto corrixido e aprobado e superv. fav.	342
		TOTAL	654.553,64	2.664,65	657.218,29		
A CAPELA	19.2001.0650.0	Acondic.edif. viveiro empresas e ou. A Capela	58.560,03	13.439,97	72.000,00		93396
		TOTAL	58.560,03	13.439,97	72.000,00		
CARNOTA	19.2001.0651.0	Mellora viaria do Carracedo a Comido	123.489,01	0,00	123.489,01		1537
	19.2001.0652.0	Pavimentación de Rúa e canalización Campo de Sofán	54.816,99	0,00	54.816,99		1537
		TOTAL	178.306,00	0,00	178.306,00		
CARRAL	19.2001.0653.0	Novo saneam. San Vicente de Vigo. Fase 1	133.705,77	0,00	133.705,77	Autorización Augas de Galicia	1606
		TOTAL	133.705,77	0,00	133.705,77		
CEDEIRA	19.2001.0654.0	Conserv.camións no Beco, A Painceira e ou.	87.648,86	1.885,79	89.534,65	Autorización Demarcación Costas Estado en Galicia Autorización Axencia Galega Infraestruturas Autorización Augas de Galicia Autorización S. Urbanismo da CMAOT	1537
		TOTAL	87.648,86	1.885,79	89.534,65		
CEE	19.2001.0655.0	Reforma inst. eléc. Polidep. Rúa da Escola, s/n	30.387,87	0,00	30.387,87		342
	19.2001.0656.0	Soterramento liña de B.T. centro telecom. Sembra	21.619,21	12.509,40	34.128,61		1656
		TOTAL	52.007,08	12.509,40	64.516,48		
CERCEDA	19.2001.0657.0	Camión de Rodis a Mixon	81.996,04	0,00	81.996,04	Autorización Augas de Galicia	4530
	19.2001.0658.0	Camión de Buzarelos a estrada Cerceda-A Silva e outros	56.290,92	0,00	56.290,92		4530
	19.2001.0659.0	Camión de Mixon a Sartego	40.135,12	0,00	40.135,12		4530
	19.2001.0660.0	Camión de Portabrea a Vilarbello	56.302,30	0,00	56.302,30		4530
		TOTAL	234.724,38	0,00	234.724,38		
CERDIDO	19.2001.0661.0	Camión As Felgasas a Paleira (A Barqueira) e ou.	56.176,15	0,00	56.176,15		1537
	19.2001.0662.0	Camión de O Covelo as Mestas (Os Casas) e outros	46.607,10	0,00	46.607,10		1537
		TOTAL	102.783,25	0,00	102.783,25		
COIRÓS	19.2001.0663.0	Urbanización do SRAU de Pedrapartida ao viario 1	117.886,87	184,99	118.071,86	Ratificación plenaria da corrección da solicitude Autorización D.X. Patrimonio Cultural	1537
		TOTAL	117.886,87	184,99	118.071,86		
CORCUBIÓN	19.2001.0664.0	Mell.saneam.e pav. r/Os Carballos e Muíño do Vento	56.969,56	0,00	56.969,56		1537
		TOTAL	56.969,56	0,00	56.969,56		
CORISTANCO	19.2001.0665.0	Mell.e sinaliz. rúas Charrúa, Instituto,e ou.	147.511,39	0,00	147.511,39	Ratificación plenaria da solicitude de participación no Plan	4530
	19.2001.0666.0	Mellora acces lugar de Buxán-parroquia de Seavia	87.965,67	0,00	87.965,67	Ratificación plenaria da solicitude de participación no Plan	4530
		TOTAL	235.477,06	0,00	235.477,06		
A CORUÑA	19.2001.0667.0	Bancos madeira vías públicos Avda. Fisterra e ou.	25.456,49	16.893,30	42.349,79		1537
		TOTAL	25.456,49	16.893,30	42.349,79		
CULLEREDO	19.2001.0668.0	Renovación parque infantil de Peiro. Culleredo	54.471,61	0,00	54.471,61		1716
	19.2001.0669.0	Parque infantil na área de lecer da Corveira	428.253,78	18.558,33	446.812,11	Present. proxecto corrixido e aprobado e superv. fav.	1716
		TOTAL	482.725,39	18.558,33	501.283,72		

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN	PROGRAMA
CURTIS	19.2001.0670.0	Ampliación cmño. Chacente-límite Sobrado (Santaia)	49.711,11	0,00	49.711,11		1537
	19.2001.0671.0	Reforzo firme cmñ. N-634-Igles. Sta MP de Fisteus	131.307,28	0,00	131.307,28		1537
	19.2001.0672.0	Reforzo firme do camiño da N-634-Mandeo (Santaia)	48.860,43	0,00	48.860,43		1537
		TOTAL	229.878,82	0,00	229.878,82		
DODRO	19.2001.0673.0	Saneamento en Canceola Abréa	47.374,15	0,00	47.374,15	Autorización Axencia Galega Infraestruturas	1606
	19.2001.0674.0	Reparación en escola unitaria de Bexo e outras	64.554,77	0,00	64.554,77	Autorización de Costas do Estado en Galicia	323
		TOTAL	111.928,92	0,00	111.928,92		
FENE	19.2001.0675.0	Reforzo de firme rúas Travesa e Santa Ana	82.466,36	9.191,15	91.657,51	Autorización Augas de Galicia Autorización do Ministerio de Fomento	1537
		TOTAL	82.466,36	9.191,15	91.657,51		
FRADES	19.2001.0676.0	Reparación da piscina municipal de Frades	101.066,29	0,00	101.066,29		342
	19.2001.0677.0	Camiño AC-524 Fondevila-Cheda (Abellá) e ou.	82.038,81	0,00	82.038,81		1537
		TOTAL	183.105,10	0,00	183.105,10		
IRIXOA	19.2001.0678.0	Mellora firme Baltar e outros	35.756,12	0,00	35.756,12		4530
	19.2001.0679.0	Mellora firme vial en Lambre e outros	31.322,92	0,00	31.322,92		4530
	19.2001.0680.0	Habilitación vial en Barreiros e outros	63.052,91	0,00	63.052,91		4530
		TOTAL	130.131,95	0,00	130.131,95		
LAXE	19.2001.0681.0	Obras en rúas Cruceiro e Césarco Pondal	99.360,59	0,00	99.360,59		1537
		TOTAL	99.360,59	0,00	99.360,59		
A LARACHA	19.2001.0682.0	Urbaniz. na prolongación da Avda. Manuel Fraga	244.541,96	0,00	244.541,96		1537
	19.2001.0683.0	Pista Polideportiva descuberta en Agra de Leborís	57.965,28	40.000,00	97.965,28		342
		TOTAL	302.507,24	40.000,00	342.507,24		
LOUSAME	19.2001.0684.0	Subministro e colocación galerías Casa Consistorio	20.715,00	0,00	20.715,00		93396
		TOTAL	20.715,00	0,00	20.715,00		
MALPICA DE B.	19.2001.0685.0	Melloras cmños Boa Vista, A Costa e As Rabuceiras	41.261,31	0,00	41.261,31		1537
	19.2001.0686.0	Mellora cmños da Raxeira a Trémoa, Leduzo e ou.	154.634,31	0,00	154.634,31		1537
		TOTAL	195.895,62	0,00	195.895,62		
MAÑÓN	19.2001.0687.0	Acondicionamento da piscina do Barqueiro e outro	40.964,39	0,00	40.964,39	Autorización D.X. Patrimonio Natural Autorización S. Urbanismo- Costas (Xunta) Autorización de Augas de Galicia Autorización D.X. Patrimonio Cultural Autorización de ADIF	93396
	19.2001.0688.0	Captación augas nas parroquias de Mañón e Grañas	38.938,68	0,00	38.938,68		1615
	19.2001.0689.0	Liña eléctrica bombeo ETAP de Pordatronca e outro	62.135,77	0,00	62.135,77	Autorización de Augas de Galicia	1615
		TOTAL	142.038,84	0,00	142.038,84		
MAZARICOS	19.2001.0690.0	Ampliación abastecemento parroq. Coiro e Maroñas	168.381,07	0,00	168.381,07		1615
	19.2001.0691.0	Melloras saneamento do núcleo rural de Suevos	66.250,00	0,00	66.250,00		1606
	19.2001.0692.0	Mellora estrada Sanfoga-Colúns, Couquiño e ou.	56.864,34	0,00	56.864,34		1537
		TOTAL	291.495,41	0,00	291.495,41		
MELIDE	19.2001.0693.0	Adecuación e posta en valor rúa San Pedro, Melide	249.782,49	0,00	249.782,49	Autorización Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	1537
		TOTAL	249.782,49	0,00	249.782,49		

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN	PROGRAMA
MESIA	19.2001.0694.0	Camiño na Carballeira (Albixoi) e outros	90.447,56	0,00	90.447,56		4530
	19.2001.0695.0	Camño de AC-223 As Pereiras (Albixoi) e outros	126.617,62	0,00	126.617,62		4530
		TOTAL	217.065,18	0,00	217.065,18		
MIÑO	19.2001.0696.0	Renov. rede saneam. Sombreu (Muradas e O Pedregal)	119.416,24	10.267,06	129.683,30		1606
		TOTAL	119.416,24	10.267,06	129.683,30		
MOECHE	19.2001.0697.0	Refor. graderíos e vestiarios c. fútbol San Ramón	97.308,98	18.536,26	115.845,24		342
		TOTAL	97.308,98	18.536,26	115.845,24		
MONFERO	19.2001.0698.0	Mellora e acondicionamento local social de Taboada	105.848,56	0,00	105.848,56	Present. proxecto corrixido e aprobado e superv. fav.	93396
	19.2001.0699.0	Mellora viais Val Xestoso, Alto Xestoso e San Fiz	142.137,86	4.546,17	146.684,03	Autorización Axencia Galega Infraestruturas	4530
		TOTAL	247.986,42	4.546,17	252.532,59		
MUGARDOS	19.2001.0700.0	Mellora servizos e paviment. rúa Rosalía de Castro	74.365,52	41.899,02	116.264,54	Autorización S. Urbanismo- Costas (Xunta)	1537
	19.2001.0701.0	Ampliación saneamen. no Monte (Santiago de Franza)	69.538,25	34.398,95	103.937,20	Presentación informe Anexo VIII favorable	1606
		TOTAL	143.903,77	76.297,97	220.201,74	Presentación informe Anexo VIII favorable	
MUXÍA	19.2001.0702.0	Rede de saneamento no lugar de Os Muíños	48.033,81	0,00	48.033,81	Autorización Augas de Galicia	1606
	19.2001.0703.0	Mellora camiños interiores de Touriñán	35.726,42	0,00	35.726,42		1537
	19.2001.0704.0	Acondicionamento e explanación acceso a Moreira	47.784,97	0,00	47.784,97		1537
	19.2001.0705.0	Saneamento e depuración núcleo rural de Trasufre	122.031,37	10.469,88	132.501,25	Autorización Augas de Galicia	1606
		TOTAL	253.576,57	10.469,88	264.046,45		
MUROS	19.2001.0706.0	Mellora infraestr. hidráulicas Campo de San Ramón	219.789,38	140,97	219.930,35	Autorización Augas de Galicia	1606
		TOTAL	219.789,38	140,97	219.930,35		
NARÓN	19.2001.0707.0	Ref.camños. en Castro de Abaixo, Río da Lousa e ou.	240.804,15	598,19	241.402,34		1537
	19.2001.0708.0	Obras de accesibilidade e reforma da rúa Mugardos	101.945,20	253,25	102.198,45		1537
	19.2001.0709.0	Obras de accesibilidade e reforma da rúa da Paz	54.314,96	134,93	54.449,89		1537
		TOTAL	397.064,31	986,37	398.050,68		
NEGREIRA	19.2001.0710.0	Acondic.e axardinamento praza "As Brañas".Negreira	303.194,01	0,00	303.194,01		1716
		TOTAL	303.194,01	0,00	303.194,01		
NOIA	19.2001.0711.0	Mellora e repar.pavimentación en Corral de Ousoño	55.141,95	0,00	55.141,95		1537
	19.2001.0712.0	Mell.e repar. pav. Ponte de S.Francisco-S.Breixo.	149.363,10	0,00	149.363,10		1537
	19.2001.0713.0	Pavim.camño.de Becollo-Figueira-Vilaboa-Límite con.	117.640,59	0,00	117.640,59		1537
	19.2001.0714.0	Repar. beiravía norte AC550, O Obre, do nº 2 - 26	94.733,86	0,00	94.733,86		1606
		TOTAL	416.879,50	0,00	416.879,50		
OLEIROS	19.2001.0715.0	Pista de patinaxe de velocidade en Bastiagueiro	413.561,13	16.858,58	430.419,71	Autorización Augas de Galicia	342
		TOTAL	413.561,13	16.858,58	430.419,71		
ORDES	19.2001.0716.0	Estrada de Fosado a Parada (Montaos)	91.364,23	0,00	91.364,23		1537
	19.2001.0717.0	Camiño do Barroso-Fosado (Montaos) e outros	139.340,33	0,00	139.340,33		1537
		TOTAL	230.704,56	0,00	230.704,56		

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN	PROGRAMA
OROSO	19.2001.0718.0	Abastecemento de auga parroquia de Marzoa	100.000,00	0,00	100.000,00	Aprobación do Plan polo Pleno municipal Autorización S.Vías e Obras. Deputación Autorización da Consellería de Medio Rural Autorización da C. Medioambiente, Territorio e Vivenda Autorización Augas de Galicia Presentación do Anexo V corrixido	1615
	19.2001.0719.0	Abast. auga Campo de Cabanas, en Oroso e Aledaños	114.431,57	0,00	114.431,57	Aprobación do Plan polo Pleno municipal Autorización do Ministerio de Fomento Autorización Augas de Galicia	1615
	TOTAL		214.431,57	0,00	214.431,57		
ORTIGUEIRA	19.2001.0720.0	Mellora iluminación pública no Porto de Espasante	138.475,86	0,00	138.475,86	Autorización Augas de Galicia Autorización S. Urbanismo- Costas (Xunta) Autorización D.X. Patrimonio Cultural Acreditación da dispoñibilidade dos terreos	1656
	19.2001.0721.0	Aglomerado en quente pistas en Ladrido	140.613,59	0,00	140.613,59	Autorización S. Urbanismo- Costas (Xunta)	1537
TOTAL			279.089,45	0,00	279.089,45		
OUTES	19.2001.0722.0	Camiño da Fonte en Lestaio (Valadares) e outros	80.583,10	0,00	80.583,10		1537
	19.2001.0723.0	Humanización da rúa da Capela (Outes)	136.848,77	0,00	136.848,77	Autorización D.X. Patrimonio Cultural Autorización Augas de Galicia	1537
	19.2001.0724.0	Mellora do paseo de Ponte Nafonso	65.080,27	0,00	65.080,27		1716
TOTAL			282.512,14	0,00	282.512,14		
PADERNE	19.2001.0725.0	Mellora de Fonte Maceira e a súa contorna	35.326,31	0,00	35.326,31		93396
	19.2001.0726.0	Pavimentación vias na parroquia de Souto 2ª fase	58.894,64	0,00	58.894,64		1537
TOTAL			94.220,95	0,00	94.220,95		
PADRÓN	19.2001.0727.0	Afirm. e acond. pista en Benxaos - Rial do Mato	123.524,60	0,00	123.524,60		4547
	TOTAL		123.524,60	0,00	123.524,60		
O PINO	19.2001.0728.0	Estrada local N-634 a límite Concello de Oroso	152.050,81	16.570,02	168.620,83		4530
	19.2001.0729.0	Cuberta en parque infantil de Forcarey	89.661,21	0,00	89.661,21		1716
TOTAL			241.712,02	16.570,02	258.282,04		
A POBRA DO C.	19.2001.0730.0	Construción do centro sociocultural de Santa Cruz	81.017,61	12.123,54	94.041,15		3337
	19.2001.0731.0	Acond.aparcadoiro na Alta e recuperación contorna	84.008,18	35.682,37	119.690,55	Autorización S. Urbanismo- Costas (Xunta)	1537
TOTAL			165.925,79	47.805,91	213.731,70		
PONTECESO	19.2001.0732.0	Pavimentación acceso a Pazos (Sergude) e outros	144.438,02	0,00	144.438,02	Autorización Augas de Galicia	1537
	TOTAL		144.438,02	0,00	144.438,02		
AS PONTES DE G. R.	19.2001.0733.0	Reparación campo da festa Ribadeume	29.553,55	6.593,14	36.146,69		93396
	19.2001.0734.0	Reparación e mellora de firmes en Porto do Liño	23.745,43	7.245,50	30.990,93		4530
TOTAL			53.298,98	13.838,64	67.137,62		
PORTO DO SON	19.2001.0735.0	Reforma da Rúa San Andrés en Portosín	58.834,15	25.984,44	84.818,59		1537
	TOTAL		58.834,15	25.984,44	84.818,59		
RIANXO	19.2001.0736.0	Mell. envolv. pav. colexio CEP X.Mª Brea Segade	63.300,00	0,00	63.300,00		323
	TOTAL		63.300,00	0,00	63.300,00		

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN	PROGRAMA
RIBEIRA	19.2001.0737.0	Renovación liña abastecemento lugar da Mámoa	148.547,79	0,00	148.547,79		1615
	19.2001.0738.0	Ampliación rede de abastecemento na avenida da Paz	54.598,56	0,00	54.598,56	Autorización Axencia Galega Infraestruturas	1615
	19.2001.0739.0	Beirarrúas na AC-550. Tramo Gándara. Oleiros	56.611,12	0,00	56.611,12	Autorización Axencia Galega Infraestruturas	4530
	19.2001.0740.0	Beirarrúas e instalación de pluviais na Ameixida	70.491,20	0,00	70.491,20	Autorización S. Urbanismo- Costas (Xunta)	4530
	19.2001.0741.0	Acondicionamiento contorna conservatorio Aguiño	49.471,12	0,00	49.471,12	Autorización S. Urbanismo- Costas (Xunta)	93396
	TOTAL		379.719,79	0,00	379.719,79		
ROIS	19.2001.0742.0	Acces. AC-543 a Moares, Barreiro e Ponte da Pedra	170.062,91	0,00	170.062,91		4530
	TOTAL		170.062,91	0,00	170.062,91		
SADA	19.2001.0743.0	Pluviais Avda. de Sada e a súa contorna e out.	225.367,76	0,00	225.367,76	Autorización de Portos de Galicia Autorización S. Urbanismo- Costas (Xunta)	1606
	TOTAL		225.367,76	0,00	225.367,76		
SAN SADURNIÑO	19.2001.0744.0	Pavim. omños. da Laxe-O Couto, A Castiñeira e ou.	49.237,38	0,00	49.237,38		4530
	TOTAL		49.237,38	0,00	49.237,38		
SANTA COMBA	19.2001.0745.0	Mellora viarios contorna San Salvador e Vilartide	5.605,55	30.226,12	35.831,67		4530
	TOTAL		5.605,55	30.226,12	35.831,67		
SANTIAGO DE C.	19.2001.0746.0	Senda peonil e reforzo calzada en Paredes. Laraño	167.827,07	0,00	167.827,07		4547
	TOTAL		167.827,07	0,00	167.827,07		
SANTISO	19.2001.0747.0	Pavimentación camiño en Vide (Mourazos) e outros	32.669,46	0,00	32.669,46		4530
	19.2001.0748.0	Subministración tractor e apeiros complementarios	42.557,25	5.842,75	48.400,00		136
	TOTAL		75.226,71	5.842,75	81.069,46		
SOBRADO	19.2001.0749.0	Reforzo do firme Silvomacho-Torante, Porta	35.212,62	0,00	35.212,62		4547
	TOTAL		35.212,62	0,00	35.212,62		
AS SOMOZAS	19.2001.0750.0	Reposición pasos peonís area recreativa da Igrexa	32.071,82	0,00	32.071,82		1716
	19.2001.0751.0	Mobiliario urbán parqu.infantil Castelo e A Igrexa	32.357,96	0,00	32.357,96		1716
	19.2001.0752.0	Substitución da cuberta no CEIP O Marbán	55.493,95	0,00	55.493,95		93396
	TOTAL		119.923,73	0,00	119.923,73		
TOQUES	19.2001.0753.0	Camiño de Baamonde (Paradela)	133.694,88	0,00	133.694,88		4530
	TOTAL		133.694,88	0,00	133.694,88		
TORDOIA	19.2001.0754.0	Omñ.Pedrasalgueira-Folgueira-cruce Vilasal e ou.	78.859,94	0,00	78.859,94		4547
	19.2001.0755.0	Camiño cruce de Vilasal -Casal da Devesa	161.584,71	0,00	161.584,71		4547
	19.2001.0756.0	Camiño Picota - Rabo de Lobo (Bardalos)	54.479,09	18.539,42	73.018,51		4547
	TOTAL		294.923,74	18.539,42	313.463,16		
TOURO	19.2001.0757.0	Mellora do firme do camiño en Loureiros e outros	63.501,61	0,00	63.501,61		4530
	19.2001.0758.0	Mellora do firme de Loxo a Arinteiro e outros	64.330,42	0,00	64.330,42		4530
	19.2001.0759.0	Mellora do firme de Subres hacia Mane e outros	71.244,82	0,00	71.244,82		4530
	19.2001.0760.0	Mellora do firme na Eirexe (Foxás) e outros	62.397,56	0,00	62.397,56	Autorización D.X. Patrimonio Cultural	4530
	TOTAL		261.474,41	0,00	261.474,41		
TRAZO	19.2001.0761.0	Beira. Víaño Pequeno e Senda Ventas do Lengüelle	93.215,04	0,00	93.215,04		1537
	19.2001.0762.0	Conservación de camiños en Castelo e Vilouchada	118.570,38	0,00	118.570,38		1537
	19.2001.0763.0	Pavimentación de rúas en Víaño Pequeno	77.466,68	0,00	77.466,68		1537
	TOTAL		289.252,10	0,00	289.252,10		

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN	PROGRAMA
VALDOVIÑO	19.2001.0764.0	Acometida eléctrica e bombeo na Cubeta (Meiras)	41.649,24	0,00	41.649,24	Autorización de Augas de Galicia	1606
	19.2001.0765.0	Mellora seguridade vial acceso a Aniño (Pantín)	171.224,72	0,00	171.224,72	Autorización do Instituto de Estudos do Territorio Autorización Axencia Galega Infraestruturas Autorización D.X. Patrimonio Cultural	1537
	TOTAL		212.873,96	0,00	212.873,96		
VEDRA	19.2001.0766.0	Ampliación rede de abastecemento en Afós-Eiravedra	44.419,67	15.300,00	59.719,67	Autorización D.X. Patrimonio Cultural Autorización de ADIF	1615
	19.2001.0767.0	Ampliación abastecemento Laraño zona sur	51.022,02	17.513,51	68.535,53		1615
TOTAL		95.441,69	32.813,51	128.255,20			
VILASANTAR	19.2001.0768.0	Rehabilit. omñños. prq. de Mezonzo, Vilasantar e ou.	137.937,60	0,02	137.937,62		4530
	TOTAL		137.937,60	0,02	137.937,62		
VILARMAIOR	19.2001.0769.0	Ampliación rede saneamento en Bouzoa-Agra e outros	89.013,96	61,93	89.075,89	Autorización Axencia Galega Infraestruturas	1606
	TOTAL		89.013,96	61,93	89.075,89		
VIMIANZO	19.2001.0770.0	Decantador e caseta instal. submin. auga. Vimianzo	126.546,10	0,00	126.546,10		1615
	19.2001.0771.0	Reparación camiños parroquias de Cereixo e Baiñas	30.858,12	0,00	30.858,12		4530
	19.2001.0772.0	Senda peonil da igrexa ata o cemiterio en Berdoias	72.814,68	0,00	72.814,68	Autorización Axencia Galega Infraestruturas	1716
	19.2001.0773.0	Reparación centro de usos múltiples de Vimianzo	153.147,92	0,00	153.147,92	Autorización de Augas de Galicia	93396
	TOTAL		383.366,82	0,00	383.366,82		
ZAS	19.2001.0774.0	Urbanización do novo campo da feira. Zas	283.139,03	101.097,11	384.236,14	Autorización de Augas de Galicia Acreditación da dispoñibilidade dos terreos Present. proxecto corrixido e aprobado e superv. fav.	1537
	TOTAL		283.139,03	101.097,11	384.236,14		
CARIÑO	19.2001.0775.0	Urbanización Rúa do Cadro e renovación de servizos	126.295,06	0,00	126.295,06		1537
	19.2001.0776.0	Pavimentación camiños Campanario, Murela e Fontao	58.774,14	0,00	58.774,14	Autorización de Augas de Galicia	1537
	19.2001.0777.0	Reparac. carril bici paseo marítimo Cariño e ou.	59.900,00	0,00	59.900,00		1537
	TOTAL		244.969,20	0,00	244.969,20		
OZA CESURAS	19.2001.0778.0	Conexión abastecemento na Graña coa rede existente	42.154,26	6.058,84	48.213,10	Autorización do S. de Vías e Obras. Deputación Autorización de Augas de Galicia	1615
	19.2001.0779.0	Cuberta edif. serv. múltiples parque Carballeira	82.470,26	39.391,42	121.861,68	Ratificación Pleno municipal aprobación proxecto corrixido Autorización do S. de Vías e Obras. Deputación	1716
	19.2001.0780.0	Aglom. lugar de Quinta ao lugar de Tarrío e ou.	148.024,86	21.229,14	169.254,00		4547
	19.2001.0781.0	Aglom. viais en Vilar de Costoia, Loureiro e ou.	79.301,91	11.398,09	90.700,00		4547
	TOTAL		351.951,29	78.077,49	430.028,78		
TOTAL PLAN			16.245.962,35	908.460,16	17.154.422,51		
TOTAL CONCELLOS						83	
TOTAL OBRAS						158	

POS+ ADICIONAL 1/ 2019 1ª e 2ª FASE
ANEXO III: RESUMO 1ª E 2ª FASE

CONCELLO	ASIGNADO	1ª fase			2ª fase			Total 1ª e 2ª fase			ECONOMÍA
		INVESTIMENTOS			INVESTIMENTOS			INVESTIMENTOS			
		DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	
Abegondo	418.956,34	92.891,36	0,00	92.891,36	326.064,98	0,00	326.064,98	418.956,34	0,00	418.956,34	0,00
Ames	834.480,91	777.415,69	0,00	777.415,69	57.045,22	0,00	57.045,22	834.480,91	0,00	834.480,91	0,00
Aranga	336.565,88				336.565,88	0,02	336.565,90	336.565,88	0,02	336.565,90	0,00
Ares	223.726,37	113.933,73	0,00	113.933,73	109.792,64	6.511,75	116.304,39	223.726,37	6.511,75	230.238,12	0,00
Arteixo	901.551,14	427.980,65	0,00	427.980,65	473.570,49	199.443,42	673.013,91	901.551,14	199.443,42	1.100.994,56	0,00
Arzúa	580.339,74	329.418,78	0,00	329.418,78	250.920,96	0,00	250.920,96	580.339,74	0,00	580.339,74	0,00
Baña (A)	386.823,87	386.823,87	6.248,55	393.072,42				386.823,87	6.248,55	393.072,42	0,00
Bergondo	309.450,39	309.450,39	232.386,54	541.836,93				309.450,39	232.386,54	541.836,93	0,00
Betanzos	381.822,74	334.394,43	0,00	334.394,43	47.428,31	0,00	47.428,31	381.822,74	0,00	381.822,74	0,00
Boimorto	317.815,22	215.404,70	0,00	215.404,70	102.410,52	0,00	102.410,52	317.815,22	0,00	317.815,22	0,00
Boiro	608.185,93	225.274,69	0,00	225.274,69	382.911,24	0,00	382.911,24	608.185,93	0,00	608.185,93	0,00
Boqueixón	351.267,54	165.102,36	0,00	165.102,36	186.165,18	0,00	186.165,18	351.267,54	0,00	351.267,54	0,00
Brión	386.622,97	146.173,53	0,00	146.173,53	240.449,44	66.286,03	306.735,47	386.622,97	66.286,03	452.909,00	0,00
Cabana de Bergantiños	374.473,35	79.840,48	0,00	79.840,48	294.632,41	11.930,74	306.563,15	374.472,89	11.930,74	386.403,63	0,48
Cabanas	221.695,63	123.558,30	0,00	123.558,30	98.137,32	0,00	98.137,32	221.695,62	0,00	221.695,62	0,01
Camariñas	272.234,72	180.437,60	0,00	180.437,60	91.797,12	0,00	91.797,12	272.234,72	0,00	272.234,72	0,00
Cambre	654.553,64				654.553,64	2.664,65	657.218,29	654.553,64	2.664,65	657.218,29	0,00
Capela (A)	199.277,99	140.717,96	0,00	140.717,96	58.560,03	13.439,97	72.000,00	199.277,99	13.439,97	212.717,96	0,00
Carballo	1.068.404,99	1.060.579,63	0,00	1.060.579,63				1.060.579,63	0,00	1.060.579,63	7.825,36
Carnota	286.387,77	108.081,77	0,00	108.081,77	178.306,00	0,00	178.306,00	286.387,77	0,00	286.387,77	0,00
Carral	308.532,72	174.777,18	0,00	174.777,18	133.705,77	0,00	133.705,77	308.482,95	0,00	308.482,95	49,77
Cedeira	380.648,86	293.000,00	0,00	293.000,00	87.648,86	1.885,79	89.534,65	380.648,86	1.885,79	382.534,65	0,00
Cee	337.252,13	285.245,05	0,00	285.245,05	52.007,08	12.509,40	64.516,48	337.252,13	12.509,40	349.761,53	0,00
Cerceda	406.234,71	171.510,33	0,00	171.510,33	234.724,38	0,00	234.724,38	406.234,71	0,00	406.234,71	0,00
Cerdido	183.912,48	81.129,23	0,00	81.129,23	102.783,25	0,00	102.783,25	183.912,48	0,00	183.912,48	0,00
Coirós	190.363,84	72.476,97	0,00	72.476,97	117.886,87	184,99	118.071,86	190.363,84	184,99	190.548,83	0,00
Corcubión	116.209,08	59.239,52	0,00	59.239,52	56.969,56	0,00	56.969,56	116.209,08	0,00	116.209,08	0,00
Coristanco	516.844,06	277.811,98	0,00	277.811,98	235.477,06	0,00	235.477,06	513.289,04	0,00	513.289,04	3.555,02
Coruña (A)	267.419,88	241.963,39	0,00	241.963,39	25.456,49	16.893,30	42.349,79	267.419,88	16.893,30	284.313,18	0,00
Culleredo	790.809,33	308.083,94	0,00	308.083,94	482.725,39	18.558,33	501.283,72	790.809,33	18.558,33	809.367,66	0,00
Curtis	360.720,08	130.841,26	0,00	130.841,26	229.878,82	0,00	229.878,82	360.720,08	0,00	360.720,08	0,00
Dodro	183.528,67	71.599,75	0,00	71.599,75	111.928,92	0,00	111.928,92	183.528,67	0,00	183.528,67	0,00
Dumbría	388.660,50	388.660,50	20.314,86	408.975,36				388.660,50	20.314,86	408.975,36	0,00
Fene	401.995,66	319.529,30	46.253,83	365.783,13	82.466,36	9.191,15	91.657,51	401.995,66	55.444,98	457.440,64	0,00
Ferrol	444.622,68	444.622,68	211.567,37	656.190,05				444.622,68	211.567,37	656.190,05	0,00
Fisterra	217.629,40	217.629,40	4.479,45	222.108,85				217.629,40	4.479,45	222.108,85	0,00

CONCELLO	ASIGNADO	INVESTIMENTOS			INVESTIMENTOS			INVESTIMENTOS			ECONOMÍA
		DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	
Frades	320.042,57	136.937,47	0,00	136.937,47	183.105,10	0,00	183.105,10	320.042,57	0,00	320.042,57	0,00
Irixoa	241.658,53	111.477,75	0,00	111.477,75	130.131,95	0,00	130.131,95	241.609,70	0,00	241.609,70	48,83
Laxe	216.241,67	116.881,08	0,00	116.881,08	99.360,59	0,00	99.360,59	216.241,67	0,00	216.241,67	0,00
Laracha (A)	564.178,37	261.670,86	0,00	261.670,86	302.507,24	40.000,00	342.507,24	564.178,10	40.000,00	604.178,10	0,27
Lousame	321.513,60	300.798,59	0,00	300.798,59	20.715,00	0,00	20.715,00	321.513,59	0,00	321.513,59	0,01
Malpica de Bergantiños	325.654,11	129.757,69	0,00	129.757,69	195.895,62	0,00	195.895,62	325.653,31	0,00	325.653,31	0,80
Mañón	260.553,61	118.514,77	0,00	118.514,77	142.038,84	0,00	142.038,84	260.553,61	0,00	260.553,61	0,00
Mazaricos	533.495,41	242.000,00	0,00	242.000,00	291.495,41	0,00	291.495,41	533.495,41	0,00	533.495,41	0,00
Melide	548.030,00	298.248,50	0,00	298.248,50	249.782,49	0,00	249.782,49	548.030,99	0,00	548.030,99	0,01
Mesía	363.289,25	146.224,07	0,00	146.224,07	217.065,18	0,00	217.065,18	363.289,25	0,00	363.289,25	0,00
Miño	284.187,23	164.770,99	0,00	164.770,99	119.416,24	10.267,06	129.683,30	284.187,23	10.267,06	294.454,29	0,00
Moeche	193.443,93	96.134,95	0,00	96.134,95	97.308,98	18.536,26	115.845,24	193.443,93	18.536,26	211.980,19	0,00
Monfero	434.793,10	186.806,68	0,00	186.806,68	247.986,42	4.546,17	252.532,59	434.793,10	4.546,17	439.339,27	0,00
Mugardos	230.841,99	86.938,22	0,00	86.938,22	143.903,77	76.297,97	220.201,74	230.841,99	76.297,97	307.139,96	0,00
Muxía	476.759,21	223.182,64	0,00	223.182,64	253.576,57	10.469,88	264.046,45	476.759,21	10.469,88	487.229,09	0,00
Muros	396.708,93	178.919,55	0,00	178.919,55	219.789,38	140,97	219.930,35	396.708,93	140,97	396.849,90	0,00
Narón	951.301,08	554.236,77	0,00	554.236,77	397.064,31	986,37	398.050,68	951.301,08	986,37	952.287,45	0,00
Neda	225.516,85	225.516,85	3.010,98	228.527,83				225.516,85	3.010,98	228.527,83	0,00
Negreira	490.935,52	187.741,51	0,00	187.741,51	303.194,01	0,00	303.194,01	490.935,52	0,00	490.935,52	0,00
Noia	422.557,01				416.879,50	0,00	416.879,50	416.879,50	0,00	416.879,50	5.677,51
Oleiros	844.978,49	431.417,36	0,00	431.417,36	413.561,13	16.858,58	430.419,71	844.978,49	16.858,58	861.837,07	0,00
Ordes	643.475,73	412.771,17	0,00	412.771,17	230.704,56	0,00	230.704,56	643.475,73	0,00	643.475,73	0,00
Oroso	392.502,15	178.070,58	0,00	178.070,58	214.431,57	0,00	214.431,57	392.502,15	0,00	392.502,15	0,00
Ortigueira	672.319,53	393.230,07	0,00	393.230,07	279.089,45	0,00	279.089,45	672.319,52	0,00	672.319,52	0,01
Outes	421.826,18	139.314,04	0,00	139.314,04	282.512,14	0,00	282.512,14	421.826,18	0,00	421.826,18	0,00
Paderne	231.690,52	137.469,57	0,00	137.469,57	94.220,95	0,00	94.220,95	231.690,52	0,00	231.690,52	0,00
Padrón	331.179,29	207.654,69	0,00	207.654,69	123.524,60	0,00	123.524,60	331.179,29	0,00	331.179,29	0,00
Pino (O)	455.554,98	213.842,96	0,00	213.842,96	241.712,02	16.570,02	258.282,04	455.554,98	16.570,02	472.125,00	0,00
Pobra do Caramiñal (A)	315.909,96	149.984,17	0,00	149.984,17	165.925,79	47.805,91	213.731,70	315.909,96	47.805,91	363.715,87	0,00
Ponteceso	409.082,02	264.644,00	0,00	264.644,00	144.438,02	0,00	144.438,02	409.082,02	0,00	409.082,02	0,00
Pontedeume	306.915,21	306.915,21	25.391,11	332.306,32				306.915,21	25.391,11	332.306,32	0,00
Pontes de García Rodríguez (As)	817.117,64	763.818,66	0,00	763.818,66	53.298,98	13.838,84	67.137,82	817.117,64	13.838,84	830.956,28	0,00
Porto do Son	455.479,40	396.845,25	0,00	396.845,25	58.834,15	25.984,44	84.818,59	455.479,40	25.984,44	481.463,84	0,00
Rianxo	400.882,62	337.496,34	0,00	337.496,34	63.300,00	0,00	63.300,00	400.796,34	0,00	400.796,34	86,28
Ribeira	737.158,32	357.438,53	0,00	357.438,53	379.719,79	0,00	379.719,79	737.158,32	0,00	737.158,32	0,00
Roís	373.285,16	203.222,25	0,00	203.222,25	170.062,91	0,00	170.062,91	373.285,16	0,00	373.285,16	0,00
Sada	443.771,79	218.404,03	0,00	218.404,03	225.367,76	0,00	225.367,76	443.771,79	0,00	443.771,79	0,00
San Sadurniño	325.837,36	276.598,45	0,00	276.598,45	49.237,38	0,00	49.237,38	325.835,83	0,00	325.835,83	1,53
Santa Comba	693.614,07	688.008,52	0,00	688.008,52	5.605,55	30.226,12	35.831,67	693.614,07	30.226,12	723.840,19	0,00
Santiago de Compostela	890.773,20	722.946,13	0,00	722.946,13	167.827,07	0,00	167.827,07	890.773,20	0,00	890.773,20	0,00
Santiso	307.448,46	232.221,75	0,00	232.221,75	75.226,71	5.842,75	81.069,46	307.448,46	5.842,75	313.291,21	0,00
Sobrado	369.715,11	334.502,49	0,00	334.502,49	35.212,62	0,00	35.212,62	369.715,11	0,00	369.715,11	0,00

CONCELLO	ASIGNADO	INVESTIMENTOS			INVESTIMENTOS			INVESTIMENTOS			ECONOMÍA
		DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	
Somozas (As)	251.535,89	131.612,16	0,00	131.612,16	119.923,73	0,00	119.923,73	251.535,89	0,00	251.535,89	0,00
Teo	621.616,76	621.616,76	14.047,12	635.663,88				621.616,76	14.047,12	635.663,88	0,00
Toques	275.674,62	141.979,74	0,00	141.979,74	133.694,88	0,00	133.694,88	275.674,62	0,00	275.674,62	0,00
Tordoia	395.737,12	100.813,38	0,00	100.813,38	294.923,74	18.539,42	313.463,16	395.737,12	18.539,42	414.276,54	0,00
Touro	439.153,80	177.679,39	0,00	177.679,39	261.474,41	0,00	261.474,41	439.153,80	0,00	439.153,80	0,00
Trazo	355.828,33	66.576,23	0,00	66.576,23	289.252,10	0,00	289.252,10	355.828,33	0,00	355.828,33	10,00
Valdoviño	380.170,47	166.372,51	0,00	166.372,51	212.873,96	0,00	212.873,96	379.246,47	0,00	379.246,47	924,00
Val do Dubra	388.889,46	388.889,46	7.981,40	396.870,86				388.889,46	7.981,40	396.870,86	0,00
Vedra	319.665,81	224.224,12	75.008,04	299.232,16	95.441,69	32.813,51	128.255,20	319.665,81	107.821,55	427.487,36	0,00
Vilasantar	222.152,95	84.215,35	0,00	84.215,35	137.937,60	0,02	137.937,62	222.152,95	0,02	222.152,97	0,00
Vilarmaior	166.045,38	77.031,42	0,00	77.031,42	89.013,96	61,93	89.075,89	166.045,38	61,93	166.107,31	0,00
Vimianzo	604.256,64	220.889,81	0,00	220.889,81	383.366,82	0,00	383.366,82	604.256,63	0,00	604.256,63	0,01
Zas	473.264,60	190.125,57	0,00	190.125,57	283.139,03	101.097,11	384.236,14	473.264,60	101.097,11	574.361,71	0,00
Cariño	244.969,20				244.969,20	0,00	244.969,20	244.969,20	0,00	244.969,20	1,59
Oza-Cesuras	608.806,01	256.854,72	0,00	256.854,72	351.951,29	78.077,49	430.028,78	608.806,01	78.077,49	686.883,50	0,00
TOTAL	39.000.000,00	22.735.856,18	646.689,25	23.382.545,43	16.245.962,35	908.460,16	17.154.422,51	38.981.818,53	1.555.149,41	40.536.967,94	18.181,47

Número concellos 1ª fase	9
Número concellos 1ª e 2ª fase	80
Número concellos 2ª fase	4
TOTAL	93

(Carballo non participa na 2ª fase)

21.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Reforma de camiños de Igrexa e Franzomil" do Concello de Boimorto, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/ 2019 co código 2019.2001.0429.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Logo de ver as Resolúcións de presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª FASE do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2019.

Logo de ver que na listaxe dos investimentos que se inclúen no POS+ ADICIONAL 1/2019, 1ª fase, figura entre outras, a obra do Concello de Boimorto denominada "Reforma de camiños de Igrexa e Franzomil", co código 2019.2001.0429.0

Logo de presentar o Concello de Boimorto un proxecto modificado desta obra, que aínda non está adxudicada, xunto cos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación, así como a acreditación da súa aprobación polo órgano municipal competente

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Boimorto denominada "Reforma de camiños de Igrexa e Franzomil", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0429.0, aprobado mediante Resolúcións de presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), que non representa variación do seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, nin varía a súa finalidade, aínda que supón modificacións nas súas actuacións, eliminando un dos camiños inicialmente previstos, en concreto o camiño da Igrexa, e aumentando a lonxitude da pavimentación doutro, o camiño de Franzomil, todo elo, para evitar duplicidades con outras obras realizadas polo concello.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Boimorto	2019.2001.0429.0	Reforma de camiños de Igrexa e Franzomil	46.192,65	0,00	46.192,65

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430 / 1537 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Boimorto para os efectos oportunos."

22.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora viais parroquia de Santo Estevo de Paleo", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0137.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora viais parroquia de Santo Estevo de Paleo", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0137.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución de presidencia nº19076 do 31 de maio de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento

Logo de aprobar o Concello de Carral un proxecto modificado deste investimento, previos os correspondentes informes favorables, para substituír un camiño por outro debido a que a vía do Local Social de Paleo ao límite do concello transcorre por unha zona na que hai un regacho, e na actualidade está completamente asolagada de auga, o que supoñería un aumento considerable do custo da obra, polo que se substitúe pola realización de obras noutra vía, a vía de Grela de Paleo ao lugar de Quenllo, a cal se atopa nun núcleo de poboación con máis densidade de poboación e con máis tránsito.

Tendo en conta que este investimento non está adjudicado e que non varía o orzamento de contrata con respecto do proxecto inicialmente aprobado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas polo Pleno desta deputación o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2018

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora viais parroquia de Santo Estevo de Paleo" do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0137.0, que foi aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución de presidencia nº19076 do 31 de maio de 2019, cos datos que se indican na seguinte táboa, que aínda non está adjudicado, que mantén o mesmo orzamento de contrata con respecto o proxecto inicial, pero que implica un cambio do trazado inicialmente previsto:

			FINANCIAMENTO		
Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total

2019.2000.0137.0	Carral	Mellora viais parroquia de Santo Estevo de Paleo	52.554,00	0,00	52.554,00
------------------	--------	--	-----------	------	-----------

A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial."

23.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de rúas en núcleo de Corme Porto (entorno rúa Sol) e outro", do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0353.0 e aprobación definitiva da obra

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Ponteceso do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de rúas en núcleo de Corme Porto (entorno rúa Sol) e outro", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0353.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución de Presidencia nº 19076 do 31 de maio de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento

Logo de ver que entre os investimentos incluídos no POS+2019 figura incluída a obra denominada "Pavimentación de rúas en núcleo de Corme Porto (entorno rúa Sol) e outro", do concello de Ponteceso, que foi aprobada de forma condicionada á obtención das autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e de Augas de Galicia

Logo de presentar o Concello de Ponteceso un proxecto modificado deste investimento con incremento do seu orzamento, aprobado polo concello para dar cumprimento aos requirimentos contidos na autorización obtida da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, xunto cos demais informes técnicos e xurídicos favorables

Logo de acreditar o concello que a obra non precisa de autorización de Augas de Galicia

Tendo en conta que este investimento non está adxudicado e que o concello asume integramente o incremento do orzamento de contrata do proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas polo Pleno desta deputación o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2018

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobación do proxecto modificado do investimento do Concello de Ponteceso denominado "Pavimentación de rúas en núcleo de Corme Porto (entorno rúa Sol) e outro", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de

concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0353.0, que foi aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución de Presidencia nº 19076 do 31 de maio de 2019, que foi redactado coa finalidade de dar cumprimento aos requisitos establecidos na autorización obtida de Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que experimenta un incremento no seu orzamento de contrata que asume integramente o concello tal e como se indica na seguinte táboa:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condições cumpridas	
			Proxecto Inicial	Proxecto modificado	Incremento		
2019.2200.0353.0	Ponteceso	Pavimentación de rúas en núcleo de Corme Porto (entorno rúa Sol) e outro	Deputacion	151.673,97	151.673,97	0,00	-Autorización da D.X.de Patrimonio Cultural
			Concello	0,00	37.338,36	37.338,36	
			Total	151.673,97	189.012,33	37.338,36	-Autorización de Augas Galicia

2.- Considerar cumpridas as condicións as que fora sometida esta obra, consistentes na obtención da autorización de Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que foi obtida cunhas condicións ás que se da resposta con este proxecto modificado, e coa acreditación da non necesidade de autorización de Augas de Galicia, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento no POS+ 2019.

3.- O préstamo provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/9436/82120 do vixente orzamento provincial."

24.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Nova sala de convivencia na miniresidencia de Boimorto" do Concello de Boimorto, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.2100.0003.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017

Logo de ver que nos Anexos a este acordo plenario provincial figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2017, no que figura, entre outros, a obra do concello de Boimorto denominada "Nova sala de convivencia na miniresidencia de Boimorto", co código 17.2100.0003.0

Logo de presentar o Concello de Boimorto un proxecto modificado desta obra cun orzamento de contrata de 119.039,78 €, que supón un incremento respecto do proxecto inicial de 3.701,98 €, que conta coa conformidade do contratista adxudicatario ás modificacións, así como á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Boimorto denominada “Nova sala de convivencia na miniresidencia de Boimorto”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, co código 17.2100.0003.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, cun orzamento de contrata de 119.039,78 €, que representa un incremento no seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial de 3.701,98 €, e sobre o orzamento de adjudicación de 3.319,46 €, que é asumido integramente polo concello de Boimorto, tal e como se indica no seguinte cadro de financiamento definitivo da obra:

Proxecto Modificado “Nova sala de convivencia na miniresidencia de Boimorto” Concello de Boimorto. código 17.2100.0003.0				
		Contrata	Adjudicación	Baixa
PROXECTO INICIAL	Deputación	115.337,80	103.420,00	11.917,80
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	115.337,80	103.420,00	11.917,80
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	115.337,80	103.420,00	11.917,80
	Concello	3.701,98	3.319,46	382,52
	Total	119.039,78	106.739,46	12.300,32
INCREMENTO	Deputación	0,00	0,00	0,00
	Concello	3.701,98	3.319,46	382,52
	Total	3.701,98	3.319,46	382,52

2.- O financiamento da achega provincial a este proxecto modificado farase con cargo a partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial

3.- Comunicarlle ao concello de Boimorto a aprobación polo Pleno provincial deste proxecto modificado da obra para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

25.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación da Casa Avelino, 1ª fase", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0318.0, e aprobación definitiva do investimento

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Cedeira do proxecto modificado do investimento denominado “Rehabilitación da Casa Avelino, 1ªfase”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0318.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2017/40644, do 18 de decembro de 2017, considerouse cumprida a condición establecida no último parágrafo do apartado 1 do dito acordo plenario do 8 de xuño de 2017,

por ter presentado o informe favorable da súa Interventora municipal para a solicitude de préstamo provincial dentro do POS+ 2017

Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 2 do citado acordo do 8 de xuño de 2017, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Cedeira cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	FINANCIAMENTO			Condicións pendentes
			Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	
Cedeira	2017.3290.0318.0	Rehabilitación da Casa Avelino, fase 1ª	213.396,25	0,00	213.396,25	- Informe de supervisión favorable - Aprobación polo Pleno do proxecto corrixido

Tendo en conta que este investimento, ao non estar aprobado definitivamente, aínda non está adxudicado

Logo de aprobar o Pleno do Concello de Cedeira un proxecto modificado deste investimento para, por unha banda, emendar as deficiencias advertidas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe do 6 de abril de 2017, e por outra, dar cumprimento ás esixencias impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que supón con respecto do proxecto inicialmente aprobado, un incremento do seu orzamento total que o concello se compromete a financiar integramente

Logo de ver que consta no expediente un informe de supervisión favorable deste proxecto modificado emitido o 14 de xuño de 2018 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no BOP número 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Rehabilitación da Casa Avelino, 1ª fase”, do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.3290.0318.0, que aínda non está adxudicado, para emendar as deficiencias advertidas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable do 6 de abril de 2017 e para dar cumprimento aos condicionantes impostos na Resolución emitida o 5 de marzo de 2018 pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que supón un incremento do seu orzamento total de contrata con respecto ao proxecto inicialmente aprobado, incremento que se compromete a asumir integramente o concello tal e como se indica na seguinte táboa:

"Rehabilitación da Casa Avelino, 1ª fase" do Concello de Cedeira POS+ 2017, código 2017.3290.0318.0				
Axentes cofinanciadores	Proxecto inicial	Proxecto modificado	Incremento	Condicións cumpridas

Deputación	213.396,25	213.396,25	0,00	- Informe de supervisión favorable - Aprobación polo Pleno do proxecto corrixido
Concello	0,00	60.611,03	60.611,03	
TOTAL	213.396,25	274.007,28	60.611,03	

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento, segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación do 8 de xuño de 2017, polo que se aprobou o POS+ 2017, consistente na obtención dun informe favorable de supervisión emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e na aprobación do proxecto modificado polo Pleno do concello, previa obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento incluído no POS+ 2017."

26.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación da Casa Avelino para dependencias administrativas, fase 2", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0423.0, e aprobación definitiva do investimento

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Cedeira do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación da Casa Avelino para dependencias administrativas fase 2", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0423.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 16 de maio de 2018 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 2 do citado acordo do 16 de maio de 2018, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Cedeira cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	FINANCIAMENTO			Condicións a realizar
			Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	
Cedeira	2018.2200.0423.0	Rehabilitación da Casa Avelino para dependencias administrativas, fase 2	230.923,55	0,00	230.923,55	- Supervisión favorable do proxecto corrixido aprobado - Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Tendo en conta que este investimento, ao non estar aprobado definitivamente, aínda non está adxudicado

Logo de aprobar o Pleno do Concello de Cedeira un proxecto modificado deste investimento para, por unha banda, emendar as deficiencias advertidas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe do 12 de febreiro de 2018, e por outra, para dar cumprimento ás esixencias impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na

Resolución do 5 de marzo de 2018, e que supón con respecto do proxecto inicialmente aprobado, unha diminución do seu orzamento total de contrata

Logo de ver que consta no expediente un informe de supervisión favorable deste proxecto modificado emitido o 6 de xuño de 2018 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do 2 de agosto de 2018, na que se autoriza a actuación prevista neste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación da Casa Avelino para dependencias administrativas, fase 2", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0423.0, que aínda non está adxudicado, para emendar as deficiencias advertidas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable do 12 de febreiro de 2018 e para dar cumprimento aos condicionantes impostos na Resolución emitida o 5 de marzo de 2018 pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que supón unha diminución do seu orzamento total de contrata con respecto ao proxecto inicialmente aprobado tal e como se indica na seguinte táboa:

"Rehabilitación da Casa Avelino para dependencias administrativas, fase 2" do Concello de Cedeira POS+ 2018, código 2018.2200.0423.0				
Axentes	Proxecto inicial Contrata	Proxecto modificado Contrata	Diminución Contrata	Condicións cumpridas
Deputación	230.923,55	222.454,76	8.468,79	-Supervisión favorable do proxecto corrixido aprobado -Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
Concello	0,00	0,00	0,00	
TOTAL	230.923,55	222.454,76	8.468,79	

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento, segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación do 16 de maio de 2018, polo que se aprobou o POS+ 2018, consistente na obtención o 6 de xuño de 2018 dun informe favorable de supervisión emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e na aprobación do proxecto modificado polo Pleno do concello, previa obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural mediante a Resolución do 2 de agosto de 2018, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento incluído no POS+ 2018."

(Entra a Sra. Castro Sánchez).

27.- Aprobación da desestimación do recurso de reposición interposto por Dona Natividad Sánchez García.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto o recurso de reposición formulado por Dona Natividad Sánchez García, con DNI ***2765**, contra o acordo do Pleno do 27/09/2019 polo que se aproba inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do 2019, elevado a definitivo ao non presentarse

alegacións no prazo regulamentario, acordo que foi publicado no BOP nº 216 do 13/11/2019, e tendo en conta os seguintes

Antecedentes de feito.

O 27/09/2019, a Corporación provincial acordou aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do 2019. No BOP do 4/10/2019 publícase o anuncio de exposición ao público do expediente.

Non téndose presentado alegacións no prazo regulamentario a dita modificación quedou definitivamente aprobada, publicándose no BOP nº 216 do 13/11/2019.

Fronte a dito acordo interponse recurso de reposición por Dona Natividad Sánchez García, con DNI ***2765** o 25/11/2019.

Fundamentos de dereito.

A praza vinculada aos postos de analista-programador aos que se refire a recorrente están clasificadas no grupo B de titulación. Segundo o disposto no artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015 para o acceso aos corpos e escalas do grupo B esixírase estar en posesión do título de Técnico Superior. É reiterada a doutrina do Tribunal Supremo sobre a exclusión de opositores que non teñen o título específico esixido na convocatoria aínda que se estea en posesión doutro de natureza superior (STS 06/02/1987, 23/02/1987, 27/12/1991). En concreto na de 06/02/1987 o Alto Tribunal dinos "unha cousa son os graos académicos bachiller, licenciado, doutor- e outra os chamados ensinos profesionais de primeiro ou segundo grao, orientadas máis cara á adquisición de destreza no terreo de operacións parciais manuais coa indispensable mínima preparación teórica que á amplitude e profundidade dos coñecementos nunha ciencia determinada." Engadindo que "o recorrente non foi excluído por ser licenciado en Ciencias Químicas senón porque non era titulado de Formación Profesional de 2º grao desa rama". Como segue indicando o Tribunal Supremo "a esixencia de titulación profesional específica que acredite capacitación para labores auxiliares, como requisito indispensable para o desempeño de postos nos que se desenvolvan tarefas deses índole, non discrimina aos titulados de rango superior. Trátase soamente da aplicación racional e razoable do principio de división do traballo que opera en todas as áreas produtivas ou de servizos". Así podemos ver como a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía con sede en Sevilla a pesar de soste "unha tese análoga á que mantén a actora na súa demanda, a saber, que quen está en posesión dun título superior, para cuxa consecución necesariamente tivo que adquirir os coñecementos prácticos e teóricos inferiores, pode lexítima e loxicamente, aspirar ao desempeño de postos de traballo correspondentes a estes últimos coñecementos" ten que concluír no fundamento de dereito terceiro que "Ocorre, con todo, que o Tribunal Supremo ha sentado doutrina xurisprudencial contraria a esta tese, e necesariamente habemos de aternos a aquela" non sendo posible, en consecuencia a estimación da demanda.

Por todo iso, ACÓRDASE desestimar o recurso de reposición formulado por Dona Natividad Sánchez García, con DNI ***2765** contra o acordo de aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo 2019.

O presente acordo é susceptible de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción deste escrito, perante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, conforme ao disposto no artigo 46.1, en relación co 8.1, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición; sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente".

28.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Ortigueira (IVTM, recollida de lixo, entrada de vehículos e aproveitamentos especiais)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias en materia tributaria acordada polo Concello de Ortigueira na sesión plenaria celebrada o 11 de setembro de 2019 en relación coas seguintes materias:

Xestión, inspección e recadación tributaria voluntaria e executiva do imposto de vehículos de tracción mecánica.

Recadación tributaria voluntaria e executiva da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos.

Recadación tributaria voluntaria e executiva da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase.

Recadación tributaria voluntaria e executiva da taxa por outros aproveitamentos especiais con finalidade lucrativa (caixeiros e aparatos de venda automática adosados a fachadas de edificios ás vías públicas).

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial."

29.- Aprobación dos estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios do exercicio 2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar os estados demostrativos relativos á xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios correspondente ao exercicio 2018."

30.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de novembro de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de novembro de 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de novembro de 2019.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2019.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase

a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

31.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a outubro de 2019 e proxección a 31/12/2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de outubro de 2019, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2019 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

I.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o persoamento da Deputación da Coruña na causa pola recuperación para a cidadanía do Pazo de Meirás

Exposición de motivos

O 15 de setembro de 2017, a Deputación da Coruña aprobaba unha moción na que recollía, entre outros acordos, a súa integración na Xunta Pro-Devolución Pazo de Meirás, conformada por máis de 40 entidades do tecido cívico da provincia; rexeitaba a xestión por parte da Fundación Francisco Franco da xestión das visitas ao Pazo, e apoiaba a realización dun estudo sobre o espolio e apropiación do Pazo por parte da familia Franco e as posibles vías para a súa recuperación para o patrimonio e uso público.

Realizado este estudo por parte dos profesores Emilio Grandío e Xavier Ferreira, no que se concluíu a natureza coactiva das doazóns á familia Franco, así como a consideración de "contrato simulado" da escritura pública de compravenda do Pazo de Meirás que tiña como único fin eludir a súa incorporación ao Patrimonio do Estado, sumándoo así ao patrimonio familiar privativo dos Franco, o 22 de marzo de 2018, a Deputación da Coruña aprobaba, por unanimidade, unha moción relativa á recuperación para a cidadanía do Pazo de Meirás en cuxo primeiro punto se acordaba:

1 Instar ao Estado a exercitar as accións administrativas e xudiciais oportunas para os efectos da recuperación posesoria e de oficio para o Patrimonio Público do Pazo de Meirás e, para tal efecto, comprometer a colaboración da Deputación da Coruña.

O pasado 11 de setembro de 2019, o Xulgado de Primeira Instancia de número 1 da Coruña

admitiu o persoamento adhesivo da Xunta e do Concello de Sada na demanda interposta pola avogacía do Estado para a recuperación do Pazo de Meirás, sen que a Deputación da Coruña fixese, ata o de agora, tentativa algunha de levar a efecto o comprometido no primeiro dos acordos da moción de marzo de 2018, é dicir, a súa colaboración na causa, que, ostentando título lexitimador para elo, debe ser o persoamento no procedemento.

Considérase que a Deputación ostenta un interese lexitimo desde unha desde una perspectiva histórica, xurídica e competencial, que posibilita a súa intervención adhesiva no procedemento, dado o papel relevante que esta administración en todo o proceso, ilegal e fraudulento, polo que o ditador Franco, e agora os seus herdeiros, adquiriu e detentou a propiedade do Pazo de Meirás.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Deputación da Coruña o seguinte acordo:

1.- O persoamento da Deputación da Coruña no PO 0000752 /2019 que se segue ante o Xulgado de 1ª instancia nº 1 de A Coruña, en calidade de parte coadxuvante adhesiva simple da demandante, Administración Xeral do Estado.

Sr. Lema Rodríguez

Bo día, moitas grazas, presidente. Dikir en primeiro lugar, sobre a retirada dos puntos que correspondían aos convenios nominativos ás entidades deportivas incluídas neses puntos, que creo unha vez máis que a Xunta de voceiros debiera de ser o lugar no que se ordenase o Pleno e, polo tanto, no que se nos informase previamente dese tipo de cuestións que, supoño que unha vez máis volverán á Comisión Informativa e non se engadirán novos argumentos que estimulen a súa aprobación, porque creo que xa se esgotaron todos os que había, e sospeito que volverá este asunto novamente a Pleno sen gran cambio.

Sobre a cuestión que expoñemos aquí, que ten que ver coa adhesión da Deputación da Coruña en cumprimento dos seus propios actos e das súas propias mocións, ao xuízo pola devolución do Pazo de Meirás, dikir que xa nos consta que é así, que a Deputación da Coruña, efectivamente, vai comparecer nesta causa, e que nos felicitamos e felicitamos tamén ao Goberno provincial por esta decisión, en todo caso non perde actualidade a moción que aquí traemos e que paso a expoñer deseguido.

(Le o texto da moción)

Moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Nós xa adiantamos que imos votar a favor, evidentemente, estamos de acordo co texto da moción e xa se fixo público tamén a intención do Goberno de comparecer nunha causa que non podemos esquecer que nun primeiro momento foi esta administración a que decidiu abrir un expediente informativo e tamén constituír unha Mesa para que existise esa estratexia de reivindicar a devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público, polo tanto o BNG e o PSOE xa manifestaron o seu sentido do voto e imos mantelo votando a favor da moción.

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

" Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o persoamento da Deputación da Coruña na causa pola recuperación para a cidadanía do Pazo de Meirás

Exposición de motivos

O 15 de setembro de 2017, a Deputación da Coruña aprobaba unha moción na que recollía, entre outros acordos, a súa integración na Xunta Pro-Devolución Pazo de Meirás, conformada por máis de 40 entidades do tecido cívico da provincia; rexeitaba a xestión por parte da Fundación Francisco Franco da xestión das visitas ao Pazo, e apoiaba a realización dun estudo sobre o espolio e apropiación do Pazo por parte da familia Franco e as posibles vías para a súa recuperación para o patrimonio e uso público.

Realizado este estudo por parte dos profesores Emilio Grandío e Xavier Ferreira, no que se concluíu a natureza coactiva das doazóns á familia Franco, así como a consideración de "contrato simulado" da escritura pública de compravenda do Pazo de Meirás que tiña como único fin eludir a súa incorporación ao Patrimonio do Estado, sumándoo así ao patrimonio familiar privativo dos Franco, o 22 de marzo de 2018, a Deputación da Coruña aprobaba, por unanimidade, unha moción relativa á recuperación para a cidadanía do Pazo de Meirás en cuxo primeiro punto se acordaba:

1 Instar ao Estado a exercitar as accións administrativas e xudiciais oportunas para os efectos da recuperación posesoria e de oficio para o Patrimonio Público do Pazo de Meirás e, para tal efecto, comprometer a colaboración da Deputación da Coruña.

O pasado 11 de setembro de 2019, o Xulgado de Primeira Instancia de número 1 da Coruña admitiu o persoamento adhesivo da Xunta e do Concello de Sada na demanda interposta pola avogacía do Estado para a recuperación do Pazo de Meirás, sen que a Deputación da Coruña fixese, ata o de agora, tentativa algunha de levar a efecto o comprometido no primeiro dos acordos da moción de marzo de 2018, é dicir, a súa colaboración na causa, que, ostentando título lexitimador para elo, debe ser o persoamento no procedemento.

Considérase que a Deputación ostenta un interese lexitimo desde unha desde una perspectiva histórica, xurídica e competencial, que posibilita a súa intervención adhesiva no procedemento, dado o papel relevante que esta administración en todo o proceso, ilegal e fraudulento, polo que o ditador Franco, e agora os seus herdeiros, adquiriu e detentou a propiedade do Pazo de Meirás.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Deputación da Coruña o seguinte acordo:

1.- O persoamento da Deputación da Coruña no PO 0000752 /2019 que se segue ante o Xulgado de 1ª instancia nº 1 de A Coruña, en calidade de parte coadxuvante adhesiva simple da demandante, Administración Xeral do Estado."

II. Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para instar o presidente do Goberno en funcións a que non alcance acordo algún que vulnere o establecido na nosa Carta Magna e o resto do ordenamento xurídico español e que poida provocar efectos negativos para Galicia e a provincia da Coruña.

Exposición de motivos

Tras as eleccións do pasado 10 de Novembro, o Presidente en funcións do Goberno de España decidiu buscar o apoio da extrema esquerda española e dos independentistas. Os primeiros, pretenden a liquidación da nosa democracia e do sistema político xurdido do exemplar proceso de Transición Española que culminou coa Constitución de 1978 e, os

segundos, teñen como único obxectivo romper España.

Esta decisión, sen realizar consultas a todos os partidos- tal e como se comprometeu a facer o pasado 13 de outubro no seu documento "Plan para avanzar e vencer o bloqueo"-, provocou que a sociedade española mostre a súa preocupación polas posibles cesións que o Presidente en Funcións do Goberno de España está disposto a levar a cabo con tal de ser reelixido.

Durante as últimas semanas asistimos a unha progresiva aceptación da linguaxe independentista, pasando do conflito de convivencia en Cataluña, a soste que existe un suposto "conflito político". Unha aceptación que lexitima "de facto" as pretensións daqueles que buscan destruír a nosa nación.

Todo parece indicar que as esixencias dos independentistas buscan o establecemento dunha relación bilateral entre Cataluña e España coma se fosen estados independentes e a posta en marcha dunha mesa de diálogo. Pretensións e órganos que se atopan fóra dos establecidos pola Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Cataluña para as relacións entre CCAA e o Goberno de España.

O Partido Socialista, fai apenas tres anos, destituíu ao seu entón Secretario Xeral, Pedro Sánchez, por tentar chegar un acordo coa esquerda e os independentistas que non chegaba tan lonxe como pretende facelo na actualidade.

A unidade de España, a solidariedade entre rexións e CCAA, e a liberdade (liberdade por exemplo para elixir a lingua na que se expresan ou na que estudan os seus fillos) e igualdade dos españois son os alicerces básicos da democracia española e a defensa dos mesmos debe estar por encima de partidos políticos e ideoloxías.

Cada vez que o PSOE negociou cos independentistas a factura a habemos pagados os galegos cun recorte no financiamento autonómico, unha diminución dos investimentos, a ruptura da solidariedade entre territorios de España e o agravamento das diferenzas entre rexións. E isto é inadmisíble para os Galegos e os veciños da nosa provincia.

Os cidadáns da provincia da Coruña non podemos permitir que se poña en perigo o pacto de convivencia do que nos dotamos todos os españois en 1978. Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar os seguintes:

ACORDOS

1.- Instar o Presidente do Goberno de España en funcións a non asumir a terminoloxía independentista que pretende substituír o problema de convivencia existente en Cataluña por un suposto conflito político.

2.- Instar o Presidente do Goberno de España en funcións a que non ceder ante a pretensión independentista de crear unha "mesa de negociación institucional entre os gobernos de Cataluña e España" coma se de dúas nacións soberanas tratásese.

3. - Instar o Presidente do Goberno de España en funcións a que non se estableza diálogo algún fóra das institucións recollidas na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Cataluña.

4.- Instar o Presidente do Goberno de España en funcións a manter a súa promesa de recuperar o delito de referendo ilegal

5. Instar o Presidente do Goberno de España en funcións, a facer públicas as esixencias dos independentistas para que todo o pobo español, en quen reside a soberanía nacional (Artigo 1.2 da Constitución Española), poida coñecer con transparencia as concesións que se realizarán aos independentistas.

6. Instar o Presidente do Goberno de España en funcións, a non negociar un acordo de investidura cos independentistas cataláns que poña en perigo a unidade da nosa nación e a igualdade entre españois.

7.- Instar o Presidente de España en funcións, Pedro Sánchez a non negociar cos independentistas de Cataluña un acordo que poña en perigo o desigual financiamento das comunidades autónomas en detrimento de Galicia, unha diminución dos investimentos para a provincia da Coruña e o agravamento das diferenzas entre territorios de España.

Sra. Gallego Neira

Moi bos días a todos, antes de nada felicitar a todo o mundo o Nadal e o vindeiro ano, teremos logo a oportunidade de facelo todos xuntos, pero aproveitar desde aquí para quen nos estea escoitando.

Vou pasar á lectura da moción.

Tras as eleccións do pasado 10 de novembro, o presidente en funcións do Goberno de España decidiu buscar o apoio da extrema esquerda española e dos independentistas. Os primeiros, pretenden a liquidación da nosa democracia e do sistema político xurdido do exemplar proceso de Transición Española que culminou coa Constitución de 1978 e, os segundos, teñen como único obxectivo romper España.

Esta decisión, sen realizar consultas a todos os partidos- tal e como se comprometeu a facer o pasado 13 de outubro no seu documento "Plan para avanzar e vencer o bloqueo"-, provocou que a sociedade española mostre a súa preocupación polas posibles cesións que o presidente en funcións do Goberno de España está disposto a levar a cabo con tal de ser reelixido.

Durante as últimas semanas asistimos a unha progresiva aceptación da linguaxe independentista, pasando do conflito de convivencia en Cataluña, a soste que existe un suposto "conflito político". Unha aceptación que lexitima "de facto" as pretensións daqueles que buscan destruír a nosa nación.

Todo parece indicar que as esixencias dos independentistas buscan o establecemento dunha relación bilateral entre Cataluña e España coma se fosen estados independentes e a posta en marcha dunha mesa de diálogo. Pretensións e órganos que se atopan fóra dos establecidos pola Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Cataluña para as relacións entre CC.AA. e o Goberno de España.

O Partido Socialista, hai apenas tres anos, destituíu ao seu entón secretario xeral, Pedro

Sánchez, por tentar chegar a un acordo coa esquerda e os independentistas que non chegaba tan lonxe como pretende facelo na actualidade.

A unidade de España, a solidariedade entre rexións e CC.AA., e a liberdade e igualdade dos españois son os alicerces básicos da democracia española e a defensa destes debe estar por riba de partidos políticos e ideoloxías.

Cada vez que o PSOE negociou cos independentistas, a factura pagámola os galegos cun recorte no financiamento autonómico, unha diminución dos investimentos, a ruptura da solidariedade entre territorios de España e o agravamento das diferenzas entre rexións. E isto é inadmisíbel para os galegos e os veciños da nosa provincia.

Quero recordar que o Goberno do Estado lle debe á Comunidade Autónoma galega 200 millóns dun mes do IVE e debe 170 millóns das entregas a conta do ano 2017 e 2018, ese é un castigo aos galegos. E quero recordar tamén e recordarlles que o proxecto de orzamentos xerais do Estado que pretendía aprobar Pedro Sánchez co apoio dalgúns Grupos que están aquí representados, tamén castigaba a Galicia co maior recorte de investimentos de todas as comunidades, propoñía un recorte dun 20% aos investimentos a Galicia e un 52% máis para Cataluña. Polo tanto, para Sánchez Galicia é a grande esquecida e o motivo é obvio.

Os cidadáns da provincia da Coruña non podemos permitir que se poña en perigo o pacto de convivencia do que nos dotamos todos os españois en 1978. Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial do Partido Popular insta o Pleno, a adoptar os seguintes acordos:

Primeiro- Instar o presidente do Goberno de España en funcións a non asumir a terminoloxía independentista que pretende substituír o problema de convivencia existente en Cataluña por un suposto conflito político.

Segundo.- Instar o presidente do Goberno de España en funcións a non ceder ante a pretensión independentista de crear unha "mesa de negociación institucional entre os gobernos de Cataluña e España" coma se de dúas nacións soberanas se tratase.

Terceiro. - Instar o presidente do Goberno de España en funcións a que non se estableza diálogo ningún fóra das institucións recollidas na Constitución e no Estatuto de Autonomía.

Cuarto.- Instar o presidente do Goberno de España en funcións a manter a súa promesa de recuperar o delito de referendo ilegal

Quinto. Instar o presidente do Goberno de España en funcións, a facer públicas as esixencias dos independentistas para que todo o pobo español, en quen reside a soberanía nacional poida coñecer con transparencia as concesións que se realizarán aos independentistas.

Sexto. Instar o presidente do Goberno de España en funcións, a non negociar un acordo de investidura cos independentistas cataláns que poña en perigo a unidade da nosa nación e a igualdade entre españois.

E sétimo.- Instar o presidente de España en funcións, Pedro Sánchez a non negociar cos independentistas de Cataluña un acordo que poña en perigo o desigual financiamento das comunidades autónomas en detrimento de Galicia, unha diminución dos investimentos para a provincia da Coruña e o agravamento das diferenzas entre territorios de España.

Como se falou na Xunta de portavoces por parte dalgún Grupo, que esta non é unha

moción, que isto é un rogo, esta é unha moción en toda regra e senón, que se nos diga en base a que non o é, e todos os Grupos políticos temos dereito a presentar as mocións, de feito o presidente da Deputación incluíuna como tal na orde do día, e a debater o que consideramos, xa adianto que o noso Grupo por suposto que ten dereito a debater democraticamente o que considere oportuno, como o resto dos Grupos provinciais. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu son un dos que na Comisión de portavoces dixen, entendo que isto non é unha moción. Unha moción non pode ser o que se expón neste escrito dicindo o que ten que facer o presidente do Goberno, con quen ten que falar ou con quen non ten que falar, porque o presidente do Goberno, que eu saiba, está falando cos representantes de partidos democráticos amparados na Constitución española, e que se presentaron ás eleccións en España, polo tanto ata aí podíamos chegar, que non puidera falar o presidente do Goberno con quen queira para facer un goberno para este país, un goberno que pasa pola esquerda, e non pasa por outro sitio, porque a dereita xa demostrou continuamente e está, leva meses dicindo o mesmo, que non apoia, non apoia, se non apoia, pois hai que buscar os apoios necesarios para que este país se governe, espero que sexa o máis pronto posible.

E despois dicir que non se negocie con nacionalistas, é que ao PP fállalle a memoria tremendamente, non só o PP negociou con nacionalistas, tanto vascos como cataláns, senón que tamén aprendeu a falar o Sr. Aznar, aprendeu a falar catalán, para entenderse mellor co Sr. Puyol, isto é un escándalo, que se veña aquí dicir que é o que ten que facer o presidente do Goberno da nación. O presidente do Goberno da nación ten que facer un pacto o máis pronto posible, e gobernar España que iso é o que hai que facer neste país.

Sr. Lema Suárez

Nós discrepamos do contido da moción, pero si entendemos que é unha moción, e que como tal nesta cámara débese discutir ámbitos que afectan de xeito directo ou indirecto á cidadanía da Coruña, e esta é unha delas.

Dito o seguinte, por suposto discrepamos co contido da moción, cuestións de linguaxe que se indican dela, eu supoño que a Sra. Gallego que ten, cando menos, uns cantos anos máis de memoria política ca min, recordará cando Aznar se refería a ETA como o movemento de liberación nacional vasco, non sei se vostede se acorda, pero eu si que me podo acordar. Ou, xa indo un pouco máis cara ao presente, os apoios que obtivo para a investidura o seu Partido en distintas Comunidades Autónomas por parte de VOX, que é un Partido que, desde logo, non se distingue pola súa defensa dos contidos constitucionais, e non me refiro unicamente ás cuestións que teñen que ver coas políticas de xénero e coa igualdade entre os xéneros, senón tamén en cuestións que teñen que ver, por exemplo, co recoñecemento do Estado das autonomías, ou por exemplo coa súa proposta pública de ilegalizar a partidos como, por exemplo, o PNV, ou Convergencia i Unió, cos cales, por certo, Aznar negociou a súa investidura no ano 1996, cos dous, como acaba de sinalar o compañeiro Seoane, e que eu creo que ademais foron os únicos catro anos, primeiros catro anos decentes, non digo por outros motivos, senón por motivos que teñen que ver coa necesidade de buscar equilibrios para sacar adiante políticas con estes dous partidos, con Convergencia i Unió e PNV, cos cales pactou no seu día o Partido que vostede representa nesta Cámara.

Co que ten que ver coa Constitución, a Constitución tamén debe recoller sempre a defensa de dereitos fundamentais, sexan estes ou non, os que están agora mesmo no seu texto, refírome con isto a que eu supoño que vostede non é allea á actualidade informativa, ao que acaba de ditaminar o Tribunal europeo respecto do encausamento, ou do procesamento no seu día de parlamentarios da Cámara europea electos, que agora mesmo vai ter que

liberar, ou ter que dalgunha maneira facer asumir esta segunda lexislación o Estado, entón, eu entendo que a Sra. Gallego non será tampouco allea a que existen máis xurisdicións implicadas na xestión, ou digamos, na defensa dos dereitos fundamentais, unicamente que a española, e que, polo tanto, eu creo que tamén debería ser consciente de que os dereitos fundamentais e os principios de liberdade e de defensa destes dereitos, poden estar ou non, mellor ou peor recollidos na Constitución. Nós defendemos que algúns dereitos colectivos non están debidamente recollidos. Por outro lado non debemos esquecer que o Partido Popular no seu día, asumindo, por certo, o mandato político derivado da débeda que historicamente asume o Goberno español despois da crise de 2008, débeda, por certo, parte dela emanada do rescate da banca, e que nunca vai ser reintegrado ás arcas públicas nin tampouco pola vía impositiva, o cal paréceme realmente increíble, que realmente se lle fixera un préstamo a fondo perdido á banca, que agora politicamente, nos negamos non, parece ser que a decisión xa a tomaran os ámbitos superiores, e que non vai haber política impositiva fiscalizadora que obrigue aos bancos a devolver o que no seu momento se lles entregou.

Pero froito desta situación, o Partido Popular pactou no seu momento unha reforma constitucional co Partido Socialista, o artigo 135, que dalgunha maneira dálle carta de natureza ao Estado español nas súas prioridades políticas á devolución da débeda, dunha débeda que algúns de nós consideramos, en parte, cando menos, ilexítima. Por tanto, eu creo que non vale facer trampas con esta cuestión, non vale estar coa Constitución nalgunha parte do seu articulado, non tanto noutra, é evidente que as cuestións sociais, dereito á vivenda, dereito ao traballo, non forman parte da prioridade dos constitucionalistas, segundo sexa o día, e despois certamente a composición da cámara de representantes do Estado obriga a pactos con forzas que vostede acaba de definir independentistas, ou de extrema esquerda, para sacar adiante un Goberno. A alternativa a esta situación son os seus aliados de Vox, son os seus aliados que gobernan con vostedes en varias comunidades, e son por exemplo, non sei vostede que opinión ten de que Vox xa manifestara o seu desacato con esta resolución do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea, ou con outros asuntos tamén de bastante substancia. Entón, claro que para gobernar o Estado, para sacar adiante un pacto de Estado, é necesario que a aritmética sexa suficiente para acadar esa maioría de investidura e chegar a pactos cos que son distintos a nós, eu creo que con iso non hai ningún tipo de dúbida.

Polo tanto, nós en absoluto estamos de acordo con esta moción, e ademais hai cuestións que vostede sinalou no seu expositorio, que ten que ver coas transferencias do Estado a Galicia derivadas dos pactos orzamentarios, que eu teño que lembrarlle que son falsos, porque no último orzamento que entrou en vigor, aprobado polo Goberno do Sr. Rajoy, reducíase aproximadamente nun terzo as transferencias do Estado a Galicia, eu supoño que se vostede se escandaliza porque esta contía que, a verdade é que coincido con vostede en que non participa do principio de reequilibrio territorial, é escasa, tamén era escasa a partida que se lle reservaba a Galicia nos orzamentos do Sr. Rajoy.

E por esta, e por outras cuestións que supoño que poden imaxinar, pero que non quero tampouco cansar aos compañeiros nun día como hoxe, cun expositorio demasiado longo, anunciamos o noso voto contrario. Grazas.

Sr. Regueira Varela

Bo día. Eu adhirome a esas felices festas que nos desexou Rosa Gallego, en nome do Partido Popular, pero despois de desexarnos felices festas a verdade é que a moción que debatemos parece escrita polo Sr. Scrooge do Conto de Nadal de Charles Dickens.

A min dáme a sensación de que a linguaxe que se utiliza nesta moción está lonxe da linguaxe que utilizou historicamente mesmo o Partido Popular en Galicia, é unha linguaxe, eu teño que recoñecer que para min, descoñecida incluso dentro do Partido Popular, co cal está claro que non me une ideoloxicamente moitas cousas, pero que non recoñezo ao propio

Partido Popular nesta moción. Dáme a sensación de que estamos falando nunha linguaxe, cunha terminoloxía incluso que recorda aqueles tempos da transición, ou dos primeiros tempos da democracia española, con aquel Blas Piñar nas Cortes españolas, dicindo certas cousas que a día de hoxe xa non teñen moito sentido.

A min gustárame, e xa se dixo anteriormente, pero eu si recordo a data, porque eu son máis vello que Alberto, entón recordo a data onde o presidente Aznar naquel momento recoñecía que o Goberno estaba falando con ETA. Parece que estas cousas que se están dicindo nos últimos tempos de "Contra ETA viviamos mellor", eu non as entendo, pero Aznar no 6 de xuño de 1999, recoñecía publicamente que había un diálogo entre o goberno e ETA, e mesmo desde outros partidos políticos que se lle recriminaba ese diálogo cunha asociación terrorista, Javier Arenas, naquel momento portavoz do Partido Popular dicía que era unha cuestión de sensatez política, e que ese diálogo debía existir, e eu estou de acordo que era unha cuestión de sensatez política. E tiña moita razón Alberto, está gravado e está o vídeo colgado en diferentes hemerotecas videográficas, onde o presidente Aznar referiuse a ETA, non como organización terrorista, senón como movemento de liberación vasco. Moito atrás está indo o Partido Popular nese concepto de pluralidade, nese concepto de tamén de entender as diferentes nacionalidades que compoñen o Estado español.

Pero tamén ese ambiente prebélico case, que ten esta moción, que eu tamén, como Gelo, fun dos que discutiu se era unha moción ou se podería ser considerada outra cousa, a min preocúpame que o Partido Popular asuma conceptos e concepcións políticas que agora está defendendo un Grupo que pode ser moitas cousas, o que si non é, por moito que fale de unidade de España, é constitucionalista, porque na propia moción do Partido Popular se desprenden verdadeiras alegacións contra cuestións que están recollidas e están defendidas pola Constitución española, cando se fala das linguas, cando se fala das diferentes ideoloxías políticas, cando se criminaliza case a alternativas políticas e ideoloxías diferentes. Desá linguaxe da moción do Partido Popular tamén se desprende un desacordo grande con artigos concretos da propia Constitución española, que consagra dereitos e que consagra tamén a riqueza cultural do Estado español manifestada nas diferentes linguas. Eu creo que é preocupante a literatura desta moción, pero se imos máis alá eu creo que verter opinións subxectivas e criminalizar ideoloxías, ideoloxías democráticas, é perigoso porque despois vén VOX a Galicia a dar un mitin a Vigo e di que Feijoo é un nacionalista perigoso, ou di que Fraga rozaba a sedición impondo a lingua galega, porque cando se verten gratuitamente opinións subxectivas, e cando se fai unha lectura de parte considerando que se ten algunha autoridade moral máis alá da que teñen outras forzas políticas, estamos condenados a que calquera outro nos critique tamén a nosa propia posición política, eu creo que estamos entrando en xogos perigosos.

Pero fíxese, curiosamente, esta moción chega despois de que teñamos unha sentenza da Unión Europea, e aquí fálase dun discurso sobre un proceso catalán que a Unión Europea non comparte nas concepcións político-ideolóxicas que manifesta esta moción. Se collemos a sentenza do Tribunal da Unión Europea, fálase de referendo claramente, non se fala do que di a moción aquí de retomar o delito de referendo ilegal, fálase tamén dunha estratexia política, fálase tamén de que non houbo violencia, fálase tamén dun intento de presión política por parte dos partidos do ámbito catalán, pero non se fala nin de violencia, nin de ilegalidade, nin de non sei qué historias aquí, coa que se pretende criminalizar unha alternativa política que eu tamén represento, porque eu son nacionalista, e eu creo que a Constitución española consagra o meu dereito a selo, e a reivindicarme, dentro do ámbito da propia lei, e a lei teñen que xulgar se a cumprimos os tribunais de xustiza, os españois, pero tamén os europeos, pero claro, agora como está de moda tanta bandeiriña e tanta posición que ten máis de posición hormonada que de posición intelectual, tampouco acatamos as sentenzas europeas, é máis, xa hai un movemento da ultradereita española pedindo un brexit cañí, Spainexit, ou algo así polo estilo, que xa non recordo nin como se chama. Eu creo que estamos entrando en discursos claramente prexudiciais para a convivencia, e non é o catalán o prexudicial para a

convivencia, temos un discurso que está fomentando o odio, e que está fomentando tamén o odio contra o que é diferente. Eu creo que falar en política é o normal, e abrir mesas de diálogo é o normal, criminalizar mesas de diálogo, criminalizar conversas entre gobernos, eu creo que iso non conduce máis que a situacións de crispación e de fomentar o odio, despois, claro, cando se propaga e se fomenta e se fai apoloxía do odio, pasan as cousas que pasan, que aparecen cócteles molotov nos centros de inmigrantes, e cousas así. Eu pido recuperar a sensatez.

E remato como empecei, a min dáme a sensación de que a linguaxe que utiliza a moción do Partido Popular está, polo menos para min, lonxe da linguaxe que utilizou sempre o Partido Popular en Galicia, dentro da discrepancia absoluta que podemos ter unha persoa coma min que milita dentro do nacionalismo e unha persoa que poida militar no Partido Popular, pero eu non recoñezo ao Partido Popular de Galicia nesta moción, e dígollo desde a máis absoluta sinceridade e desde un punto de vista absolutamente persoal, non recoñezo ao Partido Popular de Galicia nesta moción. E, evidentemente, nós imos votar en contra.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo. Engadir ao que xa se escoitou algunhas consideracións. A primeira delas é que estamos ante unha moción que cualificaría como insidiosa, en canto que se basea en hipóteses e é unha moción bastante pouco habitual e inusual, porque é unha moción de carácter preventivo, é pedir a alguén que non faga algo dando por feito que o vai facer, que diríamos se trouxeramos aquí unha moción pedindo ao Sr. Feijoo que non incumpra a lei, suponse que iso sería un absurdo.

Si que é certo que é importante deixar de manifesto, a través da presentación desta moción por parte do Partido Popular, cal é a dobre vara de medir que ten o Partido Popular, porque non aplica os mesmos criterios cando está no Goberno ou cando necesita de apoios para chegar ao Goberno, e cando está na oposición. Algún dos exemplos comentaba neste caso o vicepresidente, como aquela negociación con ETA, cando negocia o PP faise pola paz e ETA non é un grupo terrorista, senón un Movemento Vasco de Liberación, cando o fai o Partido Socialista vende España e traizo a aos mortos. Ou cando se trata de formar Goberno, falamos catalán na intimidade desde o Partido Popular, e cando o fai o Partido Socialista, vende novamente España. Polo tanto, eses son dous exemplos que escenifican á perfección cal é a postura do PP.

Pero eu penso que esta moción ten un punto que falta, ou un punto incluso que podería resolver todas as discrepancias, ou incluso as desconfianzas que poida xerar no Partido Popular a negociación para formar goberno, que é tan sinxelo como eliminar todos os puntos de acordo e poñer un que sexa: o Partido Popular garante a formación de Goberno e, polo tanto, a gobernabilidade de España. Que, por certo, é algo que fixo o Partido Socialista con Mariano Rajoy, agora non lles interesa, con Mariano Rajoy, independentemente, estamos falando de partidos, vostede non falou de Pedro Sánchez porque dicía vostede, porque o PSOE, o PSOE, o PSOE cando negocia, ben, pois o PSOE, despois de adoptar as medidas que adoptara a nivel interno, que eu penso que iso non é incumbencia do Partido Popular, porque vostedes non militan no noso Partido, senón que somo nós os que pagamos unha cota e, polo tanto, temos esa capacidade para falar e tomar decisións, decidíu absterse para garantir a gobernabilidade do Sr. Rajoy, cousa que agora vostedes non fan. Polo tanto, todas estas preocupacións para non caer nas mans dese nacionalismo independentista que tan malo é, quedarían resoltas se o Partido Popular garantise a investidura, mire vostede que rápido, mire vostede que fácil e mire vostede que forma máis marabillosa de manter cohesionado o Estado español e defender a unidade de España, etc., etc.

Pero claro, despois tamén chama a atención determinadas afirmacións que veñen na exposición de motivos e que comentaba a voceira do Partido Popular que é iso de que o

PSOE sempre que governa ou que ten que pactar vende España, e que Galicia sempre é a gran prexudicada, ben, pois imos tirar un pouco de hemeroteca.

Negociacións do PP para formar goberno, o pacto do Majestic. Transferencias á Generalitat das competencias de tráfico, iso supuxo que a Garda Civil desaparecera das rúas en Cataluña, esa Garda Civil á que vostedes despois traen aquí unhas mocións enxalzándoas e poñéndoas en valor, ben, pois vostedes para lograr o apoio de Convergencia i Unió para que gobernara o Sr. Aznar entregaron as competencias de tráfico aos mossos de squadra, eses mossos de squadra tan malos que permitiron un referendo ilegal. Pero xa non é só que permitiran que se trasladaran esas competencias á Generalitat, senón que como ben digo, iso supuxo que a Garda Civil desaparecera das rúas de Cataluña.

Ademais diso, implicou tamén o peche de determinadas, ou de bastantes casas cuartel da Garda Civil, polo tanto, tamén desapareceron a nivel de infraestrutura. Nese acordo tamén se estableceu a desaparición dos gobernos civís, do Gobernador Civil, que foron modificados por subdelegados do Goberno, que son funcionarios que tiñan moitísimas menos competencias. De feito a día de hoxe, o edificio do Goberno Civil en Cataluña segue abandonado, o pacto do Majestic do Sr. Aznar.

Con estes dous acordos naquel pacto, o que se conseguiu foi practicamente eliminar a presenza do Estado en dous, digamos, planos a nivel autonómico en Cataluña, que eran bastante importantes.

Ademais disto, había un..., -déixeme porque teño aquí o dato e non quero extravialo-, transferencias en competencias en materia, -pacto Majestic-, de xustiza, educación, agricultura, cultura, sanidade, políticas de emprego, formación, portos, medio ambiente, mediación de seguros, política lingüística e vivenda, todas estas competencias, unha gran parte delas, foron transferidas á Generalitat de Cataluña, ás autonomías, a raíz do pacto do Majestic que o Partido Popular firmaba con esa xente tan mala que son os nacionalistas catalás. Cesión do 33% da recadación do IRF, cesión do 35% da recadación do IVE, e cesión do 40% dos impostos especiais, iso tamén foi a raíz dese acordo do pacto do Majestic.

En investimentos, AVE Madrid-Barcelona, ampliación do porto e do aeroporto de Barcelona, nomeamento a partir dese momento por parte da Generalitat dos xestores dos portos de Barcelona e de Tarragona, que eran de titularidade estatal. Maior capacidade normativa para as autonomías, e que veñamos agora a dicir aquí que cando se governa por parte do Partido Socialista, se hai que chegar a un acordo, se vende España aos nacionalistas, que quere que lle diga?

Seguramente me dirán que o do Sr. Aznar é moi alonxado no tempo e que esa é unha etapa superada do Partido Popular, imos á do Sr. Rajoy, que é máis recente, ata hai pouco.

Xusto antes da moción de censura o Partido Popular consegue o apoio do PNV aos seus orzamentos, nas mesmas datas nas que o PNV chegaba a un acordo no Parlamento vasco con Bildu, eses pseudoterroristas, e póño en boca do Partido Popular, no que se solicitaba o dereito a decidir, é dicir, pactamos os orzamentos con aqueles que pactan cos independentistas pseudoterroristas, ou filoterroristas, que ademais nun acordo do Parlamento Vasco avogaba polo dereito a decidir, non houbo ningún problema, non se vendía España. Por certo, 1.400 millóns de euros que o Goberno de Rajoy entregou ao País Vasco a través desa cota vasca, que levaba reclamando desde o ano 2007, aí non había ningún problema, non se prexudicaba a Galicia.

2018, orzamentos de Rajoy, increméntanse un 1,3% para Galicia, cando a media do incremento para as autonomías do resto do Estado era do 15%, algunhas delas como Castilla-La Mancha, 37,5% de incremento, Cantabria 36%, Galicia 1,3%, era a terceira Comunidade

que menos cartos recibía, e en comparación co resto das do Estado, un 1,3%, é dicir, dez veces menos que o resto das autonomías, onde estaba o PP de Galicia?, desaparecido, aí non se prexudicaban os intereses de Galicia.

2018, un 4% menos de investimento do ADIF en alta velocidade, esa alta velocidade que vostedes reclaman, a Sra. conselleira Ethel Vázquez, con tanta vehemencia nos últimos tempos. Pero é que con respecto ao 2017, o investimento previsto en ADIF alta velocidade, diminuíu nese orzamento de Mariano Rajoy un 42,5%, practicamente se baixaba á metade, eu era deputado nesta Corporación provincial, non recordo ningunha moción do Partido Popular deixando constancia na súa exposición de motivos que se estaba a atacar a Galicia desde o Goberno do Estado e se favorecía a outras autonomías en detrimento de Galicia.

2018, un 4,1% menos do Fondo de Cooperación interterritorial con respecto ao ano 2017, tampouco escoitei, nin lin nada, nin ningunha moción do Partido Popular, criticando ese feito nesta Corporación provincial. E podería continuar.

Polo tanto, eu penso que con estes poucos datos que acabo de achegar, queda perfectamente claro cal é a actitude do Partido Popular cando se trata de formar goberno e cando goberna as institucións do Estado, e cal é a actitude do Partido Popular cando son outros, cando outros negocian, venden España, prexudican a Galicia, róbanlle aos galegos, e cando o fai o Partido Popular é o mellor goberno da historia, ou parafraseando ao Sr. Feijoo, se nota cando un galego está no Goberno de Madrid. Pois se desde logo o resumo desa nota en canto a que hai un galego no Goberno de Madrid, que estaba referida ao Sr. Rajoy, que quere que lle diga, penso que non saímos moi ben parados.

Polo tanto, sinceramente, eu propoño que vostedes, xa non, non votar a moción, senón que a retiren, porque é absurda, porque está baseada nun futurible, porque está baseada en datos que están totalmente manipulados por vostedes para dar a impresión de que aquí alguén vende o país, por certo, negociando cun partido que nos guste máis, e eu estou nas antípodas deles, e non comparto en absoluto o que é a independencia de Cataluña, pero é que é un partido democrático, e ese sistema democrático, e vostede enxalza tamén na súa exposición de motivos, que di que alguén se quere cargar, é precisamente o que permite cunha lei electoral que cheguemos a esta situación na que estamos, e que haxa que pactar para formar goberno. Polo tanto, ou propoñen vostedes unha modificación desa lei electoral, e da Constitución española, máis ambiciosa, para evitar este tipo de situacións, e non son reféns, como din vostedes, do nacionalismo e do independentismo, ou daquela están caendo vostedes nunha contradición, porque o que non é de recibo é que os demais sexamos reféns cando hai que negociar, e cando o fan vostedes é polo ben de España. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Moitas grazas. Vou empezar polo final porque é o máis recente.

Eses datos debeullos pasar o Sr. Losada, non sei se falou coa alcaldesa da Coruña porque criticou o orzamento que pretendían aprobar en 2019, ata a alcaldesa, logo non sei ata que punto ía esixir, un recorte do 20% para Galicia, iso é así, entón imos centrarnos no que hai agora. É insidiosa porque se basea en hipóteses e futuribles, imos ver, non se están repartindo xa o Goberno?, non vai ser Pablo Iglesias vicepresidente do Goberno?, non van pactar un Goberno con Podemos?, non están negociando con Esquerra Republicana de Cataluña e con Bildu?, non se están sentando á mesa cos que din que non existe a soberanía nacional e que queren un estado de Cataluña independente?, non están facendo iso?. Unha cousa é o nacionalismo, que o dixo moi ben o Sr. Regueira, o nacionalismo dentro da Constitución e dentro da lei, outra cousa é o independentismo, que si é verdade que a xustiza europea dixo, pero non dixo que este señor sexa inocente?, o Sr. Junqueras, non o dixo, e agora a xustiza acaba de dicir que o Sr. Torra está inhabilitado dezaoto meses, e falan de bandeiriñas cun

desprezo á bandeira de España, que é a constitucional, e poñen laciños amarelos, que iso si son laciños, e ás veces poñen lazos xigantes en edificios públicos, cunha connotación anticonstitucional, entón imos ver do que estamos a falar aquí. Nunca o Partido Popular vai apoiar un Goberno destas características, apoiaría un Goberno socialista, ou se abstería, con outras condicións, e sabendo que nos estamos xogando, porque cos ministrables que nos están ofrecendo e que se están posicionando, como poden comprender, o Partido Popular ten que votar un non rotundo, un non rotundo, e dixéronllo desde o minuto un.

O Sr. Sánchez non durmía tranquilo, imos facer memoria, memoria máis recente, eu non vou ir ao ano 96 nin ao 78, vou ir a xullo deste ano, non durmía tranquilo porque non podía ter a Pablo Iglesias nun Goberno, ás vinte e catro horas, o 11 de novembro, en lugar de chamar ao Partido maioritario da oposición, -obviamente, tamén o fixeron aquí na Deputación, é máis, aquí o Partido maioritario, xa non da oposición, e noutros concellos-, chamou ao Sr. Iglesias, e xa cambiou o colchón outra vez, xa durme tranquilo. Entón, imos ver, non é que non se queira negociar co Partido Socialista.

Eu non sei se coñecen vostedes, Sr. Fernández, ao Sr. Guerra, Alfonso Guerra, ao Sr. Francisco Vázquez, que di que o PSOE é o tonto útil de Podemos, xa que falamos de Aznar e dalgúns máis antigos, imos falar, ao Sr. Rodríguez Ibarra, que se se pacta con Esquerra marcha do Partido Socialista, pero é que o Sr. Alfonso Guerra di, criticou abertamente os pactos do PSOE con populistas chegando a cualificar como granadas explosivas, fíxese, e socialista. Entón, eu non sei de que estamos falando.

E claro que é unha moción, e fíxese se dá para debater, e afecta a Galicia e afecta á provincia. E logo imos debater unha moción que fala da emigración, porque claro, tamén afecta á provincia, e tamén se pode debater, como non, pero como é contra a Xunta de Galicia iso é unha moción, se é contra o futuro presidente, que é o presidente en funcións, non estamos falando dun señor que apareza mañá, e que está aí, e está negociando agora, e a moción preséntase agora para que non pacte, iso é o que estamos presentando, e que cambie o rumbo, e ao mellor hai unha solución. Pero, desde logo, desta maneira é imposible.

Sr. Regueira Varela

Simplemente recordarlle á Sra. Gallego que o Partido Popular historicamente, non é unha cuestión agora pola coxuntura política actual non, pero historicamente apoiouse en partidos nacionalista para o Goberno. Mire, cando Javier Maroto era alcalde en San Sebastián, e recoméndolle que lea as iniciativas que se aprobaron no Concello de San Sebastián, a maioría delas -perdón, quería dicir Euskadi, non quería dicir o nome do Concello, moi ben puntualizado-, pero a cuestión é a mesma, saían adiante co voto de Bildu. Eu insisto, eu creo que o espírito da democracia parlamentaria, e de que existan partidos políticos, é poder falar e tomar decisións que dean unha maioría suficiente para gobernar para a sociedade, e creo que as reivindicacións, tanto independentistas, como de calquera outro xeito, dentro do marco ideolóxico, son correctas, pero é que ese marco ideolóxico, esa visión moi subxectiva que ten o Partido Popular, e agora mesmo a dereita española, dista moito desa visión a certa distancia que a veces permite ter outra perspectiva do que se ten en Europa.

E mire vostede, xa que falamos de bandeiriñas, ademais eu citei esa palabra textualmente, a min non me molesta ningunha bandeira, tampouco me molesta a miña, nin me gusta que ma cuestionen, non me molestan as bandeiriñas, pero claro, cando as bandeiriñas van ligadas a certas mensaxes que creo que teñen pouco encaixe na Deputación, e quen portan esas bandeiriñas son os que máis berran esas mensaxes, e cando esas bandeiriñas, a maioría das veces aparecen con símbolos preconstitucionais, xa non me gustan tanto, cando nos referimos a bandeiriñas, referímonos sobre todo a bandeiriñas que levan símbolos preconstitucionais.

Sra. Gallego Neira

Bandeiriñas inconstitucionais tamén vimos algunhas no seu Partido, pero ben, non terá visto a ningún de nós con ningunha bandeiriña preconstitucional, nunca. Nosoutros non pactamos con VOX, que iso esquecin dicilo antes, en ningún sitio, cero, en ningún sitio, e pactouse con partidos nacionalistas, obviamente, si, claro, pero é que aquí nunca houbera un referendo ilegal, nunca se desobedecera á xustiza da maneira que se fixo, nunca se saltou que se di a Xunta Electoral "quite o lazo", póño, e máis grande, os laciños, xa que falamos de bandeiriñas, e nunca pasara o que está pasando agora, nunca, e ademais nós estamos vivindo o momento agora, agora e o futuro, o futuro dos nosos fillos, o futuro dos nosos netos, e estamos nun momento moi delicado, e estase volvendo a dous bandos, e é perigosísimo, moi perigoso, pero é que aquí quen está poñendo a bomba é outro, e é quen se salta a lei, non é quen quere que se cumpra, eu creo que nos estamos equivocando. Quen se salta a lei, e quen os políticos presos, non presos políticos, cando alteramos a linguaxe é cando estamos poñendo a bomba, cando hai un partido de fútbol e na rúa hai altercados e todo o que tivemos despois da sentenza do procés, iso non era o Partido Popular o que estaba montando alí o follón, verdade?, pois esas son outras bandeiriñas. Grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Dicía vostede, non está Podemos no Goberno?, e eu preguntolle, non é Podemos un partido democrático que contou co apoio de millóns de cidadáns?, pero hai que desprezalo por iso? Eu recordo a noite electoral no que o Sr. Casado dixo claramente que non ía apoiar a investidura, a noite electoral. Polo tanto, o que queira formar goberno terá que buscar apoios, tendo en conta que o segundo Partido en votos e que máis deputados ten, xa acaba de deixar claro que non vai apoiar. Que diga vostede agora que "nosoutros non firmamos ningún pacto con VOX", non sei se que eu vivo noutro planeta, ou que pasa, pero en Andalucía creo que están gobernando vostedes grazas a VOX, en Madrid tamén e en Murcia tamén, e creo recordar, porque penso que foi público, que o acordo para a investidura non foi a cambio de que VOX chegara e dixera, aí teñen o noso voto, non, foi a cambio dunha serie de políticas que están impulsando eses gobernos que VOX puxo sobre a mesa, e que senón non estarían gobernando. Polo tanto, como di vostede de alterar a linguaxe, non alteremos a realidade tampouco baseándonos na utilización da linguaxe. VOX non está nos gobernos co Partido Popular, pero os gobernos do Partido Popular están aí grazas a VOX, que os está apoiando e porque hai pactos para esas investiduras.

Polo tanto, Esquerra Republicana non vai entrar no Goberno de España, non, Esquerra Republicana non vai entrar no Goberno de España, pero pode apoiar a investidura. Aplícolle o mesmo argumento que VOX, VOX non está nos gobernos do Partido Popular, pero apoia a investidura, pois se é válido para vostedes, con todas as proclamas que fai VOX, incluso aquelas anticonstitucionais, ou outras contra as mulleres, permitirá vostede que eu utilice o mesmo argumento para o meu Partido, porque entón non pode dicir vostede unha cousa e a contraria.

Sobre os ministeriales, home, que quere que lle diga, están vostedes como para falar de ministros ou de exministros, porque podo recordarlle o Consello de Ministros do Sr. Aznar, que está practicamente todo no cárcere, ou sexa, que quere que lle comente, o Sr. Matas, o Sr. Rato, etc., etc., imputados ou inhabilitados, e diso temos todos, polo tanto, como diso temos todos, penso que non están vostedes para dar leccións.

Despois fala vostede do Sr. Guerra e do Sr. Paco Vázquez, aos que eu en gran parte incluso admiro nalgunhas cuestións da súa xestión, pero as cousas hai que analizarlas no seu contexto, e o Sr. Guerra estivo nun Goberno que pactou cos nacionalistas cataláns para poder manter o Goberno do Estado, con moitísimas transferencias á autonomía catalá e, polo tanto, iso non foi ningún drama, que pasa?, as cousas hai que analizarlas no contexto político do

momento, loxicamente a toro pasado é moito máis fácil, pero houbo moitos pactos co nacionalismo, do meu Partido e do seu, ao longo de todos estes anos, que igual en gran medida alguén podería dicir que foron os que foron engordando a este bicho, porque moitísimas das transferencias en materia educativa, etc., etc., a defensa dos pais que querían que se educara aos seus fillos en español en Cataluña, fronte a educación só en catalán, foi o Sr. Aznar o que decidiu non recorrer esa lei fronte ao Tribunal Constitucional, e non permitir que o Defensor do Pobo fixera ese recurso, e iso tamén o digo a colación do que comentaban vostedes do dereito dos pais á educación, claro, ese é o problema, que máis ou menos todos temos historia, o meu Partido é o que máis ten de todos porque ten moita, máis de cen anos, o seu unha pouca menos, pero tamén a ten, e polo tanto, para dar leccións de negociación de como chegar ao Goberno, de cesións, non están vostedes, así que imos ser un pouco serios, e se tanto lles preocupa a situación de España, a súa gobernabilidade e que o independentismo non sexa a chave, téñeno vostede moi fácil, remato como comecei, é tan fácil como que o seu Partido garanta a investidura do Sr. Pedro Sánchez, e tema cerrado. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

O dos ministros no cárcere, que se atreva a falar o Partido Socialista neste momento de cárceres, porque teñen uns señores que eran uns afiliados do Partido Socialista en Andalucía, que roubaron a mans cheas, que levaron o diñeiro dos parados, malversación, vale, vale, de malversación, 680 millóns, a maior estafa de España que se recorda, en fin. Repítolle, rompa con Podemos e fale co Partido Popular, entón se pode falar de facilitar unha investidura, rompa con Podemos, mentres durman no mesmo colchón, non, moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

É que acordeime agora, entón, como eu non preparo este tipo de historias, despois véñenme as cousas así por ondatas.

Sra. Gallego, ou calquera persoa do Partido Popular, é que estaba facendo agora memoria. Recorda vostede, despois da primeira investidura falida do Sr. Sánchez, cando Mariano Rajoy, naquel momento candidatable a ser outra vez presidente abriu a quenda de negociacións cos partidos, pódeme asegurar vostede se nesa quenda de negociacións incluíuse ou non a ERC e a CDC, a Esquerra Republicana e a Convergencia Democrática de Cataluña?, foi onte, historicamente foi a semana pasada, si os incluíu, verdade?, e por que Mariano Rajoy pode negociar con todos os partidos do arco parlamentario sexan nacionalistas ou independentistas e o resto non?

Sra. Gallego Neira

Digo que unha cousa é unha rolda de contactos e outra cosa é pactarlles que saian do cárcere, e sabe deus, porque non pactou ningún goberno con eles.

Sr. Lema Suárez

Xa que estamos no momento feirón deste Pleno, e respectando a présa dos meus compañeiros por ir para a súa casa ou para onde teñan que ir, eu creo que é un pouco esaxerado a onde chegamos agora, eu creo que, desde logo, Sra. Gallego, ten que facer vostede memoria respecto dos pactos moi recentes do seu Partido, e despois realmente ese truco retórico de facer equivalentes as posicións de Podemos e as de VOX, o certo é que non son equivalentes, hai un Partido que defende a igualdade entre xéneros, e hai outro que non, hai un Partido que defende os dereitos dos pobos a, dalgunha maneira, buscar saídas dentro a un pacto co Estado, para dalgunha maneira que o Estado español poida solucionar algo que existe, que é a cuestión territorial, e que non se vai resolver unicamente vía Tribunal Supremo.

Acaba de dicirlle Europa, supoño que vostede é consciente diso, ou sexa, supoño que tamén non deixará agora vostede de ser proeuropea a pesar do que acaba de dicir VOX hoxe mesmo tamén. Entón, por favor, non caia vostede, eu creo, no truco retórico de facer equivalentes as posicións de Podemos e as de VOX, porque non o son, entre outras cousas, se vostede usa como marco a Constitución, un deles acata a Constitución e o outro non, porque cando Podemos di que está en contra do Estado das autonomías, desde logo, non é exactamente o contido da Constitución, ou cando VOX, perdón, VOX, di tamén que pretende ilegalizar algúns partidos cunha historia bastante máis longa que a do propio Partido Popular, eu creo que tampouco está exactamente en posicións de pureza democrática.

Lamento, e non quería entrar neste limiar, ou epílogo feirón do Pleno, pero xa que estamos, por que non. En todo caso, eu creo que non son en absoluto equivalentes as posicións de VOX e Podemos e creo que vostede sábeo tamén.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún/a deputado/a

III.Moción dos Grupos Provinciais de PSdG-PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños sobre a problemática da emigración baixo o título "non emigramos, expúlsannos".

Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tés, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten pais.
E téis corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.

No poema Pra a Habana!, a nosa poeta, Rosalía de Castro, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de Cantares Gallegos este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, nos últimos 10 anos (2008-2017 últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo

contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu Pra a Habana! a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade "a Galiza mingüante" e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito os grupos da corporación solicitan do Pleno da Deputación da Coruña que se adopten os seguintes acordos:

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso desde o goberno provincial con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

Sra. Muíño Filgueira

Case non sei por onde empezar, e vou coller para comezar a miña intervención unha frase de Rosa, Galicia a gran esquecida, e eu creo que o espírito da moción que promove a Plataforma Vía Galega, evidencia unha situación que é de emerxencia e de elevada preocupación no país.

Fala de que emigraron en Galicia 216.413 persoas, con idades comprendidas entre 16

e 54 anos, das cales 80.000, aproximadamente, están entre os 16 e os 29, é dicir, a mocidade e o futuro do país. A maior parte delas, persoas xa formadas, con coñecementos, con profesións, que serían o motor e vida dun país que, atendendo aos seus datos demográficos, á súa situación que encabeza as porcentaxes de envellecemento a nivel mundial, unha Galicia que se baleira, que non deixa de perder poboación, considero que non é unha cuestión menor porque falamos, como ben di, si, dun drama persoal, eu entendo que a maioría da xente desexa facer a súa vida no lugar onde pertence, pero efectivamente tamén un drama social xa que estamos xa ante o problema dunha poboación altamente envellecida, practicamente cunhas taxas moi preocupantes de natalidade, pero sobre todo a cuestión estrutural, a causa desta situación, que é a falta de oportunidades para o emprego. Segundo os datos da EPA en Galicia, nos últimos dez anos perdéronse 54.000 empregos, o cal indica que non é para premiarse nin colocar ningunha medalla ás políticas de emprego no país.

O emprego, hai unha chea de plataformas que así o reivindicán, estamos falando de empregos de alta precariedade salarial e de condicións do emprego, entendo que é obvio que é urxente falar e atender á situación da emigración, a perda de poboación no país e tamén as condicións estruturais que se dan ao redor do emprego e o desenvolvemento daqueles sectores estratéxicos que serían unha oportunidade para que os mozos e mozas realmente puideran quedar e á parte desenvolver todo o seu talento e coñecemento para mellorar a situación socioeconómica do país, que boa falta nos fai.

Sra. Aneiros Barros

Moitas grazas, e moi bos días a todos.

A verdade é que a lectura desta moción obríganos realmente case a viaxar no tempo, porque nos leva a hai 150 anos cando se fala da época de Rosalía de Castro, tal e como se expón na propia moción, naquela Galicia do século XIX en que, efectivamente, a emigración converteuse naqueles tempos nun camiño ao que tiñan que recorrer moitas persoas para buscar unha vida mellor, e así foi ata o punto de que Galicia se converteu na rexión española que máis emigrantes achegou a ese intenso proceso migratorio de España.

Pero a verdade é que comparar, como se fai nesta moción, a situación de Galicia, da Galicia de hai século e medio, coa actual, desde logo creo que non é moi afortunado, e máis ben é unha imaxe moi desfasada e moi alonxada da realidade, porque en pouco podemos comparar estas dúas Galicias. E ademais, si me gustaría puntualizar que se está empregando unha información dunha forma nesgada e, desde logo, moi parcial, porque se achegan uns datos pero non se achegan todos os datos tal e como son.

Fálase nesta moción das persoas que emigran de Galicia, pero non se achega, como se debería facer neste período do que se está mencionando, de 2008 ao 2017, non se menciona, por exemplo, o saldo migratorio co exterior, que é un saldo que achega ademais o mesmo organismo que se cita, o Instituto Galego de Estatística, e que é un saldo migratorio positivo.

Nestes dez anos que se citan na moción, o saldo que se arroxa é de 45.000 persoas, é dicir, en Galicia entraron máis persoas das que realmente se foron, e se comparamos ese dato coa franxa de idade que tamén se cita na moción, concretamente entre os 16 e 54 anos, tamén ese dato segue sendo positivo en 17.000 persoas, e incluso podemos acurtalo máis á franxa entre os 16 e 34 anos onde tamén segue a ser positivo con 10.000 persoas. Incluso podemos dar un dato a maiores, e é o fluxo migratorio de Galicia que no último ano tamén foi positivo en máis de 13.000 persoas. Por iso digo que creo que cando se dan datos hai que ser rigorosos e dar todos os datos e non soamente unha parte.

Tamén dicir que outra cousa que non se incorpora nesta moción é que o regreso de

galegos á nosa comunidade tamén creceu no último ano por quinto ano consecutivo, e en concreto o padrón de españois residentes no estranxeiro, o PERE, nos datos de 2019 tamén encontramos que o número de emigrantes se vén reducindo nestes últimos tempos.

Por tanto, se queremos mostrar unha imaxe real, o que temos é que formular completamente todos os datos e non soamente os que poden interesar nun sentido moi concreto. Nesta moción se pretende instar á Xunta de Galicia ante o que se insinúa unha falta de adopción de medidas que pretendan paliar esta problemática, e desde logo nós temos que defender que desde a Xunta de Galicia estanse levando a cabo medidas en todas estas materias, en todas estas áreas que se citan na propia moción, desde o punto de vista da igualdade, da conciliación, do emprego, como tamén se está falando, ou da formación, en concreto tamén se están poñendo en marcha medidas para asegurar que todas aquelas persoas que desexen retornar a esta terra, o poidan facer, e así no ano 2017 púxose en marcha a estratexia "Retorna 2020" para facilitar a volta de máis de 20.000 galegos do exterior, iniciativas cun orzamento de 235 millóns de euros, ou, outro dato, como a Secretaría Xeral de Emigración, que incrementou no orzamento as súas actuacións nun 12% para o próximo exercicio ata superar os trece millóns e medio.

Podíamos profundar máis en medidas concretas de emprego, en medidas concretas de conciliación, de todas estas materias que se citan na moción e que, desde logo, creo que tampouco é necesario, porque se están facendo, se están levando a cabo, e porque, por un lado, se está xerando un alarmismo ao falar dun drama nacional de emerxencia social con este tema que cremos que non é realmente rigoroso e porque, desde logo, desde a Xunta de Galicia se están a adoptar medidas neste sentido, é polo que consideramos que non podemos votar a favor desta moción. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Unhas cantas cuestións. Unha tamén, se se quere, semántica, apelábase na anterior moción a empregar linguaxe acaída cos temas da Constitución, Galicia para algúns non será unha nación, pero tampouco é unha rexión, Galicia cando menos estaría ben que se referiran a ela como autonomía.

Dicía a deputada do Partido Popular, referíase a unha moción extemporánea porque se cita un poema de Rosalía de Castro de hai cento cincuenta anos, a mágoa é que o poema non perdesse actualidade. Aproximadamente na mesma época da publicación de Cantares, Irlanda padecía unha situación moi semellante á nosa, Irlanda é un país co que gardamos moitas concomitancias, non unicamente pola cuestión da emigración, senón por moitas outras, estaba nun proceso de éxodo, non é esaxerado dicilo, sobre todo cara a América do Norte, provocado por unha crise de produción de pataca que era o alimento fundamental para a maior parte da poboación. Ben, cento cincuenta anos despois contemplamos como a demografía irlandesa está nun período explosivo, e a nosa demografía está nun período de absoluto devalo, de receso. Eu creo que hai poucos indicadores máis ilustrativos da situación dunha comunidade que a súa evolución demográfica, a evolución demográfica galega é negativa, é baixísima, temos unha das poboacións máis envellecidas do planeta, probablemente, quitando Xapón xa estaríamos nós encabeizando ese ránking.

É un problema, insisto, un síntoma de cara onde vai este país, e é certo que é un esmorecemento que se vai producindo de xeito progresivo e que, polo tanto, é posible que non cree esa situación de alarma e de urxencia, porque as cousas cando son procesos históricos lentos non tenden a disparar eses sentimentos de alarma e de urxencia, o cal non quita que de xeito lento, de xeito progresivo, Galicia perda poboación, Galicia sexa incapaz de recuperar o vigor demográfico que tivo noutro momento e isto sen dúbida é síntoma de que non se están facendo ben as cousas por parte desa administración, ou da titular desa administración que máis tempo foi responsable da competencia autonómica no noso país.

Comentábanse aquí os datos de poboación activa e demais, claro, os datos nos últimos dez anos son moi ilustrativos, poboación activa 2009, 1.319.000, datos tamén por suposto do IGAE, datos de 2019, 1.239.000, a poboación ocupada pasa de 1.155.000 a 1.095.000. Son datos, insisto, que fan a pintura dun país que progresivamente segue avanzando nese devalo, non é creo unha situación unicamente, estritamente económica, senón que hai outros indicadores, indicadores sociais, indicadores tamén de envellecemento da poboación, indicadores de produción industrial, indicadores tamén, como non, culturais, dan todos esa pintura dun país, é difícil rescatar do IGAE indicadores positivos na súa evolución ao longo dos últimos dez anos, dan esa pintura dun país que pouco a pouco avanza nesa situación de crise, e que probablemente non esperta esa sensación de alarma porque o proceso é lento, o proceso é demorado, pero o proceso é constante e vai sempre na mesma dirección.

Dicía o profesor Antonio Izquierdo, decano e catedrático da Universidade da Coruña, de Socioloxía, que a crise demográfica galega non se soluciona con medidas nativistas, con medidas de fomento da natalidade, cheque bebé ou outras, senón que son unha consecuencia dunha situación económica na cal en Galicia padecemos un mercado laboral fortemente precarizado, tanto desde o punto de vista da seguridade laboral, é dicir, do tempo e da duración dos contratos, como desde o punto de vista dos salarios.

Ante este cadro, por suposto, eses anuncios e esas medidas puramente cosméticas de estimulación da demografía, que creo que incluso garda certas raiceiras relixiosas, católicas, como que dalgunha maneira hai que ter fillos porque si, cando en realidade o que indica é que se o goberno, o Goberno de Galicia quixese estimular e recuperar a demografía do noso país, teríamos que ir pola parte de ter unha economía que florece e tamén un mercado laboral en condicións de supervivencia, ou en condicións que non fosen de supervivencia, como o que padecemos agora mesmo.

Por todo isto, porque lamentablemente o laio de Rosalía de hai cento cincuenta anos non perde actualidade, e porque comparativamente neste período de tempo, poemas semellantes a este en Irlanda, por exemplo, si perderon a actualidade, por todas estas razóns imos apoiar esta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Efectivamente, Sra. Aneiros, os datos que vostede achega son verdade, pero o que se trata aquí é de que estamos a falar dunha moción na que fala dos galegos que marchan, non dos estranxeiros que chegan, porque iso recórdame un pouco a aquela colonización de Serra Morena, do século XVIII, de Carlos III, na que traían alemáns e suízos para colonizar aquela zona de Andalucía, penso que esa non é a solución de Galicia. Está ben que veña xente de fóra, nós cremos que iso é enriquecedor para unha sociedade, pero tamén é máis enriquecedor que os de aquí se queden aquí, e eu recordo como gran achega da Xunta de Galicia nos últimos tempos aquel acto no que o Sr. Feijoo regalaba maletas aos estudantes máis brillantes de Galicia, froito dunha traizón do goberno galego, e digo traizón, non dun dos membros do Goberno galego, senón do propio subconsciente do Goberno galego, que entregaba un diploma cum laude, e ao mesmo tempo dáballes unha maleta, pois iso está no maxín común de moitos dos galegos que recordamos aquela imaxe con certo estupor.

A ninguén se lle escapa que hai unha involución demográfica que, efectivamente, non só afecta a Galicia, senón a todo Occidente, pero si que é certo que no caso de Galicia é moito máis urxente e isto vén ao longo xa de moitísimos anos, e en Galicia, excepción de sete anos, se mal non recordo, todos os demais gobernou o Partido Popular, polo tanto, algunha responsabilidade terá na non adopción de medidas que poidan frear esta involución.

Hai un claro retroceso, como ben dicía o voceiro da Marea, da poboación activa, as competencias en materia de emprego, a excepción daquelas relacionadas coa mina, en materia de industrias, con minas e enerxía, son todas da Xunta de Galicia que, como ben digo, gobernou o oitenta por cento das lexislaturas desta autonomía, o Partido Popular, que medidas adoptaron ao longo de todo este tempo? porque esta situación non vén de agora, vén de moi atrás. Polo tanto, negar esta evidencia, ou polo menos, conformarse con que entran moitos estranxeiros en Galicia para compensar os galegos que marchan, que quere que lle diga?, penso que non se consola o que non quere, evidentemente, pero creo que é triste que quen representa o principal partido político deste país, que é quen goberna a autonomía, se conforme cun dato desas características e o presente como contraargumento ao que se solicita nesta moción, que nada ten que ver con iso, a verdade é que me entristece bastante. Moitas grazas e máis nada.

Sra. Muíño Filgueira

Efectivamente, cando menos resúltame rechamante que nos dea un pouco igual ter da mesma plena actividade, e eu diría que co mesmo dramatismo, unha situación que, efectivamente, se retrataba en Cantares Gallegos hai 165 anos. Digo co mesmo dramatismo porque, aínda que, efectivamente, si están entrando moitas persoas estranxeiras co ánimo de buscar a súa vida aquí no país, tamén é certo que esas 30.249 persoas que, por exemplo, marcharon de Galicia en 2017, maioritariamente non marcharon porque quixeran ou levados polo espírito de aventura, senón por unha tremenda falta de oportunidades, indicativa dun fracaso nas políticas de emprego, especialmente dirixidas á xente moza e formada.

Está aquí o dato, por cada persoa universitaria que chegou a Galicia atraída por algún contrato de traballo, marcharon dúas persoas, é dicir, se viñeron a traballar ao noso país 7.585 licenciados e licenciadas, entre 2008 e 2016, marcharon 15.026 galegos e galegas. Non creo que estes datos indiquen que se estean a facer as cousas debidamente, nin que teñamos deseñado unhas políticas que garantan unha estrutura que dea oportunidades á xente moza pero tamén ao país porque, con independencia das medidas de conciliación que poida haber, eu teño clarísimo que se neste país non hai xente moza non vai haber nenos tampouco.

Sra. Aneiros Barros

Moi brevemente

Eu creo que se están confundindo as cuestións. Hai un problema demográfico, que non soamente hai en Galicia, e o problema demográfico é unha cousa e aquí do que se está a falar é da emigración, que é outra cousa, pero creo que a problemática que se está enfrontando a Xunta de Galicia con ela é precisamente con esa cuestión demográfica e por iso estase traballando na aprobación da primeira lei de impulso demográfico, esa é a cuestión, pero aquí quérese centrar e nada máis que nun tema de emigración cando a problemática vai máis alá do que estamos formulando.

E eu, moi brevemente, como se están cuestionando determinadas medidas, soamente vou dar un dato que creo que é moi importante, como é o das prazas públicas en escolas infantís, que é un dato que se cita precisamente na moción, a problemática da conciliación e demais, e as políticas dalgúns partidos como os que están falando, e é que no 2009, cando finalizaba ese bipartito do Partido Socialista e do BNG, en Galicia había 12.700 prazas públicas en escolas infantís para nenos de 0 a 3 anos, hoxe hai 25.000 prazas públicas en escolas infantís. Ese é un dato, é unha das medidas que se están adoptando por parte da Xunta de Galicia e que demostra a diferenza entre algúns que fan discursos pero que cando lles toca gobernar desde logo é moi contraditoria a política que aplican coa que venden. No 2009 había unha ratio de cobertura dun 21% se temos en conta o que establece a Unión Europea, hoxe hai un 44%, é un dato simplemente como exemplo de que por parte da Administración

autonómica estanse tomando medidas como xa expuxen anteriormente, e centrar o tema na emigración creo que non é a cuestión, a problemática vai moito máis alá e é no que se está traballando. Nada máis.

Sr. Lema Suárez

Por non prolongar o debate, eu creo que se falamos de políticas que favorecen a natalidade e vostede cita as garderías, debería lembrarse tamén do Hospital de Verín cuxa unidade de xinecoloxía acaban de pechar vostedes. É dicir, se vostede quere ir a un discurso de datos e de medidas concretas de fomento da natalidade, mal momento escolleu vostede para gabarse das políticas da Xunta, xusto despois de que pechen vostedes o paridoiro do hospital de Verín, xa que estamos falando disto como se fora unha cuestión de política de natalidade, que é moito máis profunda, pero digo que creo que non foi exactamente moi afortunado levar cara a ese lado o argumentario. Nada máis, grazas.

Sra. Aneiros Barros

Creo que debería de abandonar un pouco a súa postura demagóxica e informarse un pouquiño máis, porque xa se expuxo no Parlamento de Galicia estes días a cuestión relativa a iso, e creo que é mesturar churras con merinas. Nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún deputado/a

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

Moción dos Grupos Provinciais de PSdG-PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños sobre a problemática da emigración baixo o título "non emigramos, expúlsannos".

Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tés, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten país.
E téis corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.

No poema Pra a Habana!, a nosa poeta, Rosalía de Castro, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de Cantares Gallegos este drama dista moito de ser unha

triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, nos últimos 10 anos (2008-2017 últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu Pra a Habana! a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade "a Galiza mingüante" e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito os grupos da corporación solicitan do Pleno da Deputación da Coruña que se adopten os seguintes acordos:

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.
- A creación de emprego digno e de calidade.
- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.
- O compromiso desde o goberno provincial con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratégicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Fernández Mouriño

Trasládanme os compañeiros meus do Partido Popular de Culleredo a solicitude de facer unhas beirarrúas no propio concello de Culleredo na estrada 3104, que vai desde a nacional 550 a Liñares, e o que me piden é que se redacte o proxecto e que se contrate a obra, e cónstame que si o proxecto xa está presentado ou moi avanzado por parte do Concello presentada aquí na Deputación, pero o que si me piden é que se axilice todo o que se poida. É importante porque é un núcleo importante en Liñares desde a nacional 550 ata alí, a Liñares, ao Pazo de San Fernando, e aí transcorre moita xente, agora con isto do colesterol moito máis.

Aproveitando tamén, e xa para non preguntar outra vez, e falando de cousas tamén a 2104 do Concello de Carral que une o que é o núcleo de Carral, a vila de Carral, cunha parroquia que se chama Quembre, esa estrada tamén necesita de beirarrúas, é moi transitada e une eses dous núcleos de poboación. Cando era alcalde levaba pedindo, de feito, Sr. Presidente, acórdase que lle din un bolo de pan cando veu visitar Carral, tamén lle din ese proxecto, e pediríalle tamén que por favor o axilizaran, que o meteran no próximo plan de travesías da Deputación. Grazas.

Sr. Presidente

O proxecto non se fixo porque o bolo estaba moi reseso.

Sr. Fernández Piñeiro

Sobre o rogo, efectivamente, esa xa foi unha proposta que trouxo o alcalde de Culleredo xa hai varios meses a esta Deputación, trouxeron o proxecto e se está a traballar nel, polo tanto saudamos positivamente este rogo que vén reforzar esa proposta realizada polo goberno local de Culleredo.

Sr. Taboada Vigo

Eu teño unha pregunta, un rogo, para o responsable de Vías e Obras. Díxose aquí non hai moitos días que había estradas provinciais que se estaban limpando dúas ou tres veces ao ano, e non hai moitos días tamén lin nun xornal por parte do presidente, entón nós coñecemos ás que se están limpando, eu polo menos, as que se limpan unha vez ao ano, gustaríanos ter unha relación das que se limpan dúas ou tres veces, e as que se limpan unha vez. Nada máis, moitas grazas.

Sr. García Seoane

Simplemente dicir que en relación co Concello de Carral, o noso alcalde, como sabe vostede presidente, quere que cite a vila para expoñerlle estas estradas que sacaban de Quembre, outro, o outro, Paleo, ben, varios lugares, queren expoñerllo e teñen estudos feitos, e polo tanto espero que nese momento o leven adiante.

Sr. Presidente

Alí estaremos. Aproveitar para felicitar as festas a toda a Corporación, a funcionarios, funcionarias, e por suposto a toda a provincia da Coruña en nome da Corporación.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:42 horas.